

Piden solucións á problemática da rúa da Pravia tralo cambio de dirección

O Concello de Vilalba modificou a circulación na rúa da Pravia, facéndoa unidireccional Lugo-Mondoñedo. Esta medida foi tomada por motivos de seguridade tras o derrubamento e incendio dun edificio. Así, aproveitarán para renovar as tubaxes de fibrocemento que configuran a rede de abastecemento de auga instaladas hai máis de 40 anos e nas que xa se produciron rebentóns anteriormente. Esta medida non foi ben acollida polos comerciantes da rúa e a súa contorna, que fixeron chegar á alcaldesa as súas queixas e desenvolveron varias protestas e concentracións. **Pax. 2**

Acampada polo futuro

As auxiliares de Endesa inician unha concentración ante o Concello para reclamar unha transición enerxética xusta e continuidade para o emprego



Traballadores das auxiliares de Endesa iniciaron unha acampada indefinida diante do Concello das Pontes en demanda dunha transición enerxética xusta e pola falta de solucións á continuidade dos empregos e de alternativas de reindustrialización. Con esta nova mobilización, quérese demandar unha transición enerxética e visibilizar a grave situación laboral que están a vivir os traballadores. Esta protesta mantense até obter solucións e opcións de futuro para a vila. Tamén é un complemento ao resto de mobilizacións realizadas, a última unha manifestación polas rúas. **Pax. 8**

vilalba. Rematan as obras de humanización nas Pedreiras. **Pax. 6**

as pontes. Unha vintena de actividades para xullo. **Pax. 12**

friol. O Concello está inmerso en diferentes obras e melloras. **Pax. 14**

cospeito. Anuncian que se fará un estudo da Torre de Caldaloba. **Pax. 16**

guitiriz. Destinados 20.000 euros para axudas escolares. **Pax. 18**

castro. O Concello ten obras en curso por valor de 600.000 euros. **Pax. 20**

abadin. Veciños solicitan unha residencia de maiores. **Pax. 27**

Volve a Meira a Festa dos Coches

Festa dos Coches
18 de Xullo · 2021

Haberá premios, pasarrúas e música. **Pax. 29**

Baamonde recupera o 3x3 burbulla



As inscricións para o torneo xa están abertas. **Pax. 26**

Regresa o Parga Rock en setembro



A organización xa confirmou tres actuacións. **Pax. 19**

Ampliado ata o 15 de xullo o prazo dos Bonos Impulso

A Deputación de Lugo ampliou o prazo, ata o 15 de xullo, para que a veciñanza da provincia poida solicitar os Bonos Impulso. A institución provincial está a repartir 17.000 descontos nomina-

tivos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poden gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano. **Pax.33**



MONTURA DE MARCA +
LENTES MONOFOCALES
Desde 99€

NOVALUX
óptica & centro auditivo

VILALBA
Tel. 982 510 100
Nº R.S. E-27-000351 / E-27-000333

AS PONTES
Tel. 981 45 15 04

Nº R.S. E-15-000024 / E-15-001170



Polémica na rúa da Pravia

Os comerciantes enfróntanse ante o Goberno local por reabrir o tráfico nunha única dirección que o Goberno xustifica na seguridade

O Concello de Vilalba decidiu finalmente abrir a rúa da Pravia, abrir á circulación de vehículos pero nunha única dirección, tras tela pechada durante unha semana por mor do derrubamento e incendio dun edificio. Retableceuse a circulación por un só carril, unidireccional en sentido Lugo-Mondoñedo, por motivos de seguridade. Diante dos edificios afectados polo accidente está habilitada unha pasarela para peóns.

Esta medida, motivou un enfado xeral entre os veciños, que non dúbidaron en achegarse á alcaldesa na demanda de información ante unha decisión que non comparte.

Así, mentres o Concello asegura que os motivos dos cambios provisionais “son por unha situación de emerxencia para garantir a seguridade das persoas e tamén dos inmobles”, os comerciantes non comparten a medida.

Segundo explicaron os representantes do Goberno local, o grupo de goberno tivo coñecemento dun informe que Espina e Delfin entregou ao anterior grupo de goberno no ano 2017, “advertindo do mal estado das tuberías de abastecemento de auga na rúa” e afirmaron “a irresponsabilidade do anterior goberno de non informarnos desta situación”.

En concreto, as tubaxes de fibrocemento que configuran a rede de abastecemento da rúa foron instaladas hai máis de 40 anos e teñen unha vida útil de 30-35 anos, segundo o Centro Nacional de Novas Tecnoloxías, dependente do Goberno.

En anos anteriores producíronse reventóns, concretamente no 2013, 2015 e outro no 2017, unha sucesión de acontecementos que se recollen no informe, solicitado polo goberno actual, á empresa concesionaria. Neste documento do que tivemos hoxe coñecemento, aconséllase o cambio das tuberías no ano 2017.

Por último, o concello transmite de



Arriba a alcaldesa en rolda de prensa. Abaixo, unha das protestas

novo “tranquilidade e confianza aos veciños e veciñas”, afirmando que se tomarán as medidas oportunas coa única intención de prever riscos.

OS COMERCIANTES. Dende o primeiro momento no que se indicou a unidireccionalidade da rúa, os comerciantes uníronse primeiro para pedir explicacións nunha tensa xuntanza na que lle fixeron chegar as súas queixas polos cambios anunciados no sentido do tráfico así como “pola lentitude” para solucionar os problemas como o escape de gas na Casa das Maragatinas.

Os comerciantes aseguran que medidas coma estas están prexudicando gravemente ao sector porque non facilitan a chegada de visitantes e as dificultades de tráfico envían aos veciños das parroquias a realizar

as compras noutros lugares.

“Vilalba é un mercado, e os que están facendo con todas estas medidas é desanimar á xente da contorna que veña facer as súas compras na vila”, era o clamor popular da xornada. Indican que os cambios de dirección afastan aos visitantes do centro da cidade, quitan aparcamentos e causan incomodidade aos visitantes, que empezan a escoller outras vilas para facer as compras.

Afirman tamén que nestes tempos de recuperación da pandemia “están facendo que sexa máis difícil manter os negocios abertos”.

Non faltaron tamén as queixas pola “lentitude” e a “ineficacia” para solucionar os problemas causados polo escape de gas e posterior derrubamento na rúa da Pravia.

Os comerciantes constituíron a pla-



A oposición esixe unha solución

Os dous partidos na oposición, PP e Vilalba Aberta, fixeron chegar as súas queixas esixindo explicacións e un consenso no conflito da rúa da Pravia e reclaman a convocatoria dunha comisión de urbanismo.

Polo tanto, o PP esixe, á maior brevidade posible, unha explicación exhaustiva por parte do equipo de Goberno e a busca do máximo consenso ante unha decisión sobre a céntrica rúa da Pravia “que leva varios días pechada ao tráfico de vehículos causando prexuízos non só aos negocios afectados polo descenso da actividade comercial na rúa; senón tamén a tódolos veciños do noso municipio porque se trata da principal conexión da nosa vila”. A situación de malestar é notoria “porque parte ao pobo en dous”, e “está xerada pola falta de información do goberno local”, demostrando con elo, advirten dende o

PP, “unha prepotencia sen precedentes por parte da alcaldesa, xa que da súa decisión unilateral non informou a ninguén”. Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilalba vén de rexistrar a solicitude de convocatoria urxente da Comisión de Urbanismo ou da Xunta de Portavoces para informar sobre a situación da rúa da Pravia. Así mesmo, pide ao goberno local aportar a documentación técnica, urbanística e viaria ao respecto. En Vilalba Aberta, a súa vicevoceira municipal, M^a Xosé Fernández, afirma “que é algo inconcibible que a veciñanza e os comerciantes non contén nin coa máis mínima información do que o equipo de goberno ten pensado para a rúa”. Lembrou que “unha obra maior como a que se presupón para a zona afectada, debería partir dun consenso amplo”.

taforma PRO Vilalba a través da que están convocadas concentracións e distintas accións públicas de protesta. Así, realizaron concentracións e manifestacións de forma diaria e tamén unha pitada nunha caravana celebrada en xornada dominical. Así mesmo queren saber sobre os proxectos e as actuacións previstas

polo Concello para a normalización da circulación do tráfico rodado, tanto agora como cando se solucione o problema. Ademais de insistir sobre o plan previsto para aumentar o número de prazas de aparcadoiro, solicitan a renovación das instalacións da traída de auga debido ao seu mal estado e antigüidade.

Mercontrol Agroalimentaria

FITOSANITARIOS. ZOOSANITARIOS
 VENDA DE PENSOS, ABONOS, CEREAIS, SEMENTES
 POLOS, POÑEDORAS
 ALIMENTACIÓN, FERRETERÍA
 XARDINARÍA
 MENAXE, FOGAR

Biona

Poigono Industrial de Rábade, Rúa B-Parcela 13
 Tfno. 982 390 857

Vilalba desenvolverá o programa Lecer cultural, con obradoiros, lectura e música

O Concello de Vilalba presenta a súa programación de verán nomeada Lecer Cultural, con actividades adaptadas ao contexto sanitario actual e dirixidas a todos os públicos, especialmente á infancia do municipio. O programa divídese en tres bloques: obradoiros, lectura e música.

Os talleres levaranse a cabo ao longo de todo o verán e inclúiranse actividades de teatro, manualidades, fotografía, monicreques de cartón... Os obradoiros serán extensivos (todo o verán), intensivos de tres días ou puntuais, cunha duración dun único día. O material necesario para a actividade está xa incluído, agás no caso do de fotografía, para o que cómpre levar unha cámara dixital, un móbil, unha tablet ou un dispositivo semellante.

Estes obradoiros diríxense a menores de entre 5 e 12 anos, en función da actividade (en teatro será a partir dos 8 anos, sen límite de



idade), e o seu prezo oscila entre os 2 e os 6 euros. No cartaz, detállanse os horarios e espazos das actividades.

No marco do programa "Ler conta moito", a rapazada poderá gozar de actividades de balde e ata completar aforo, enfocadas á lectura este verán grazas á Biblioteca Municipal. O vindeiro venres 2 de xullo, o espectáculo de narración oral "Outra Vez!" representaráse ás 17:30

na Praza da Constitución, da man da mestra e contadora Vero Rilo. O día 17 de xullo, "Rockeamos todas con Paolas" representaráse ás 18:00h na Praza da Constitución. Un espectáculo familiar con protagonistas femininas, recomendado para cativos e cativas entre 3 e 10 anos, no que se dan a coñecer diferentes historias de superación da desigualdade, de loita polo respecto e a liberdade.

Por último, o 30 de xullo, "Barquiño de Pau" estará ás 17:30h na área recreativa da Madalena. Consiste nun teatro de obxectos e música dirixido á infancia entre 0 e 3 anos. Doutra banda, os serás musicais encherán as rúas de Vilalba de ritmo, con seis actuacións dos grupos locais Buxos Verdes, Lusco Fusco, Charanga de Vilalba, Banda de Gaitas Mato Vizoso, AC Andrade, e Axóuxere de Roupar polo programa da Deputación "Musiqueando", os venres a partir das 21:00h en xullo e agosto. O día 25 de xullo, Día de Galicia, haberá un concerto da Banda de Música de Vilalba. Ademais, a xornada do 10 de xullo dedicaráse ás actividades fluviais propostas pola Deputación de Lugo. "A infancia de Vilalba poderá gozar dunha programación divertida este verán pero sen esquecer o lado didáctico, con actividades que mesturan o lecer coa aprendizaxe", subliña Antía Rama, concelleira de Educación, Infancia e Mocidade.

Abre o prazo e inscrición da Esmuvi

A Escola de Música de Vilalba (Esmuvi) vén de abrir o prazo de inscrición para o curso 2021-2022 para todos os grupos, todas as idades e todos os instrumentos.

A Esmuvi imparte clases de instrumento e linguaxe musical desde os 7 anos e tamén ofrece formación para adultos en diferentes instrumentos: trompeta, trompa, trombón, tuba, frauta traveseira, clarinete, saxofón, percusión, piano, guitarra (todos os tipos), canto, acordeón e batucada. Para aqueles que non dispoñan del, a Esmuvi ofrece a posibilidade de prestar os instrumentos musicais. A Esmuvi contará tamén con cursos de estimulación musical temperá, para pequenos de 12 a 36 meses en familia, iniciación á música e As emocións a través da música, para pequenos a partir de 3 anos. Este ano, ademais, as cotas para trombón e tuba son a metade de prezo e se sortará unha cota gratis entre os inscritos.

Os interesados en ter máis información deberán facelo a través de mail no acescolamusicavilalba@gmail.com e no teléfono 722611471.

O Ceip Terra Chá estrea patio dinámico

O alumnado de Primaria do Ceip Terra Chá de Vilalba conta xa cun novo e animado parque de xogos coa deseño de varios xogos sobre o chan.

Trátase dun patio dinámico a raíz do Plan Proxecta: Proxecto Terra, que foi solicitado polo centro e aprobado pola Consellería de Cultura e Educación o cal financia todo o proxecto, e que consiste en poñer zona axardinada con área de descanso para o alumnado e unha zona de xogos dinámicos no chan.



O barrio de San Xoán apraza ao 6 agosto os concertos das festas

A Asociación Cultural de Veciños do Campo de San Xoán, que recuperou este ano as festas na honra do seu patrón cun programa diferente, anunciou o aprazamento do concerto previsto para este sábado ao próximo 6 de agosto.

A decisión foi tomada debido ás previsións meteorolóxicas, que anuncian choivas durante todo o día. Trátase dunha actividade de rap na praza a cargo de Crzy, Fouce, Sile, Snxr, Poci e Kryme. Salva fará un gra-

ffiti durante o concerto. Pola noite toca concerto de pop-rock a cargo de Nuevo Plan, que tocará música dos 80. Será a partir das 22.30 horas. A celebración do San Xoán deu comezo o propio mércores 23 coa realización dun mural e teatro.

Para asistir ás actividades será necesario a recollida de tickets e esta poderá facerse no Mesón do Campo ou en Embutidos San Juan. A organización lembra que se seguirán todas as medidas anti covid recomendadas.

Vaia, vaia... 50 GIGAS pola cara!

Fibra 1.000 Mb

Móbil 25 GB
+ 25 GB EXTRA
PARA SEMPRE

8€
/mes

DURANTE 4 MESES
Despois 44€

PARA SEMPRE

GIGAS x2
coa tarifa 25GB

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

**Chama gratis ao
900 651 679**
www.adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 01/07/2021 e o 23/08/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 23GB coa promoción, durante os primeiros 4 meses, só pagarás 22€/mes, despois PVP total 44€/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo despois da instalación e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de instalación.

O PP acusa á alcaldesa de gobernar por decreto e de falta de transparencia

O voceiro en Vilalba do Partido Popular e ex alcalde, Agustín Baamonde, acusou ao actual equipo de Goberno, que preside Elba Veleiro, de opacidade. “Chegou promentendo transparencia e se ten convertido no Goberno máis opaco dso últimos anos e na alcaldesa máis autoritaria, xa que todo faise de forma unilateral e sen dar explicacións”, explica. Baamonde insiste en que hai unha obsesión de gobernar por decreto, “eu entendo que o feito de estar en minoría esaxere esta forma de actuar, pero agora mesmo raia no abuso”.

Segundo engade, os alcaldes anteriores tiñan unha media de 200 decretos ao ano pero a alcaldesa actual “presenta 200 en cada pleno, polo que supera os mil ao ano.

Subliña tamén que “ten baleirado de

contido os plenos do Concello e só leva cuestións de rutina e tamén ten reducida a unha cuestión residual as comisións informativas.

O ex alcalde afirma que se arroga as competencias delegadas na comisión de goberno e pleno e ademais, non cumpre cos acordos plenarios. Neste asunto puxo de relevo as axudas “aprobadas hai seis meses e das que nada se sabe”.

Acusou tamén a Elba Veleiro de opacidade nos contratos, cun abuso dos contratos menores “que ofrecen moitos reparos de legalidade por parte da intervención e moi especialmente con contratos importantes como a limpeza de centros escolares e centros públicos. “O contrato da recollida do lixo terminou e dixo que o ía sacar a finais de 2020 pero aínda nada. É o contrato máis grande

do Concello de Vilalba e está situándose nunha especie de alegaldade, porque rematou e nin fai licitación nova nin o prorroga. Recorre á vía de feito, e claro, segue a prestarse pero nunha situación de alegaldade absoluta”.

O ex alcalde acusou tamén de gardar silencio sobre outros temas de relevancia, como o PXOM, a ampliación do polígono, a RPT, etc. “se lles demanda información e contesta con vaguedades”.

Afirma tamén Baamonde que é “un contrasentido e unha falta total de transparencia e autoritarismo que dous anos despois de entrar no Goberno segamos sen presuposto, porque eses cambios que prometeu que se ían realizar non se poden facer cuns orzamentos que non aprobou cando os presentamos nós”.



Reunión cos veciños de Codesido

A presidenta da Xestora, Sanda Vázquez, e outros integrantes da formación -Amador Guerra, Inma Ramudo e José Manuel Barrio-, proseguiron coa rolda de contactos que están a levar a cabo coas distintas asociacións co obxectivo de escoitar as súas necesidades e de recoller a súas propostas.

Sandra Vázquez lembra que escoitar as súas inquietudes era un compro-

miso que asumimos nas distintas convocatorias electorais. Ademais, aproveitaron a reunión de traballo para informar aos asistentes das distintas axudas que lidera a Xunta de Galicia e das que se poden beneficiar as asociacións e colectivos, e incluso a nivel particular. Trátase, di a presidenta da Xestora, de “estar máis cerca dos veciños e ter un contacto directo con eles”.

O Concello porá á venda parcelas no polígono de Entrepinares

O Concello de Vilalba porá á venda as seis parcelas que son de titularidade municipal correspondentes á ampliación do polígono empresarial de Entrepinares.

As seis parcelas suman en conxunto 5.600 metros cuadrados e a fórmula elixida para a venda das mesmas será previsiblemente a subasta previa valoración dos terreos.

Para proceder á venda, o concello só está pendente da recepción dun documento por parte dunha das empresas implicadas nas obras, un trámite administrativo que espera ter solucionado en breves datas.

Ademais destas seis parcelas, o concello encargárase doutros espazos para zonas verdes e aparcadoiro no



polígono. “Con parte dos cartos que o concello reciba da venda das parcelas, faremos outras melloras no polígono, compensando a desatención por parte da Xunta”, engade Fernández.

Vilalba Aberta solicitará en Pleno a RPT do Concello e atención á canceira

Vilalba Aberta ven facer público o rexistro dunha nova iniciativa de cara ao Pleno Ordinario de Xullo. A proposta, que tal e como explican dende a formación municipalista, ten como obxectivo “rematar cos continuados atrasos administrativos, así como cos que día a día se producen na propia xestión dos servizos prestados polo Concello”, pretende, ao tempo, o “necesario reforzo e organización do persoal municipal e o obrigado estudo da duración e a tipoloxía da totalidade dos contratos.” A formación reclamará, así, por segunda vez no que vai de lexislatura, que se desbloquee a elaboración dunha RPT que – lembran – “segue pendente, máis de dous anos des-

pois do cambio de goberno”

O voceiro de Vilalba Aberta, Modesto Renda, asegurou que “existen moitas razóns polas que o goberno local debe desbloquear a RPT”.

CANCEIRA. Tamén fixeron pública unha petición de comparecencia tanto da alcaldesa como do edil de Medio Ambiente, en relación co actual estado da canceira. Unha interpelación directa ao goberno, que dende a formación municipalista vinculan, así mesmo, ao “deixamento de funcións” do Concello, en relación coa súa responsabilidade no que ten que ver co traslado de animais ao Centro de Recollida.

Ademais aportou dúas iniciativas,

por una banda defendeu que a aplicación orzamentaria do Fondo de Compensación Ambiental – que financia o Canon Eólico – reverta directamente nas parroquias, no que resta de lexislatura. Unha proposta que dende a formación municipalista se entende como “prioritaria e de xustiza” e que figuraba xa no acordo de mínimos entre PSOE e Vilalba Aberta, sen que – lembran – “esta fora respectada no contexto do Goberno de Coalición”.

A segunda consiste na a posta en marcha de talleres interxeracionais organizados polo Concello, onde a xente maior transmita a lingua galega vinculándoa á realización de diferentes e variadas actividades.



ACTUALIDAD

Si eres hombre y has accedido a tu prestación de jubilación o incapacidad permanente entre 2016 y 2021...

AUMENTA TU PENSIÓN

Reclama el complemento de paternidad

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.

☎ 982 228 606

📷 veiguelabogados

📌 veiguela abogados



Os traballos de limpeza no leito do río

Limpeza do río Madalena

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, mellora a capacidade hidráulica do río Madalena ao seu paso por Vilalba.

As actuacións en execución axudarán a recuperar o funcionamento natural do río, amortecendo o efecto dos procesos hidrolóxicos, aumentando a súa heteroxeneidade e grao de naturalidade.

Estes traballos dividíronse en 4 zonas de actuación que abarcan máis de 2800 metros lineais de leito, situadas dentro do espazo natural protexido LIC Parga-Ladra-Támoga, dende a ponte da estrada LU-118 ata o Muíño do Rañego.

Nestas 4 zonas realizouse unha mellora na composición da vexetación de ribeira de tal maneira que se eliminan os pés secos ou cun alto risco de caída. Igualmente efectuaranse curtas e podas sanitarias naqueles exemplares, que, por enfermidade, porte ou perigo, necesiten delas.

Tamñén están incluídos os traballos de apeo técnico, que consisten na retirada ou poda sanitaria daqueles exemplares secos con inminente risco de caída; e unha reposición mediante estaquillado e plantación de especies autóctonas naquelas zonas que se atopan máis despobladas de vexetación. As especies preferentes a utilizar serán: *Fraxinus excelsior* (Fresno), *Laurus nobilis* (Laurel), *Salix atrocinerea* (Salgueiro cincento).

Presentáronse 90 traballos ao Certame Literario de poesía

O premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba continúa mantendo unha alta participación e, polo tanto, posiciunándose como un dos premios de referencia na súa 47ª edición.

Co prazo de presentación das obras pechado o pasado 4 de xuño, o Concello de Vilalba contabiliza un total de 90 traballos presentados, dos cales cumpren coas bases do concurso e acéptanse 71. Os traballos mantéñense nas cifras das

obras presentadas en 2020, cando bateuse un récord e se triplicaron os datos de edicións anteriores.

Agora, o xurado será o encargado de decidir a obra gañadora, que se coñecerá previsiblemente o vindeiro 20 de agosto.

“Vilalba consolídase como referencia e punto de encontro para a poesía galega, continuando co compromiso de impulsar e apostar por este Certame”, afirma a concelleira de Cultura, Vanesa Siso.

A Liga Santaballese organiza dous campamentos de verán

A Liga Santaballese está a organizar dous campamentos de verán infantís e xuvenís durante este mes de xullo, con prazas limitadas, grupos moi reducidos e respetando todas as medidas sanitarias.

O primeiro será o Summer Camp, cun prezo será de 50 euros dirixido a rapaces de 6 a 12 anos. Habrá inglés, mates e lectura e a cita é para os xoves de 10.30 a 13.00 horas. Para máis información están dispoñibles



no teléfono 652790220. Por outra banda, habrá un obradoiro teatral para traballar a comunicación efectiva.

Vilalba realizará o desbroce das vías rurais en dúas fases

O Concello de Vilalba realizará os traballos anuais de desbroce e limpeza na súa extensa rede viaria municipal en dúas fases.

En concreto, durante os primeiros días de xullo comezará a primeira fase de desbroce nas principais vías municipais das parroquias. As tarefas consistirán nun desbroce mecanizado, continuando coa política de non utilizar ningún tipo de sulfatos químicos.

Ademais destas actuacións, tamén no mes de xullo realizaranse outros traballos de desbroce en puntos de especial interese das parroquias.

Xa en agosto iníciarase unha segunda fase para o desbroce en profundidade de todas as vías da rede municipal, comezando polas zonas de maior interese forestal, uns traballos que durarán varios meses e que se complementan coa limpeza que realizarán as brigadas forestais en camiños e zonas de especial risco.

“É a primeira vez que comezan tan pronto as tarefas de desbroce en Vilalba, xa a principios de xullo, e ademais impulsaremos a limpeza de zonas de especial interese no rural coa nova maquinaria municipal, recentemente adquirida polo concello”, engade o concelleiro Pavón.

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

Hijos de Ramón Rubal

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



Acto de presentación das obras en Rioaveso

Renovación de viais en Rioaveso e Oleiros e alumeadado en Corvite

As alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e o concelleiro de Infraestruturas, Luis Fernández, presentaron o plan de acondicionamento e renovación de viais de titularidade municipal na parroquia de Rioaveso.

As obras contan cun orzamento de 60.000 euros e inclúen a apertura e limpeza de noiros, rexeneración e sinalización dos tramos de titularidade municipal da parroquia.

As principais estradas que atravesan Rioaveso son a LU-120 (titularidade autonómica), a LU-P-6501 (titularidade provincial) e a LU-P-6514 (titularidade provincial). Entre medias de estas estradas de gran entidade, unha infinidade de vías municipais vertebran o territorio, dando acceso ás vivendas, explotacións e parcelas que se distribúen ó longo de toda a parroquia. As actuacións previstas serán as mesmas para todos os viais: limpeza ou apertura de noiros a ambos lados da estrada, regularización e bacheo da vía con tratamentos bituminoso semiprofundo e renovación da capa de rodadura mediante dobre tratamento superficial en toda a súa superficie.

OLEIROS. O Concello de Villaba in-

forma do remate das obras de rexeneración e sinalización da vía de titularidade municipal 065_010, entre a estrada provincial LU-P-6510 e o límite con Cospeito, situada na parroquia de Oleiros.

A estrada municipal obxecto da actuación parte dende a vía de titularidade provincial LU-P-6510, no encontro co vial municipal 065-421, que da acceso ó núcleo de O Carboeiro. O seu trazado discorre en dirección sureste durante 1.460 metros, cun ancho medio afirmado de 4,60 metros, ata alcanzar o límite do municipio co Concello de Cospeito.

CORVITE. O plan integral de renovación do alumeadado público continúa coa instalación de luminarias con tecnoloxía LED no barrio de Corvite. En concreto, substituirá 23 luminarias de sodio de 70w por novos puntos de luz con LED de 30w. O aforro enerxético será do 80%, rebaixando ademais de forma considerable a contaminación lumínica e as emisións de CO2.

O concello cambiará ademais sete apoios de formigón que se atopaban en mal estado e o cableado de alimentación das luminarias.

Remata a humanización nas Pedreiras e comeza nos Castros

Remataron as obras de humanización da intersección das rúas Pedreiras, Porta da Cima e Pita da Veiga, polo que abre de novo á circulación este espazo de conexión entre a vila e o Auditorio Carmen Estévez.

A intervención consistiu na ampliación do espazo destinado aos peóns nun lugar onde non existía beirarrúa e polo tanto había un claro risco para a seguridade viaria, nunha parte da vila moi transitada polos veciños da zona e pola presenza do auditorio e a escola de música. A obra consistiu na instalación dun novo pavimento homoxeneizado nunha composición en plataforma única para peóns e vehículos na que se empregaron materiais como o granito do país e o formigón, co obxectivo de garantir unha adecuada conservación acorde a o seu uso deste espazo.

Acondicionouse ademais un área de descanso e lecer con bancos, papeleira e fonte, coa instalación dunha pérgola de sombreo para a suxeición de vexetación aromática, que complementa a plantación levada a cabo de arbores de distintas especies (seis jaboneros da China e unha paulownia tormentosa).

Por outra parte, aproveitáronse as obras para facer unha mellora dos servizos urbanos existentes. Substituíronse os colectores de saneamento, instalouse unha nova rede pluviais e tamén una nova rede de subministro eléctrico (ambas inexistentes na zona), reforzándose a rede de abastecemento de auga pública. Instalouse una nova rede de alumeadado público mediante canalizacións e novos farois e mellorouse o alumeadado existente na zona. Tamén se levou a cabo a ampliación da rede do servizo de telecomunicacións da área e mellorouse a sinalización vertical e horizontal.



Estado da zona das Pedreiras

“Agora temos un espazo que semella máis unha praza que unha rúa, onde terán prioridade os peóns e os vehículos só poderán circular a baixa velocidade, sen posibilidade de estacionamento”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas. A intervención afectou a un área de aproximadamente 940 metros cadrados e as obras supuxeron un investimento de 108.084,30 euros. O Concello de Vilalba ven de sacar a licitación a segunda fase desta intervención coa que se completará a reforma integral da Rúa Pedreiras, unha actuación demandada pola veciñanza na que se levará a completa substitución de pavimentos, ampliación das beirarrúas e mellora dos servizos urbanísticos.

OS CASTROS. Por outra banda, xa ten listo o proxecto para humanizar a Travesía dos Castros e as obras comezarán a curto prazo, co obxectivo de darlle prioridade aos peóns sobre os vehículos, gañar espazo público para a veciñanza e mellorar a imaxe da zona, que na actualidade atópase moi degradada.

En concreto, a actuación realizarase na Travesía dos Castros dende o seu

cruce coa rúa do Calvario ata o cruce coa avenida da Terra Chá, unha zona céntrica con forte presenza de vehículos e pouco espazo para os peóns. A actuación para mellorar o entorno inclúe ademais a renovación do alumeadado público con tecnoloxía LED, a instalación de mobiliario urbano e un incremento das zonas arboladas e verdes, hoxe en día inexistentes. Para priorizar o espazo da travesía para os peóns, o Concello transformará a actual calzada nun espazo de plataforma única, cun ancho de paso para os vehículos de 3,30 metros. sentido da circulación manterase dirección Avenida da Terra Cha hacia Rúa Calvario. O orzamento do proxecto ronda os 142.000 euros e conlevará tamén a posta en marcha dunha nova rede de saneamento na Travesía dos Castros.

Todos os materiais da actuación serán novedosos, cunha calzada en plataforma única con capa de rodadura de cor, zonas coreadas con pintura epoxi para exteriores, un espazo público con solera de formigón armado con acabado de formigón lavado desactivado de grano fino color verde, e xardineiras de formigón con taboleiros de madeira de pino.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

DISTRIBUIDOR OFICIAL



STARK
BY ASSAFL



DESCUENTOS ESPECIALES...



...desde un 70%
en rodamentos
populares

...y desde
un 60%
en correas
industriales



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com



Vilalba avanza na
accesibilidade,
humanización e
modernización
dos espazos
públicos



**O Concello de Vilalba
inviste máis de un
millón de euros
nunha anualidade**



O Concello de Vilalba
mellora as vías de
comunicación do rural



Concello de Vilalba

Nova edición do premio Hume de investigación

A asociación de Estudos Históricos e Sociais vén de convocar unha nova edición do premio Hume de investigación, a VI. Como en anos anteriores, os temas da investigación versarán sobre aspectos históricos, artísticos, arquitectónicos, etnográficos e do patrimonio cultural do Concello das Pontes de García Rodríguez ou concellos colindantes. O prazo de presentación de traballos xa está aberto e rematará o 30 de novembro e a entrega do premio será a primeiros do ano 2022. Concederá un primeiro premio de 3.000 euros, un segundo premio de 1.500 euros e dous accesit de 200 euros. Os traballos presentados, sexan premiados ou non, poderán ser publicados na revista Hume e pasarán a formar parte do fondo documental da asociación.

Clamor nas rúas pontesas para esixir unha transición enerxética xusta

Traballadores das auxiliares de Endesa iniciaron unha acampada indefinida diante do Concello das Pontes en demanda dunha transición enerxética xusta e pola falta de solucións á continuidade dos empregos e de alternativas de reindustrialización. Con esta medida, queren denunciar a "absoluta indiferenza" dos gobernos ante a grave situación laboral e a ausencia de alternativas que xeren postos de traballo no curto prazo.

A coordinadora de auxiliares (CIG, UGT e CCOO) quere demandar así unha transición enerxética que sexa realmente xusta para o que, de maneira ineludíbel, debe carrexar solucións de emprego para o persoal das auxiliares e o colectivo de transportistas e proxectos industriais.

As centrais denuncian a absoluta indiferenza dos gobernos e a ausencia de políticas públicas para dirixir este proceso de reconversión e que a transición non supoña "unha demolición", pois "ao longo destes meses de reivindicacións e protestas non artellaron ningunha solución máis aló de palabras baleiras". A acampada manterase "até obter solucións a este gravísimo conflito laboral que deixa sen opcións de futuro a toda unha vila" e para demandar de Endesa, da Xunta de Galiza e do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico propostas concretas en firme con prazos definidos.

MANIFESTACIÓN. Esta acampada iníciase como medida de presión tras a celebración de varias concen-



Un momento da marcha realizada nas Pontes

tacións na comarca. Recemente, o pobo das Pontes volveu saír á rúa para reclamar unha transición enerxética realmente xusta e que este proceso non se materialice nin a conta do desemprego dos traballadores nin a conta de hipotecar o futuro industrial e social da localidade. Centos de persoas acudiron a esta concentración, que se fixo coincidindo co remate do prazo das garantías de emprego dadas por Endesa, "mais sen que exista ningunha alternativa nin proxecto para o man-

temento dos postos de traballo e a reindustrialización", afirman. "Xa hai empresas que anuncian trasladados e outras directamente despedimentos, de maneira progresiva, segundo os traballos que quedan por realizar e as necesidades que haxa", advirten e engaden que o peche da central térmica non se vai efectivizar agora, polo que se demanda de Endesa que prolongue os acordos de emprego durante o tempo que dure a tramitación administrativa do expediente de cese de actividade.

Alumnos e comerciantes, unidos no estudo da pegada de carbono



Os estudantes e os comerciantes do proxecto

Durante os últimos meses, os alumnos do IES Moncho Valcarce, en colaboración co Ceida (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), estiveron aprendendo e traballando sobre a pegada de carbono e o seu impacto ambiental. Varios establecementos asociados a Cohempo foron elixidos

entre os seus alumnos para levar á práctica o aprendido, mediante o uso da calculadora Carbon Footprint. Unha vez rematada esta actividade, os alumnos do Moncho Valcarce entregaron aos comerciantes os seus carteis os cales mostran cal é a súa pegada de carbono e tamén lles deron algúns consellos para reducilas.

Remata a nova edición do plan de Atención á Infancia



A concelleira Tania Pardo, na clausura do programa


A concelleira de Educación, Tania Pardo, clausurou onte, unha nova edición do programa de atención educativa á infancia e adolescencia posto en marcha fai case unha década polo Concello. Trátase dun programa que ten como obxectivos

prioritarios dinamizar e fomentar a aprendizaxe a través de actividades que permiten traballar aspectos clave para o desenvolvemento dos menores como son a autoestima, a motivación, o compañeirismo ou a solidariedade.

A presidenta de Adif visitou o polígono das Pontes

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado da Presidenta de Adif, Isabel Pardo de Beira Pousada, visitaron a sede de Arteixo Telecom para coñecer as instalacións e traballo desta empresa prestadora de servizos tecnolóxicos para a propietaria da infraestrutura ferroviaria de España. A empresa, situada no polígono industrial de Penapurreira, implementada no municipio a través do Ministerio de Industria, é responsable da fabricación dos sistemas de comunicación tren-terra dos ferrocarrís españois. Un sistema que permite a comunicación en tempo real de cada tren co centro de mando correspondente e que, na actualidade, xa está instalado en máis de 12.500 quilómetros da rede ferroviaria española (Adif e Adif AltaVelocidade).

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DIQ** EN RÁBADE
Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Rehabilitación de firme LU-P-6510 que une os núcleos de Panchita e Oleiros, en Vilalba.

A institución provincial inviste 150.000€ nestes traballos, que se desenvolveron en máis de 4,5 quilómetros, e consistiron na reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e sinalización horizontal.

MELLORANDO OS SERVIZOS E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA

En CHOLO, S.L. abarcamos todos os ámbitos da obra civil e industrial; sendo nosas especialidades as urbanizacións, canalizacións de todo tipo, pavimentacións asfálticas, desmontes, centrais de produción enerxética...



**CONSTRUCCIONES
CHOLO**



OBRA PÚBLICA E PRIVADA

As actividades centrais da nosa empresa son a obra civil e industrial; dirixida tanto aos diferentes organismos públicos como a clientes privados.



CANTEIRA

A nosa canteira está situada entre Rábade e Vilalba (Lugo), na estrada LU-541, 10. Nesta canteira extraemos ao descuberto materiais de orixe silíceo, como áridos para a construción e áridos para gando.



CONTENEDORES

Realizamos a retirada de residuos de construción, demolición e industriais non perigosos; e o seu posterior traslado a unha planta de xestión autorizada.



Apoio do Goberno local á alianza de Reganosa e EDP Renovables

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, realizou unha valoración moi positiva do anuncio da alianza entre Reganosa e EDP Renovables para a materialización dun proxecto de enerxías renovables na comarca de Ferrolterra, cun investimento de 780 millóns de euros e que inclúe a construción dunha planta de hidróxeno e unha central hidroeléctrica de bombeo en As Pontes, así como os proxectos anunciados por Endesa para o futuro do municipio.

Así, o rexedor local, sinala que este proxecto “supón para As Pontes, para a comarca e para Galicia a constatación de que As Pontes foi durante moitos anos unha referencia en xeneración de enerxía convencional e que segue a ser un punto estratéxico no novo modelo enerxético da Unión Europea e do Estado”.

“A confirmación dos proxectos que plantexan as grandes firmas enerxéticas como Endesa, EDP e Reganosa suporía converter a esta vila nunha referencia nacional do almacenamento e dixitalización da capacidade enerxética do sistema eléctrico” engade González Formoso, que de todos xeitos subliña que o importante e que estes proxectos “se concreten en realidade”.

Por outra banda, o rexedor local avanzou que estes proxectos contarán co apoio da localidade “sempre



Valentín González Formoso

que adquiran tres compromisos irrenunciáveis: o compromiso cos afectados pola descarbonización, os empregados directos e indirectos da central térmica e cun colectivo moi afectado, como son os transportistas do carbón. Por outra parte, o compromiso co talento e o coñecemento da nosa mocidade para que teña oportunidades laborais e non teña que emigrar. Por último, un compromiso coa sustentabilidade e o respecto ao medio”.

“Modelos de xeración enerxética a partir dunha nova tecnoloxía que está sendo unha gran aposta e tamén coa tecnoloxía de almacenamento e a dixitalización da enerxía como fórmula de garantir a eficiencia dunha materia prima vital para o noso modelo social” concluíu González Formoso.

O lago das Pontes xa loce a súa primeira bandeira azul

O Concello das Pontes izou onte a bandeira azul na praia do lago, nun acto no que estivo presente a concelleira de Turismo, Elena López xunto con outros representantes do goberno local.

Con esta distinción, o lago das Pontes convértese na primeira praia interior da provincia da Coruña e a segunda de Galicia en recibir este galardón e nun símbolo de eco-calidade turística recoñecido en máis de sesenta países de todos os continentes.

Este distintivo acredita a calidade das augas e das instalacións e servizos que se ofrecen ás persoas usuarias e compromete ao Concello das Pontes a manter uns estándares de calidade baseados nun estrito criterios ambientais, educativos, de seguridade e accesibilidade que supoñen unha garantía para toda a veciñanza e para as persoas visitantes que se achegan ata a praia do lago.

Elena López, concelleira de Turismo, amosou a súa satisfacción pola obtención deste galardón “que sitúa a As Pontes no mapa do turismo internacional e e sinónimo do traballo ben realizado en



Representantes do Concello, coa bandeira

materia de seguridade e medidas medio ambientais”.

Para acadar estar bandeira azul o Concello das Pontes tras amosar o seu interese nesta acreditación e recibir a visita unha inspectora da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac), presentou, no mes de novembro de 2020 a candidatura oficial acompañada dun dossier xustificativo da súa proposta así como unha completa memoria de actividades e información sobre a praia do lago. A partir deste concesión, a praia do lago de As Pontes deberá someterse a un esixente protocolo de seguimento e avaliación.

“Desde o Concello das Pontes levaremos a cabo todas as actuacións necesaria para cumprir con todos os requisitos que esixe a Adeac para manter este distintivo que avala a importancia de potenciar o noso lago como recurso turístico e os valores medio ambientais do noso municipio”, subliñou a concelleira de Turismo.

HORARIOS. O Concello das Pontes mudará dende mañá o horario de atención na biblioteca e tamén o tempo de desfrute da zona do Lago. Deste xeito, no Lago, permitirase o seu uso dende as 8 ata as 24 horas de luns a domingo entre os meses de xuño e setembro.

Comeza unha investigación sobre cogomelos silvestres

O Concello das Pontes veén de iniciar os traballos de identificación e análise da situación actual do sector dos cogomelos silvestres nas Pontes. Esta investigación ten como obxectivo coñecer as potencialidades deste sector en materia cultural, económica e ambiental co fin de poder mellorar e aumentar os aproveitamentos sociais destes recursos naturais.

A concelleira Elena López, responsable do proxecto, destacou que “nos derradeiros trinta anos, a micoloxía pasou de ser unha actividade minoritaria, de escasa importancia, a ser un aproveitamento socioeconómico que move cada ano miles de toneladas de produtos comercializados e mi-



llóns de euros en España, o que o converte nun potente atractivo para o desenvolvemento rural”.

Así mesmo, comentou que “en comarcas como a das Pontes, as características climatolóxicas e morfolóxicas, xunto coa promoción micolóxica realizada a través da Feira de Fungos e Cogomelos, fixo que xurdira unha cultura micoló-

xica entre a poboación local. Con este proxecto buscamos retomar a ilusión da veciñanza promotora desta feira e crear sinerxias no ámbito sociocultural, ambiental, económico, sen esquecer o micoturismo, que permitan desenvolver e promocionar novos recursos para o territorio”. Nos meses de outono, prevese a realización dunha serie de obradoiros e encontros con persoas afeccionadas da comarca e con especialistas en micoloxía de recoñecido prestixio no ámbito galego e español.

Para todas as persoas interesadas en participar neste proxecto, o Concello habilitou o teléfono 604 025 160 e o correo electrónico terradecogomelos@gmail.com.

Crean unha aplicación de escape room sobre historia e patrimonio

O Concello das Pontes presentou unha aplicación de escape room que leva por nome As Pontes Misteriosa, unha alternativa de ocio, xogo e diversión, que permitirá ás persoas participantes coñecer máis polo miúdo a historia e patrimonio do municipio.

Elena López, concelleira de Turismo, apunta que se “trata dun proxecto novedoso orientado a un público infantil e xuvenil no que se une educación e lecer a través dunha ruta mapeada e guiada mediante pistas e enigmas. Cada participante diríxese a diferentes espazos e puntos claves do municipio ao tempo que descubre a nosa historia e patrimonio”.

Este xogo para os móbiles nace como unha forma diferente, divertida e orixinal de amosar As Pon-

tes, adaptada ás circunstancias da pandemia xa que está deseñada para que se poida xogar de forma individual e sen límite de tempo, evitando así concentracións.

Trátase dun sistema de xogo auto-guiado que se inicia na Biblioteca Municipal, a primeira das vinte localizacións clave na vila. En cada unha delas preséntase un enigma ligado á historia, ás personaxes ou ao patrimonio histórico e natural do municipio.

A solución dese enigma leva á persoa participante ao seguinte punto ao tempo que recibe pistas para resolver o misterio final. Con cada logro conseguido o sistema acumula puntos para elaborar un ranking que engade un aliciente para todas aquelas persoas ás que lles gusta a competición.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilaalba (Lago)
Tel: 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformacións agrarias
Desbroces y plantacións de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE
SERVICIOS AGROFORESTALES

A piscina das Pontes estrea o seu ximnasio



Supervisión da finalización das obras da piscina e o ximnasio

O ximnasio da piscina municipal do Concello das Pontes abriu as súas portas, tras a finalización dos traballos de acondicionamento de toda a instalación deportiva, obras que tiveron un investimento de 347.500 euros con cargo á Deputación da Coruña.

Este traballos permitiron crear un único espazo deportivo, independente ao vaso da piscina, no primeiro piso da instalación deportiva municipal, dotado dun sistema de ventilación que permite dispor dun ximnasio máis cómodo, cunha temperatura axeitada e unhas condicións saudables e idóneas para a práctica deportiva.

Deste modo, a sala de máquinas deixa de estar dispersa entre o andar baixo e o primeiro andar, deixando

libre a sala de ximnasia e dando así resposta ás demandas das persoas usuarias da instalación municipal.

Para a reapertura do renovado ximnasio, o departamento de Deportes elaborou un protocolo covid específico coa finalidade de garantir a seguridade e a saúde das persoas usuarias das instalacións.

Así, o aforo do ximnasio quedará limitado a un máximo de 6 persoas cada hora e o tempo máximo de estancia na instalación será de 60 minutos, desde a entrada na instalación ata a saída.

Debido ás limitacións de aforo e ás restricións estableceuse un sistema de cita previa, idéntico ao establecido para o uso do vaso da piscina, co obxectivo de organizar cada xornada.

Segue a instalación de caldeiras de biomasa nos edificios públicos

O Concello das Pontes segue avanzando na súa aposta por mellorar a eficiencia enerxética e promover o aforro enerxético no termo municipal coa instalación de caldeiras de biomasa nos edificios de titularidade pública que se suman á instalada no Pavillón Polideportivo Municipal e nas asociacións veciñais de diferentes parroquias pontesas.

Así, durante o mes pasado procedeuse á instalación, na Casa da Enerxía e no Conservatorio, de dous novos equipos de produción de calor, de última xeración e alta eficiencia, baseados no consumo de enerxía renovable, seguindo os parámetros establecidos no Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios (RITE) e o Código Técnico de Edificación (CTE).

Previamente a instalación das caldeiras de biomasa, procedeuse á adaptación da sala de caldeiras, realizando os traballos precisos para situar os silos, as chemineas e sistemas de ventilación, os sis-

temas automatizados de alimentación así como os sistemas de control da instalación (centralíña, cadro eléctrico e equipos de indicación de datos, etc.)

Asemade instaláronse sistemas automatizados para a combustión de pellets que permitirán o subministración automática de combustible para a caldeira, a retirada automática de cinza do depósito de cinza, a limpeza automática do intercambiador da caldeira, a telexestión e programación.

No caso da caldeira do conservatorio, o aforro económico estimado será de 18.000 € ano, evitando a emisión de 28 TCO₂/ano á atmosfera. No caso da Casa da Enerxía, acadarase a climatización de todo o edificio polo mesmo custe co que ata o de agora só se estaba a climatizar dúas das oficinas en uso; evitando a emisión de 15 TCO₂ á atmosfera. Estas actuacións supuxeron un investimento de 95.668,84 euros.

Neboa organiza dúas acampadas na natureza en Vilarbó

A asociación Neboa volve a organizar este ano as XXXIII Acampadas Inter-municipais na Natureza en Vilarbó, para as que o prazo de inscrición está en marcha na segunda quenda e que teñen como eixo fundamental o medio ambiente e o contacto dos máis novos con ela.

Por motivos hixiénicos sanitarios a formalización da matrícula farase a través do correo electrónico – escola@neboa.org – agás a entrega da declaración responsable cuio orixinal será entregado asinado o día de chegada dos participantes.

Terán preferencia os participantes do concello organizador e concellos colaboradores e logo o resto dos participantes por riguroso orde de chegada.

O campamento multiaventura rematará o 18 de xullo, para rapaces de 9 a 16 anos e ten un prezo de 220€ para os empadroados nas Pontes e de 255€ para o resto.

O campamento Robinson será entre o 22 e o 28 xullo, para os máis pequenos, de 6 a 8 anos. Custará 140€ para ponteses e 165€ para o resto.

Para matricularse pódese chamar ao pavillón polideportivo 981 452 602 e recibir máis información ou aclaracións chamar ao teléfono 981 347 690.

concellodefriol.es

Un Paseo por el
Corazón Verde
de Galicia

CONCELLO DE
FRIOL

CAMINO DE SANTIAGO · PATRIMONIO MEDIEVAL, MEGALÍTICO Y NATURAL · TIERRAS DE QUESO Y PAN

Completo programa con aforo

O Concello convoca para xullo unha vintena de actividades que se levarán a cabo principalmente no colexio Santa María

O Concello das Pontes pon en marcha, a partir do 10 de xullo, un programa cultural, conformado por máis dunha vintena de actividades, de pequeno formato, no que se conxuga o lecer coas medidas sanitarias en vigor.

Así, a programación desenvolverase no patio do colexio Santa María, unha ubicación, que en palabras do responsable de Cultura, Vicente

de cada actividade estará limitado a un máximo de 400 persoas, e público deberá permanecer sentado e sempre con máscara, non estando permitido fumar, beber ou comer no recinto.

Para acceder ao recinto será preciso retirar as invitacións – no caso das actividades de balde- ou mercar as entradas, que xa están a disposición do público, a través da páxina web www.ticketentradas.com.

SON AS PONTES. O xoves, 15 de xullo, arrancará o Festival de Música Clásica Son As Pontes, organizado polas Xuventudes Musicais da Coruña, en colaboración co Conservatorio Municipal de As Pontes. Desde o 15 ao 20 de xullo, decenas de artistas invitados e alumnado, que participan no ciclo de novas promesas, achegará aos ponteses e pontesas a música de cámara do máis alto nivel. Concertos de vento, de guitarra, cuartetos con piano, pezas de Schubert, Beethoven ou Strauss son algunhas das propostas deste festival do que se poderá gozar na Casa Dopeso, no Cine Alovi e ao aire libre, na praza da Igrexa de Santa María. O venres, 16 de xullo, a compañía de teatro local o Catre actuará ás 20:30 horas no Cine Alovi e ás 22:00 horas, no patio do colexio Santa María será a quenda para o grupo de rock León Benavente, coa súa xira de verá 2021, na que farán un percorrido polo seu repertorio musical entre o que destacan temas como Gloria, Ánimo Valiente, Revolución ou Ser Brigada.

O sábado, 17 de xullo, para as crianzas haberá música da man de Uxía Lambona e a Banda Molona, que chegan ás 12:30 horas, ao patio de Santa María co espectáculo Astronauta Sideral, onde nenos e nenas

xunto con extraterrestres non poderán parar de bailar e cantar a ritmo de cumbia, ska ou rock&roll e outros estilos musicais, recuperando a música tradicional e actualizándoa.

Ese mesmo día, a partir das 21:30 horas, no patio de Santa María, a veciñanza poderá gozar co Euterpe, agrupación coral conformado por antigo alumnado do conservatorio municipal que recuperan temas da década dos anos 90 para darlles o seu toque persoal, e co coro feminino, Sisters in the House cun repertorio que abarca desde temas pop dos Beatles ou Beyonce, pasando polo rock dos Rolling Stones ou o soul clásico de Ray Charles, Stevie Wonder e Aretha Franklin, así como unha sección de cancións populares galegas como A Rianxeira, Negra Sombra ou O tren.

O domingo, 18 de xullo, ás 12:30 horas, tamén no patio do Colexio Santa María haberá un concerto da Banda Cultural e Recreativa das Pontes e xa pola noite, ás 22:00 horas, será a quenda para a orquestra Os Satélites e Sito Sedes.

A programación cultural continuará o luns, 19 de xullo, ás 12:00 horas, no patio de Santa María, co concerto infantil Paio e o poder da música a cargo de Oviravai, no que Paio, o teixugo, Aureilo o oso e Armando o armadillo van descubrir o poder da música e a amizade e a importancia de coidar do planeta. Xa pola tarde, ás 19:30 será a quenda para o Festival Internacional de Folclore que contará coa participación de grupos de Galicia, Perú, Illa de Pascua e Senegal.

Por outra banda, desde o día 17 ao día 19, haberá pasarúas a cargo dos grupos tradicionais Canavella, No Cómbaro, Os Ferozes da Galguiera e Os Trevillas.



Imaxe de arquivo dun concerto do ciclo Orballo Cultural

O martes, 20 de xullo, a partir das 19:00 horas, haberá actividades para as crianzas da man de Pablo Díaz e o seu espectáculo Canta Música e de Pablo Mendez Performances con Transformers, a partir das 19:45 horas.

O día 21 continuará a programación para o público infantil coa obra de teatro A verdadeira historia de Hamelin da compañía Moc Moc, ás 19:30 horas, na que a través do humor e a participación do público, as persoas asistentes coñecerán de verdade o que sucedeu en Hamelin. Despois dun breve descanso, a programación voltará o día 24 de xullo coa compañía, Gramola Gominola e o seu espectáculo Bravas. O rexurdir

da luz no patio de Santa María, ás 12:30 horas e co concerto de Queindiole e Pelepau ás 21:00 horas. Ademais ese mesmo día, voltarán os pasarúas dos grupos tradicionais Canavella, No Cómbaro, Os Ferozes da Galguiera e Os Trevillas.

O día 25 de xullo, aas charangas Ardores, Charangos, Os Celtas, Santa Compañía, La MeKánica, Louband e BB animarán as rúas da vila.

A programación deseñada polo departamento de cultura finalizará o día 31 de xullo co concerto do grupo local Jin Tony's Son, ás 12:30 horas no patio do colexio de Santa María e co actuación, ás 22:00 horas de Greats Straits co seu tributo a Dire Straits.

O Orballo Cultural achega este mes varios concertos

O Orballo Cultural pontés comezará o sábado 10 de xullo cunha sesión vermú ás 12.30 horas amenizada por Verto, o grupo sensación do panorama musical galego. Cos seus ritmos pop, trap e disco farán difícil non erguerse das cadeiras. Comezaron con Oie Gayego ou Rebolando x ti e tras o seu exitoso primeiro EP, Puro Ocio, estes dous rapaces están presentando o seu primeiro álbum Embora, que xa acumula milleiros de escoitas en Spotify. Ese mesmo día, ás 21.30 horas, Ptazeta, autora de temas virais como Mami ou Trakata, dará o seu primeiro concerto en Galicia. Con tan só 22 anos, ábrese camiño no mundo da música urbana manifestándose a través de diferentes estilos musicais, pero sobre todo mediante o rap. A canaria xa conta cun disco de ouro e outro de platino, mentres que as súas reproducións sitúanse xa en máis de dous millóns de ouvintes mensuais na plataforma Spotify. Cando este remate, será a quenda para que o pontés Manufoña sobre o escenario música que define como aleatoria e variada. Este prometedor artista

da nosa vila narra os feitos que acontecen arredor da súa vida con ritmos saltinvaquis e un estilo dificilmente clasificable en ningún xénero musical concreto. Esta será a primeira ocasión para velo en directo, logo de que o inicio da súa carreira musical se vira influenciado pola pandemia.

O domingo ás 12.30 horas serán Baiuca e a súa banda quen amenicen a xornada ca súa renovación da música tradicional galega. A recuperación destes ritmos, mediante a música electrónica de vangarda con estruturas pop.

Solpor, o seu primeiro álbum, converteu a Baiuca no referente da folktrónica.

As entradas para este festival poderanse adquirir a través da plataforma www.ticketentradas.com. A data de inicio para a súa posta a venda está suxeita ao coñecemento das novas medidas sanitarias. O Concello informará a través das súas canles habituais de comunicación a data do comezo desta venda.

Estes concertos celebraranse no Patio do Colexio Santa María os días 10 e 11 de xullo.



Roca “nos permite dispoñer dun espazo acotado que facilita o control de acceso do público, o mantemento da distancia interpersoal, garantindo que se cumpran as medidas establecidas polo goberno autonómico no protocolo de espectáculos ao aire libre fronte a covid-19”.

Co obxectivo de garantir o control de aforo e a distancia de seguridade entre o público asistente, o aforo

OPTICALJA CALLAO

FERROL | NARÓN | ORTIGUEIRA | AS PONTES | LUGO

Avda. Galicia, 49 · Tel. 981 452 270

www.opticaliacallao.com

Programación Cultural Xullo_2021

As Pontes

Orballo Cultural

Baiuca, Ptazeta, Verfo, Manufa



10 e 11 de xullo
 consultar De pago

O Catre

Presenta: "Sen titular"



16 de xullo
 20:30 horas De pago

Pasarrúas tradicional

Canaveila, Na Cómbaro, Os Ferozes da Galguelra e Os Trévilas



17 a 19 e 25 de xullo

Euterpe

Coro



17 de xullo
 21:30 horas De pago

Banda das Pontes

Concerto



18 de xullo
 12:30 horas De pago

Son As Pontes

Festival de música clásica



18 a 20 de xullo
 consultar sonaspontes.com

León Benavente

Concerto



18 de xullo
 22 horas De pago

Uxia Lambona e A Banda Molona

'Astronauta Sideral'



17 de xullo
 12:30 horas De pago

SISTERS in the HOUSE

Concerto



17 de xullo
 22:30 horas De pago

Os Satélites e Sito Sedes

Concerto



18 de xullo
 22 horas De pago

Oviravai

'Paio e o poder da música'



19 de xullo
 12 horas De pago

Pablo Díaz e Pablo Méndez

'Cantomúsical' e 'Transformers'



20 de xullo
 19 horas De pago

Gramola Gominola

'Bravas. O rexurdir da luz'



24 de xullo
 12:30 horas De pago

Charangas

Ardores, Charangas, Os Celtas, Sta Compañía, La Mekánica, Louband e 88+



25 de xullo
 Pasarrúas

Great Straits

Tributo a Dire Straits



31 de xullo
 22 horas De pago

Festival Folclórico Internacional


Galicia, Perú, Illa de Pascua e Senegal



19 de xullo
 19:30 horas De pago

Moc Moc

Teatro infantil



21 de xullo
 19:30 horas De pago

Quenindiole e Pelepau

Concertos de folk



24 de xullo
 21 horas De pago

Jin Tony's Son

Concerto rock



31 de xullo
 12:30 horas De pago

Non te perdas nada:



vive.aspontes.org/pasateio/

Será preciso retirar tanto as invitacións como as entradas de pago en: www.tickentradas.com



Adxudican as obras de mellora da estrada que une Friol e Palas

O Concello está inmerso en traballos de asfaltado de beirarrúas, accesos a núcleos e alumedos nas distintas parroquias do termo municipal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por máis de 2,1 millóns de euros a execución da 1ª fase das obras de mellora da estrada autonómica LU-231, entre Friol e Palas de Rei. Os traballos, adxudicados á empresa Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U., darán comezo na segunda quincena de xullo e disporán dun prazo de doce meses.

Neste mes de xullo están convocados os propietarios dos terreos para o pagamento dos depósitos previos e a formalización das actas de ocupación. As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que esta sección ampliárase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m. O proxecto recolle melloras do trazado, suavizando as curvas de menor radio. Cabe salientar que se mellorará o cruce do punto quilométrico 2+100 coa estrada LU-P-1611, que vai a Guntín nun sentido, e a Begonte (A-6), no outro.

A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo ao núcleo de Palas de Rei. A Xunta ten prevista a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, estando o segundo redactado e en supervisión técnica.

A execución desta actuación permitirá conformar, xunto coa estrada provincial LU-P-1611, un eixo nortesur de mobilidade con prestacións axeitadas entre a A-54 en Palas de Rei e a A-6 en Begonte, nun punto



Estrada que une as localidades de Friol e Palas e, á dereita, dous momentos das obras que se están a levar a cabo

moi próximo ao sen enlace coa A-8.

BEIRARRÚAS. O obradoiro Cumes da Terra Chá arranca a súa cuarta e última fase, que rematará en setembro de 2021. No caso de Friol, a aportación que ten previsto facer para esta cuarta fase do obradoiro de emprego, é de máis de 100.000 euros en material, para levar a cabo a finalización das beirarrúas do tramo urbano da estrada LU-231, que une Friol con Palas de Rei.

Este taller ofrece formación e emprego a 20 persoas, 8 delas de Friol, que contan con un contrato durante a participación en esta iniciativa e ao rematar poderán acreditar as ensinanzas recibidas con un certificado de profesionalidade. O Concello de Friol fixo unha inversión total, para as catro fases do obradoiro, de máis de medio millón de euros.

PAVIMENTACIÓN E ALUMEADO. Tamén licitou as obras de dous proxectos importantes no rural.

A primeira consistirá no acondicionamento e pavimentación de varias vías de acceso, entre as que se atopan a que une a parroquia de Carballo e o núcleo de A Casanova

na parroquia da Rocha, unha vía de acceso a Prado, e outra vía de acceso a Castrodá, de Vilalvite.

A segunda obra trátase de continuar coa execución de actuacións para conseguir un aforro e unha eficiencia enerxética nos alumeados públicos, en esta ocasión nos barrios de Cimadevila e Chao na parroquia de Narla, no barrio da Pena en Cotá, e tamén na parroquia de Ramelle.

E co cambio de luminarias preténdese conseguir unha redución dos custos enerxéticos e de mantemento redución de emisións de CO2 e outros gases de efecto invernadoiro, mellora na calidade lumínica, etc.



ACCESOS. Tamén continúa a realizar proxectos de mellora e pavimentación de accesos municipais. O primeiro proxecto consistirá na mellora de camiños municipais a parcelas agrícolas nos lugares de Nodar, A Bouza, Pedrido e Guldriz de Arriba.

En Nodar trátase dun camiño que serve de acceso a parcelas, edificacións e instalacións agrícolas dos núcleos de Nodar e Vilariño. En A Bouza arranxárase un camiño que se localiza na parroquia de Silvela. No Pedrido realizaranse traballos nun camiño que se localiza na parroquia de Carlín, que serve de acceso a parcelas, edificacións e instala-

cións agrícolas no lugar de Pedrido, e ata o núcleo de Arga de Arriba. E en Guldriz de Arriba, trátase dun camiño que se localiza na parroquia de Guldriz, que serve de acceso a parcelas, edificacións e instalacións agrícolas no núcleo de Guldriz de Arriba, e ata o lugar de Vilares.

O segundo proxecto consiste na pavimentación da vía que comunica os núcleos de Guldriz de Arriba e A Boleta, na parroquia de Guldriz, que presenta un mal estado de conservación debido á súa antigüidade, o uso e as inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que urxe proceder á súa rehabilitación.

Felipe Barata, elixido director do CPI Doutor López Suárez

Felipe Barata vén de ser elixido director do CPI Doutor López Suárez, en substitución de Asunción Franco, que comeza a súa xubilación.

“Como veciño e alcalde do Concello de Friol, e como pai de alumna do CPI Doutor López Suárez, quero ter unhas palabras de agradecemento para Asunción Franco, unha persoa que adicou gran parte da súa vida laboral a formar parte da poboación moza no noso centro educativo. Realizando ademais as labores de dirección, para que todo funcionase da mellor maneira posible”, indicou o rexedor José Angel Santos.

“Este último curso, foi máis difícil se cabe, á causa da situación socio-sanitaria que todos sabemos que nos tocou vivir, pero o seu esforzo e dedicación foi imprescindible para



O novo director, Felipe Barata, e a saínte, Asunción Franco

que non xurdiran problemas maiores (Tamén foi importante o traballo e esforzo de todos e todas as profesionais e os alumnos e alumnas do CPI)”, engadiu.

“Quero aproveitar para dar a benvida á dirección do centro público

do noso municipio a Felipe Barata, unha persoa con grandes valores, que xa conseguiu facer moito por gran parte do alumnado de Friol, facendo que este amase o deporte en xeral, e o atletismo en particular, tal e como o fai el”, concluíu.

PROPIETARIO

¡Te estamos buscando!

VEHICULOS TU RESPONSABILIDAD

INMOBILIARIA GRUPO XATOBA XESTIÓN

Contáctanos: 698 119 445

info@xatobaxestion.com

Instalan calefacción en edificios municipais



O Concello de Outeiro de Rei continúa coas obras para dotar de calefacción a varias instalacións municipais e mellorar así a súa eficiencia enerxética e a calidade dos servizos prestados aos usuarios. A Xunta destinou a esta actuación máis de 36.400 euros ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público para a instalación dunha caldeira de gas no polideportivo municipal e no ximnasio da edificación anexa, xunto cunha bomba de calor para a produción de auga quente sanitaria nunha nave de servizos municipais, en concreto para a xestión do mantemento e

de emerxencias. Esta nave na que se completará a instalación térmica tamén conta cunha aula para impartir cursos de formación para os traballadores do concello que realizan estas tarefas, que ademais teñen á súa disposición vestiarios e aseos. Ambas instalacións permitirán mellorar a eficiencia enerxética e reducir o consumo eléctrico. Deste xeito, acadase un menor impacto ambiental ao minorar as emisións de dióxido de carbono á atmosfera, ao mesmo tempo que se consegue un importante aforro económico para o municipio.

Buscan opcións para facer máis competitivo o parque empresarial

Xunta de Galicia asesorará ao Concello de Outeiro de Rei para planificar o desenvolvemento da súa área empresarial co fin de tentar optimizar a súa competitividade e atraer así novos asentamentos de empresas e proxectos industriais na zona.

Así o acordaron a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o rexedor, José Pardo, no transcurso dunha reunión que mantiveron esta semana para falar de diversos asuntos de interese municipal. Neste sentido, o alcalde trasladoulle á conselleira que esta área industrial, promovida no seu momento polo Goberno municipal e o tecido empresarial da zona, atópase moi ben comunicada, ao carón da A-6 e a pouca distancia da cidade de Lugo, polo que tamén ofrece unha fácil conexión coa A-8 que comunica toda a cornixa cantábrica, motivo polo que considerou que o polígono de Outeiro de Rei conta cun gran potencial. Noutra orde de asuntos, a con-

selleira e mais o rexedor tamén analizaron a posibilidade de que ambas administracións colaboren nun proxecto municipal para desenvolver novos espazos verdes nos que promover as actividades de ocio e lecer ao aire libre entre a veciñanza.

A este respecto, Ángeles Vázquez trasladoulle que nos orzamentos do seu departamento para 2021 hai reservados máis de 7,4 millóns de euros para obras destinadas a crear ou mellorar equipamentos municipais, así como á humanización e posta en valor das contornas urbanas.

De feito, cómpre lembrar que desde o ano 2010, a Xunta colaborou coas entidades locais a través do chamado Plan Hurbe na execución de máis de 310 intervencións urbanísticas cun investimento de case 150 millóns de euros co obxectivo común de crear, mellorar ou humanizar infraestruturas de uso público e colectivo que redunden nunha mellora da calidade de vida dos veciños das vilas galegas.

O BNG denuncia unha parálise nas obras do centro de día

O BNG de Outeiro de Rei esixe ao goberno municipal axilidade nas obras do futuro centro de día que “acumulan máis de 10 meses de parálise polo desleixo e a incapacidade do goberno municipal para xestionar a súa execución”. Desde a formación nacionalista lembran que non se produciu ningún avance desde setembro de 2020, cando o concello adjudicou a primeira fase do proxecto de rehabilitación e redistribución da casa reitoral, onde se ubicará o centro.

A concelleira Elvira Lombao puxo de manifesto que “o desleixo do concello respecto do tan anunciado centro de día. Levamos máis de dez meses agardando que se retomen os traballos, sen que houbera ningún avance, malia ser un servizo moi necesario para a veciñanza que desde o BNG levabamos anos impulsando”. “Cada día temos máis claro que o goberno municipal está nunha situa-



Visita dos concelleiros nacionalistas ao edificio que albergará o centro de día

ción de abandono e incapacidade total, que se traduce tamén na falta de mantemento das pistas municipais con situacións insostibles en treitos e cruces nas que a visibilidade é practicamente nula. Pare que o alcalde só ten tempo e cartos para atender as súas preferencias mentras desaten de as cuestións que realmente afectan a vida cotiá e aos servizos que se ofrecen a toda a veciñanza”, concluíu a concelleira nacionalista.

LIMPEZA CUNETAS. O BNG presentou unha moción para que proceda á limpeza das cunetas así como ao desbroce urxente dos cruces e curvas perigosas. Segundo din, na maioría destas pistas resulta imposible que se crucen dous coches, tendo que parar obrigatoriamente un deles para que poida pasar o outro. Engaden que para os peóns, a situación é peor, xa que cando se achega un coche teñen que meterse á cuneta



NIÑO DE CEGOÑA. O BNG vén de solicitar ante o concello que se protexa o niño de cegoña con crías que hai no cruce da N-VI coa estrada de acceso á urbanización de Guillar. Este niño, dadas as obras que se están a realizar na zona, corre serio risco de ser destruído, sobre todo se proceden a cambiar o poste de electricidade mentres que as cegoñas están en época de crianza.

O Festival Atlántica recalará na casa museo Manuel María

A Casa-Museo Manuel María acolle este sábado, día 10, ás 19 hrs, o espectáculo de narración oral *Utopías*, de Atenea García. A actividade encádrase no Festival internacional de narración oral Atlántica. O espectáculo gratuito, dirixido para público infantil e familiar, a partir de 3 anos, combina a narración oral e a manipulación de obxectos. Para asistir haberá que reservar no 698 177 621.

Audio©linic

Centro Auditivo

Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva

SERVICIOS: Audiometrías • Adaptación personalizada • Rehabilitación auditiva • Mantenimiento y reparación de audífonos

PRODUCTOS: Audífonos • Protección Auditiva • Tapones de Baño • Accesorios

PROMOCIONES: Revisión Auditiva • Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

O PSOE denuncia o abandono dos parques infantís e reclama as axudas da covid aprobadas

O PSOE de Cospeito recolleu as demandas presentadas polos veciños de Muimenta que reclaman ao Concello unha intervención urxente nos parques infantís de Muimenta e Feira do Monte. Segundo explican os dous parques están moi deteriorados e abandonados, "pero mentres o de Feira do Monte necesitaría un repaso en profundidade o de Muimenta está nun estado lamentable", di Rosa Morán, voceira socialista.

As críticas veciñais apuntan a papeleiras sen vaciar dende hai moito tempo, todo sucio, os xogos oxidados e rotos e mesmo o areeiro desapareceu. Os veciños afirman que non se pode usar polo risco que supón para os pequenos.

Esta non é a primeira vez que os socialistas demanda o coidado dos parques infantís. "Fai algo máis de tres anos, e hai dous de novo, xa demos as queixas nun pleno e pedimos que se arranxaran, este e o de Feira do Monte. Daquela fíxose un pequeno lavado de cara, o de Feira do Monte está algo mellor, pero o outro non se pode usar, os pais están cheos de decirillo ó goberno municipal e que non teñan resposta".

Os socialistas de Cospeito piden por



Unha das pezas en mal estado

tanto unha renovación de todo o parque para que poida ser usado e um precintado momentaneamente os aparatos que están perigosos.

AXUDAS DA COVID. Por outra banda, os socialistas demandan de novo ao Concello celeridade na posta en marcha das axudas a empresarios e hostaleiros castigados pola crise económica derivada da pandemia. Lembran que houbo un acordo no pleno de marzo para dar estas axudas pero nada se sabe delas. "Agora é o momento de dar estas axudas e non hai razón para que esta situación sega a demorarse", dixo Morán.

San Martiño de Pino recuperará en setembro as actividades

Despois de varios meses sen actividades, a Asociación Recreativo Cultural de San Martiño de Pino informou que a partir do mes de setembro, se a situación o permite, reanudarán as súas actividades, cumprindo sempre coas medidas sanitarias pertinentes. Entre elas contarán con ioga, pandeireta e manualidades en canto a cursos e non descartan facer algún máis.

En canto a eventos está prevista a realización do I Magosto no Caldalo-

ba, con diversas actividades culturais de posta en valor da Torre, como se leva facendo dende os inicios desta asociación. Para esta actividade contarán coa colaboración dos colectivos Culturalia GZ e Caldaloba.

A súa vez, levarase a cabo xunto co concello de Cospeito a entrega de premios do certame de poesía Torre de Caldaloba no local social e a presentación das obras gañadoras do anterior certame no Museo das Aves de Cospeito.

A Xunta anuncia que fará un estudo da Torre de Caldaloba

Tras varias protestas, manifestacións, e demandas a través de mocións e outras iniciativas, finalmente a Xunta confirmou que traballará este verán para investigar e afondar no pasado da Torre de Caldaloba, no concello lucense de Cospeito. Trátase dun inmoble de época medieval pertencente ao castelo de Vilaxoán e que está clasificado como Ben de Interese Cultural (BIC) desde o ano 1949.

Tendo en conta os valores culturais que posúe esta edificación, a Consellería de Cultura Educación e Universidade, que xa actuou sobre a estrutura deste ben entre os anos 1998 e 2002, levará a cabo este ano unha serie de traballos de investigación arqueolóxica coa finalidade de favorecer a súa caracterización espacial e funcional e que sirvan de base para posibles futuras actuacións arqueolóxicas e de restauración que se queiran levar a cabo sobre o ben.

En concreto, mediante esta actuación, limparase a superficie de 10.000 metros cadrados do xacemento



Un momento da roza reivindicativa

coa finalidade de eliminar a maleza existente para, a continuación, facer unha prospección de cara a súa caracterización histórico-arqueolóxica. Os traballos previstos complétanse co levantamento topográfico mediante fotogrametría, con tomas de imaxe e vídeo do xacemento e co deseño dunha visita guiada para dar a coñecer a actuación realizada e os valores propios do sitio á poboación local e a todos os visitantes.

ROZA REIVINDICATIVA. Xunto a esta delcaración, representantes de máis de 40 entidades da Terra Chá e de concellos lindeiros levaron a cabo un acto reivindicativo que consistiu na roza da contorna da torre de Caldaloba.

Con esta acción estes colectivos quixeron, máis unha vez, denunciaren o estado de abandono en que se encontra este ben tan importante da historia e do patrimonio galego.

Adxudican as obras de ampliación do polígono de Muimenta

A Administración galega vén de adxudicar as obras de urbanización da fase A-1 da ampliación do polígono industrial de Muimenta, nas que investirá 1,3 millóns de euros. Unha vez iniciados os traballos, teñen unha duración estimada de oito meses.

A ampliación do parque empresarial de Muimenta ocupará unha superficie de 25.121 metros cadrados, dos que 12.979 estarán ocupados por 15 parcelas con dimensións que oscilarán entre 700 e 1.525 metros cadrados cada unha.

O contrato inclúe actuacións de urbanización, electrificación, canaliza-

cións de saneamento, acometidas de abastecemento ás parcelas, alumeadado público e a definición dun novo acceso ao parque para ordenar o tráfico procedente da estrada LU-120.

Tamén se definirán estruturas viarias, máis de 6.800 metros cadrados de zonas verdes e mobiliario urbano-bancos de madeira, papeleiras... – para integrar e humanizar este espazo. Dispónse tamén unha área de xogos infantís, valada e dotada de pavimento elástico.

AMPLIACIÓN EN TRES FASES. A Xunta planifica ampliar o polígono de

Muimenta en tres fases que sumarán preto de 145.000 m² distribuídos en 54 novas parcelas.

O Plan sectorial de ordenación territorial de áreas empresariais recolle esta actuación, que suporá definir unha zona industrial para Cospeito e toda a comarca cunha superficie total de máis de 180.000 m².

O parque de Muimenta leva en funcionamento desde o ano 1999 e conta cunha superficie de 37.000 m² distribuídos en 22 parcelas que xa están vendidas, polo que se impulsa esta actuación co fin de dar resposta á demanda de espazo para o asentamento de empresas.

ATABERNA

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA LAS COMBINACIONES
LOS REVUELTOS EN LA ALCOBA PARA PICAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO EN SALSA VARIADA
ENSALADAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCOBA PARA COMPARTIR TAPAS
SABOREAR TORTILLAS
NUESTROS DELICIOSOS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

BODEGA

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

Nova edición do certame de pintura rápida

Este sábado, 10 de xuño terá lugar o XIII Certame de Pintura Rápida organizado polo Concello de Rábade, tras a suspensión o ano pasado desta cita pola pandemia. As inscricións realizaranse no propio edificio consistorial o mesmo sábado dende as 9:00h ata as 10:30h.

O concurso está aberto a todos os artistas que desexen participar maiores de 18 anos, que comezarán coa pintura ás 9.00 horas e teñen de prazo ata as 17.00 horas. Só se admitirá unha obra por artista, que será libre de escoller a modalidade e estilo de pintura que desexe. O tema é Estampas de Rábade. As obras terán unhas dimensións mínimas de 50x50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

Os premios serán en metálico. Ao primeiro corresponderanlle 1.200 euros ofrecidos polo Concello, ao segundo 800 euros patrocinados por Finsa; ao terceiro 600 euros, a cargo de Mercontrol e un cuarto, de 500 euros estaá financiado por Sariego.



Outorgarán tamén tres accesit de 100 euros.

Todos os inscritos deberán presentar o cadro ao remate da sesión para participar na exposición que se abrirá unha vez remate a entrega de premios, que terá lugar ás 18.00 horas no centro sociocultural, onde tamén estará aberta a mostra.

Organizan un torneo de fútbolín no aniversario da peña Bola Meiga

Trala suspensión do Máster de Fútbolín durante dous anos consecutivos debido á pandemia, Rábade acollerá este sábado a primeira dunha serie de torneos para festexar o aniversario da peña Bola Meiga, organizadora destes eventos na localidade.

A intención do torneo e retomar a práctica deportiva e seguir mantendo vivo o espírito do fútbolín na vila referencia do mesmo.

A cita será este sábado, 10 de xullo, a partir das 16.00 horas na sede da peña e só poderán participar 16 parellas. Acotouse a cifra de participantes polas restricións. Os interesados en apuntarse aínda están a tempo.

Optarase pola modalidade alterna e a parella campioa recibirá o



50% da recadación; os subcampións o 25% e o resto irá destinado a unha merenda, que estará amenizada por novas partidas cegas.

A inscrición ten un custe de 15 euros por xogador.

Escola de Río iniciou un curso de pesca

O Concello de Rábade organiza un curso de pesca sen morte para rapaces, unha maneira de coidar a natureza e practicar a pesca de forma responsable.

Neste curso informárase dos ríos e ecosistemas acuáticos de Galicia, as categorías de augas pescables, os requisitos para pescar, as limitacións e prohibicións, as especies pescables, as modalidades de pesca permitidas, entre outras.

O curso será no Río Miño de Rábade os días 5, 7, 12 e 14 de xullo en horario de 16:30 a 18:00 h. A actividade está dirixida a nenos de 7 a 17 anos. Os interesados en participar poden inscribirse na área de Cultura e Deporte chamando ao tlfno: 982 390 062 (Ext:2) ou enviando nome e apelidos, tlfno e idade ao mail: asociocultural@rabade.org.

Prazas limitadas. Actividade gratuíta patrocinada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e impartida pola Federación Galega de Pesca.

Proxectan abrir na vila unha casa niño

A Xunta publicou no DOG a resolución das axudas para a creación de 16 novas casas niño no rural, o que supón acadar as 93 en toda a Comunidade, unha delas en Rábade. Actualmente Galicia dispón de 77 destes recursos de conciliación en municipios de menos de 5000 habitantes. Con esta, a sexta convocatoria desde que se puxo en marcha o programa no ano 2016, chegaranse ás 93 casas e ás 465 prazas de atención para nenas e nenos de 0 a 3 anos, 100% gratuítas para as familias.



PREMIO. María Nogareda Sánchez, do CEIP Otero Pedrayo de Rábade, de 8 anos, foi unha das galardoadaas no Certame de Debuxo para escolaas organizado pola Tradescola no que participaron máis de 200 debuxos.

O Concello adxudica a redacción do PXOM

O Concello de Rábade adxudicou a Estudio Técnico Gallego, por un importe de 78.000 euros, a redacción do PXOM e de actualización da cartografía do municipio. Esta empresa gañou o contrato, ao que tamén optaban outras dúas firmas cun prezo de licitación fora de 85.000 euros.

O prazo máximo de execución destes traballos urbanísticos é de catro anos, aínda que as estimacións mu-

nicipais son de que esté rematado en dous anos.

De todo o contratado xa hai traballos avanzados de topografía, planimetría e inventario que xa foron executados para a elaboración do plan urbanístico que foi aprobado no ano 2008, unha norma que despois foi anulada polo Tribunal Supremo ao carecer dun informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

ELECTRICIDAD

MONCHO SANTOME

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ
EL 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ CONSIGUE AHORRAR

- Instalaciones eléctricas en general
- Líneas de media y baja tensión
- Antena TV
- Instalación voz y datos
- Instalaciones de energía solar
- Tienda de material eléctrico
- Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba
monchoysantome@yahoo.es
www.monchoysantome.com

ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m²

Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgeirasinversiones.com

Abre polas tardes ata o 1 de setembro a piscina de verán

O Concello abriu a piscina municipal ata o 5 de setembro. As instalacións terán un horario de 14 a 21 horas durante os meses de xullo e agosto e de 15 a 20 horas en setembro. A principal novidade para este verán é a posibilidade de obter as entradas ou os bonos cun prezo rebaxado se se compran previamente na casa do concello. O obxectivo desta medida é o de intentar ter un maior control do aforo e, ademais, reducir o diñeiro en efectivo na propia piscina. Por outra banda, esta primeira semana o acceso será gratis, comezando a pagarse a pagar o luns, 12 de xullo. Así, o prezo xeral de acceso se a entrada se adquire na propia piscina será de 2 euros para todos, coa única excepción dos menores de 14

anos que poderán pasar gratis presentando o DNI ou unha fotocopia deste. Se o pase se recolle na casa consistorial pasará a ter un custe de 1 euro para os empadroados en Guitiriz e aqueles que posúan o carné xove, o universitario, sexan xubilados ou estean no paro só terán que pagar 0,50 euros. Ademais, no concello tamén hai bonos á venda. Un bono de acceso por 15 días para os empadroados ten un prezo de 10 euros mentres que para os non empadroados é de 25 euros. Estes non caducan e tampouco son nominativos. Ademais, ao igual que para as entradas, admítense os de outra temporada. O horario para adquirir as entradas ou os bonos no concello é de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas.

A organización fai públicos os gañadores do Certame Terra Chá

A asociación Xermolos de Guitiriz ven de comunicar os gañadores do XLII Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas. Neste concurso participaron este ano 1.328 persoas nas especialidades de contos, debuxo, poesía, teatro, documentais, fotografía, cómic, murais, grafiti, vídeo-creación, improvisación oral, regueifas e rap.

Os premios van ser entregados o sábado 28 de agosto dentro das actividades do XLII Festival de Pardiñas, ás 7 da tarde no Campo da Feira de Guitiriz, respectando as medidas sanitarias. Toda esa xornada vai haber actividades coma música, obradoiros, grafiti, xogos, etc. A lista de premiados pode consultarse na páxina web www.terrachaxa.com.

O Concello esixe a Begasa que solucione os cortes de luz

O Concello de Guitiriz a esixiu a Begasa, empresa concesionaria do subministro eléctrico, que solucione, de xeito inmediato, os cortes de luz diarios que se están a producir nos últimos meses en todo o municipio. No escrito enviado á entidade relátase a problemática que se está a vivir desde hai meses en todo o concello, con cortes de luz diarios. “Tódolos días, en algún momento deixamos de ter subministro eléctrico”, explica Marisol Morandeira, que engade que “distorsionan gravemente a nosa vida e ademais ocasionan perdas económicas, tanto ós particulares como ós titulares de calquera actividade profesional”.

A empresa, que xa respondeu, comprométese a realizar as actuacións necesarias para mellorar a situación descrita e indica que están á espera



Marisol Morandeira

de recepción dunhas cabinas novas para substituír ás actuais. A rexedora subliña que “desde o Concello estaremos pendentes de que isto se resolva canto antes porque non podemos seguir así moito máis” e alerta de que “se non é así, teremos que optar por levar a cabo outro tipo de reclamacións”.

Guitiriz destina 20.000 euros para as liñas de axudas escolares

O Concello de Guitiriz destina un orzamento de 20.000 euros para financiar as súas liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2021-2022.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 15 de outubro. A documentación pode obterse na páxina web municipal www.concellodeguitiriz.com ou de xeito presencial no Rexistro da casa consistorial.

Unha das principais novidades é a incorporación dunha liña específica de axudas para compensar o gasto en transporte que tivo o alumnado empadroadado na parroquia de Pígaro matriculada no IES Poeta Díaz Castro ao non ter habilitada unha conexión de transporte público por parte da Xunta de Galicia.

A liña de axudas ao material escolar; dirixida ao alumnado de educación infantil (2ª etapa de 3 a 5 anos), e bacharelato (residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais ou de fóra); co obxectivo de cubrir as necesidades de material didáctico, librería e/ou reprografía así como dispositivos adaptados a nenos e nenas con necesidades educativas especiais.



Para os rapaces e rapazas universitarios ou que cursen ciclos formativos habilitase unha liña para financiar as súas necesidades de desprazamento, tanto ao lugar onde realizan a formación como de transporte interurbano se fose o caso.

Co obxectivo de salvar a fenda dixital existente no rural habilitanse dúas liñas. Por unha banda, axudas para a mellora da conexión dixital para que o alumnado de 5º e 6º de primaria e o da ESO poida acceder a contratos de liñas WIFI, de subministro de datos ou doutros dispositivos existentes no mercado. Pola outra, para a adquisición de dispositivos tecnológicos (ordenadores, portátiles ou tabletas) dirixida ao alumnado de 4º

da ESO e bacharelato empadroadado en Guitiriz. Estas liñas de axuda son incompatibles entre elas, é dicir, cada estudante só poderá optar a unha delas, agás coa liña específica para o alumnado de Pígaro.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explicou que “queremos que todos os nenos e nenas poidan ter as mesmas condicións de estudo e, para iso, é necesario axudar ás familias a afrontar os elevados gastos que supón o curso escolar”. Agregou ademais que “por outra parte, tiñamos o compromiso de mitigar as importantes perdas que supuxo ao alumnado de Pígaro o non contar cunha liña de transporte público ao centro do seu concello”.

A vila impulsa o proxecto Excelencia no Camiño



O Concello de Guitiriz presentou o proxecto Excelencia no Camiño do Norte. Este proxecto de cooperación público – privada pretende posicionar o destino como un territorio excelente nos servizos para peregrinos e turistas. Así mesmo, déronselle diplomas aos establecementos distinguidos tanto a través deste proxecto como polo Sicted, Sistema de Calidade Turística Española en Destino.

Guitiriz é pioneiro en calidade turística debido a que leva traballando no Sicted, Sistema de Calidade Turística en Destino desde hai 16 anos e o único na provincia de Lugo

ata o ano pasado, momento no que se uniu a Ribeira Sacra. Nesta ocasión, aproveitando esta ampla traxectoria na mellora continua da calidade e na cooperación público – privada, deu un paso máis, potenciando esa excelencia nos servizos do Camiño de Santiago.

Para iso, impulsou melloras relativas no Camiño de Santiago aos empresarios do sector, impartiu formación cun Operador de turismo especializado no Camiño de Santiago e tamén específica relativa ás novas tendencias destes viaxeiros en tempos de covid. Todo iso co obxectivo de fortalecer o sector.

O Mitma adxudica a explotación da área de servizo da A-6

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) adxudicou un contrato de concesión de servizos para a explotación da área de servizo de Guitiriz, situada a ambas as marxes da Autovía do Noroeste (A-6), á altura do km 538.

A modalidade de contrato establece unha concesión de servizos por un prazo de 5 anos, co obxecto da conservación e explotación das instalacións existentes xunto coa execución das operacións de reforma e melloras ofertas.

Entre outras melloras valoradas nas propostas recibidas, tivéronse en conta a adecuación e reforma das instalacións e edificios existentes, creación novas prazas de estacionamento vixiado así como elementos de mellora da sustentabilidade ambiental: instalación de alumado LED, instalación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo, chafarices de GLP (Gas Licuado do Petróleo) e GNL para camiións (Gas Natural Licuado) ou a instalación de puntos de recarga eléctrica semirrápida (44 kV) e ultrarápida (180 kV).

Enviado a ADIF o escrito de obxección á supresión dos pasos a nivel en Parga

O Concello de Guitiriz enviou a ADIF o escrito de obxección para que non execute ningún proxecto de supresión dos pasos a nivel en Parga ata que se conte coa aprobación veciñal e institucional.

Polo momento esta aprobación non existe xa que a solicitude vai acompañada dun total de 94 sinaturas de veciños e veciñas de Parga que apoian esta petición, que foron recollidas na reunión celebrada o pasado 16 de xuño no pavillón do CEIP Santo Estevo e na casa consistorial, onde o documento estivo exposto ata o 23 de xuño.

Nese encontro consensuouse coa veciñanza o escrito que hoxe o Concello lle envía ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias despois de acadar o compromiso de ADIF de



Reunión de veciños para valorar a proposta de ADIF

non executar o citado proxecto de supresión dos pasos a nivel se non existía un ambiente favorable.

“Tal e como está configurado Parga urbanística e socialmente a mellor alternativa é a construción dunha

variante pero, sabendo que actualmente ADIF non contempla esta posibilidade e coñecidas as posibilidades reais actuais, o mellor é manter os pasos a niveis existentes”, incidiu a alcaldesa, Marisol Morandeira.

O filme ‘Entrar aos Vilares’ foi seleccionado para a 42 Semana de Cine de Lugo

Entrar aos Vilares, o documental que acompaña en DVD ao libro Lareira de sonhos de Pastora Veres (Edicións Fervenza), participará da 42 semana de cine de Lugo organizada polo grupo cinematográfico Fonmiñá.

O filme, foi dirixido por Cibrán Tenreiro coa colaboración de Toni González e Xacobe González e foi finalista tamén da 12MICE Mostra Internacional de Cinema Etnográfico en tres categorías.

Si o libro de Pas Veres se adentra na parroquia de Díaz Castro dende a perspectiva dunha indíxena coñecedora do lugar, o documental complementa o libro dende a visión de tres rapaces que nin naceron no rural nin coñecen o lugar, entran aos Vilares dende unha visión novidosa e honesta tentando coñecela da man dos propios veci-



ños dos Vilares.

Tanto o traballo de Pastora Veres (libro) como o de Cibrán Tenreiro (audiovisual) son unha importante e orixinal aportación á antropoloxía da parroquia chairega do poeta Díaz Castro que poderán disfrutar na Semana de cine de Lugo á volta do verán, participación que nos enche de orgullo.



VILARIÑAS. Entregados os premios Díaz Castro e Vilariñas no Festival de Poesía de Guitiriz. Pablo Bouza, Marga Pazos, Jeferson Costa Leite e Quique Roxíos recolleron os seus respectivos galardóns.

O 4 de setembro volverá celebrarse o Parga Rock

A organización volve convocar este ano o festival Parga Rock despois de que o ano pasado fose en primeiro lugar aprazado e despois suspendido pola situación sanitaria.

A data escollida é o 4 de setembro, para volver a recuperar a súa cita anual da primeira fin de semana de setembro.

Están tamén xa confirmadas tres actuacións, as tres estaban previstas tamén para o ano pasado. Trátase de Reincidentes, Nuada e Rastros.

Así contarán con Nuada, a banda de rock en galego nada no 2015 tras reunións dun grupo de amigos de Teixeira que se xuntaban “para pasar o tempo”, e tamén poderase disfrutar de Reincidentes, o mítico



grupo de rock español, formado en Sevilla e caracterizado por ter letras moi críticas coa sociedade actual. Pecha polo momento o cartel Rastros, referentes do Rock Bravú mesturado co punk.

Bautizan nun acto simbólico o pavillón Jonathan Carro



Veciños, compañeiros, familiares e amigos de Jonathan Carro acudiron onte a Guitiriz para asistir ao acto de bautizo oficial deste centro co nome do ximnasta falecido. Este cambio de nome fora aprobado en

maio de 2020 e o nome do mesmo xa figuraba dende hai días atrás pero pola pandemia retrasouse o acto oficial do cambio de nome. O acto fíxose coincidir co día no que podería ter cumpridos os 28 anos.

Organizan obradoiros na natureza para nenos este verán

O Concello de Guitiriz lanza o programa Aventura na natureza, dirixido a nenos e nenas de 8 a 12 anos, e a través do que se levarán a cabo diferentes actividades ao aire libre co obxectivo de coñecer a contorna natural e cultural.

Deseñáronse varios obradoiros con temáticas diferentes que darán comezo o martes, 20 de xullo, de 9:30 a 13:30 horas con Coñece a granxa ecolóxica de Bertolos; seguirá o xoves, 22 de xullo, de 10:30 a 13:30 horas con Crea o teu herbario.

Xa o martes, 27 de xullo, de 10:30 a 13:30 horas será a quenda do Obradoiro coñece á muller galega, o xoves, 29 de xullo, de 10:30 a 13:30 horas chegará A busca do tesouro.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

O Centro de Recría aforra medio millón de euros aos gandeiros

O Centro de Recría da Deputación de Lugo, pioneiro en España polo seu carácter público, aforroulle aos gandeiros e gandeiras da provincia medio millón de euros no ano 2020, con respecto aos custos dos centros privados. Un dato que deu a coñecer o deputado de Recursos Sostibles, Roberto Fernández Rico, no Pleno ordinario no que se aprobou unha actualización das tarifas deste centro.

As tarifas pasan de 2,39€ a 2,55€ animal e día, 16 céntimos máis. A revisión, argumentou o deputado, está fundamentada nunha motivación obxectiva e debidamente xustificada, que se centra principalmente na subida dos custos de alimentación dos animais, "os custos de alimentación aumentaron en máis dun 25% en moitos dos produtos consumidos polos animais e que a alimentación supón o 50% do gasto total da anualidade 2020, unha cifra maior canto maior ocupación teña o centro. Neste momento máis de 2.000 novillas, o que representa o 85% da capacidade do Centro", explicou o Deputa-



Visita ao Centro de Recría

do. O outro factor é o custe do persoal -salarios e Seguridade Social-, "que se ve incrementado polos cambios na normativa dende que se asinou o contrato no ano 2017", sobre todo debido á subida do Salario Mínimo Interprofesional. O Centro de Recría Gayoso Castro inclúe o transporte incluído para retirar e entregar de novo os animais e coa seguridade que marcan os protocolos de actuación nunhas instalacións que velan polo coidado, o benestar animal e a seguridade de alimentaria.



VOLUNTARIADO. Os participantes no campo de voluntariado do Castro de Viladonga, organizado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, iniciaron os traballos de limpeza, que se prolongarán durante a quincena e que serán o eixe principal deste campamento. Os rapaces estarán dirixidos polos arqueólogos Álvaro Pérez e Diego Torres e a restauradora Silvia Illanes.

O Concello ten obras en curso por valor de 600.000 euros

O Concello de Castro de Rei ten actualmente en curso obras en distintos lugares por un valor total de 600.000 euros, algunhas delas en fase de licitación e outras xa en proceso de execución.

Así, pendente de adxudicar estes días está o proxecto de construción de beirarrúas na rúa Alcalde Sinde Nieto na súa segunda fase, que contempla o tramo comprendido entre Manuel Becerra e a praza Maior, en Castro de Rei, que ten un orzamento de 45.000 euros e un prazo de execución de dous meses.

Tamén pendente de adxudicación está unha actuación no rural, a mellora da estrada de acceso a Ludrio, concretamente no tramo entre a N-640 ata o límite municipal co Concello de Pol. Esta obra conta cunha subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Ten un orzamento total de 50.000 euros e un prazo de execución dun mes. Os traballos

consisten na limpeza e apertura de cunetas, regularización da superficie da vía con asfaltado en quente e sinalización. Esta obra permite mellorar o acceso á igrexa parroquial e ao centro do núcleo.

Na mesma situación están as obras de rexeneración de accesos aos núcleos de Triabá, Quintela, Bazar, Bendia, Azúmara e Ribeiras de Lea, cun prezo de adxudicación de 256.900 euros.

DEPUTACIÓN. Esta intervención finánciase con cargo ao Plan Único da Deputación, que achegará 253.829,38 euros, mentres que o resto, 17.281,50 euros, estará a cargo do Concello. Realizaranse labores de limpeza de cunetas, acondicionamento, rexeneración, pavimentación, sinalización e mellora da drenaxe.

Actuarase na estrada que vai desde a LU- P-1104 ata o límite municipal en Bardián, pasando pola

igrexa de Bazar, un trazado de case tres quilómetros; na rúa do Castro de Castro de Ribeiras de Lea; catro viarios en Triabá; e os accesos ás vivendas de Bardián, ao barrio de O Castrillón e Reguntille. Ademais, un acceso en Quintela e outro en Cornide acondicionaranse, pero sen pavimentar. O obxectivo destes traballos é rexenerar varias vías públicas moi deterioradas pola súa antigüidade, uso e as inclemencias meteorolóxicas.

Tamén están xa adxudicadas e pendentes de comezar as de mellora de vías municipais e accesos a parcelas en Os Candos, Triabá, Matodoso e Os Salgueiros. Estas teñen un orzamento 74.000 euros.

Así mesmo, xa case están rematadas as obras de rexeneración de Ribademiño, Outeiro, Bazar, Veiga de Pomar, Tortentosa en Duarría, Bouzaboa en Loentia, e Sumedo en Ludrio. Estas contan cun orzamento de 150.000 euros.

Dobre cita cultural o 10 en Castro de Rei e Bazar

A escola municipal de teatro de Castro de Rei presenta este sábado, 10 de xullo, a súa nova obra, titulada *Por un puñado de grelos*, un rural western do que é autor Guillermo Cancelo.

A representación terá lugar na Praza do Concello a partir das 23.00 horas e a entrada é libre e gratuíta ata completar aforo.

Tamén este sábado terá lugar en Bazar a presentación do libro do 50 aniversario *Bazar, milagre social*. Ao mesmo tempo se celebra o centenario da construción da igrexa parroquial, evento que está reflectido no libro. O evento terá lugar ás 15.00 horas.



Os actos de celebración do centenario consistirán nunha misa seguida do descubrimento dunha placa decidada aos construtores.

A piscina municipal abrirá ata o 15 de setembro

A piscina de Castro de Rei abriu as súas portas o día 1 de xullo e permanecerá en uso ata o 15 de setembro. Como en anos anteriores o seu horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas, aínda que durante este tempo deberán respectarse as normas sanitarias que estén vixentes nese momento.

As entradas terán un custe de 2 euros para adultos (a partir de 18 anos); 1,50 para os que teñan entre 12 e 18, e de 1 euro para o resto. Os menores de 3 anos non pagan.

Establécense tamén abonos de tempada, que terán un prezo de 40, 30 e 20 euros, respectivamente en cada unha das categorías. O abono por familias será de 60 euros.

CONCELLO DE XERMADE

Desde o concello queremos desexarlles a todos os veciños un feliz verán

XXI ENCONTRO INTERNACIONAL DE FORNEIROS DA MADEIRA
17/18/19 SETEMBRO 2021
XERMADE - LUGO

Un reto para Crecente Vega

Unha comisión literaria busca dende o ano pasado o recoñecemento do Día das Letras Galegas para este poeta natural de Castro de Rei



Fai un ano, un grupo de familiares e amigos de Xosé Crecente Vega acordaron solicitar á Real Academia Galega que se destinase a este autor de Castro de Rei o Día das Letras Galegas.

Pero antes de chegar a este punto, a posta en valor da obra de Xosé Crecente Vega tiña comezada. Cinco anos atrás, nunha reunión familiar, algúns dos asistentes traduciron ao inglés algunhas das poesías do autor que posteriormente se enviarían á Consellería de Cultura e ao Consello da Cultura Galega.

Foi así como o o escritor e profesor Víctor Freixanes orientounos para facer esa candidatura, que foi presentada a principio do ano 2020.

“Recomendáronos empezar dende abaixo, creando unha asociación e buscando apoios”, indica Mario Crecente, sobriño do autor. Abriron a rolda de traballo cunha xuntanza no Seminario para tratar este asunto, xuntanza na que estiveron presentes asociacións da contorna con interese en que se recoñecese o traballo de Xosé Crecente Vega. Guitiriz e Castroverde foron algunhas das asistentes pero destacou moito o apoio de aqueles que coñeceron a este poeta chairego. A proposta de pedir o Día das Letras Galegas foi moi ben acollido e a partir de aí comezou o traballo duro.

Os membros da nova asociación crearon un microsite, e comezaron a difundir a iniciativa entre o mundo da cultura, comezaron diferentes proxectos e montouse unha comisión da que forman parte Félix Villares, Regina Polín e Felipe Arias, ademais do propio sobriño do autor.

“Con esta comisión máis outra xente fumos tendo reunións, a primeira co alcalde de Castro de Rei, que nos apoiou dende o inicio, co obxectivo de impulsar a publicación do libro de poemas inéditos de Crecente”, engade Mario Crecente.

E así, baixo o carballo de Luxís tivo lugar fai uns días o acto de homenaxe ao, que se facía coincidir co 125º aniversario do seu nacemento. E no que se aproveitou para presentar ese libro póstumo que leva por título O mundo nun puño de remol. O propio Víctor Freixanes, como presidente da RAG, foi un dos asistentes de luxo a este evento. “Foi un acto precioso, coa presenza de veciños e veciñas, e no que destacaron as intervencións de Roberto Crecente, profesor de música”, explica o sobriño do autor.

O momento máis emotivo do acto tivo lugar coa intervención de Eladio, de Eladio e os Seres Queridos, que fixo unha canción cun dos poemas de Crecente.

Pero non será este o único poema

que se convertirá en música, xa que unha nova iniciativa posta en marcha pola comisión xa que agora hai unha proposta para facer un vídeo no que grupos de diferentes estivos musiquen outras das pezas literarias que Crecente Vega deixou para a historia.

A idea por tanto é crear con el un disco do que Eladio fixo precisamente na homenaxe deste mes a primeira maqueta.

UN GALEGO ILUSTRE. Xosé Crecente Vega, o autor de Codeseira, naceu en Castro de Rei no ano 1896, o segundo de seis irmáns que deixaría o seu pobo natal para entrar no Seminario de Mondoñedo con 14 anos, onde sería ordeado presbítero no ano 1919. Ademais da súa formación relixiosa, estudaría por libre nos institutos de Ferrol e Ourense e nas universidades de Santiago de Compostela e Salamanca, onde se licenciou en Filosofía e Letras. A enfermidade chegou á súa vida durante a Guerra Civil e malia que se recuperou estivo aqueixado dunha doenza do corazón e de tuberculose moitos anos, para rematar falecendo en Segovia, onde recibiu sepultura. Moitos anos máis tarde, en 1998, os familiares trasladaron os seus restos á localidade que o viu nacer, e alí permanecen, na igrexa parroquial de Santa María de Outeiro.



De esquerda a dereita, unha imaxe de Crecente Vega, exemplares de Codeseira e a comisión

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

Sancobad s/n, Vilalba Terreno / No urbanizable 5.105m ²	33.000€
Se vende parcela de unos 5.000 metros, situada a unos 3 km de Vilalba, en la que existe un construcción de unos 80 metros, que dispone de luz y agua. La finca está plantada con pinos, que están para cortar.	
Campo de Puento, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ²	72.000€
En Vilalba (Lugo) ofrecemos en venta un piso de tres habitaciones y sala, dos baños y cocina amueblada. La vivienda tiene una terraza amplia, calefacción y ascensor. Tiene muy cerca un supermercado.	
Calle Ribadeo 15, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 1.378m ²	275.000€
Ofrecemos un solar muy céntrico de 1.378 metros, dando a dos calles, con edificabilidad para la calle Ribadeo de bajo, 4 plantas más ático y para la calle Lameirón, bajo, 3 plantas y ático.	
Coto 15, Vilalba Casa rural 1 Dorm 0 Baño 256m ²	45.000€
En las proximidades de Vilalba (Lugo), cerca del molino del Rañego ofrecemos una casa con fachada en piedra, que tiene echada la placa y que se vende así, para que la termine el comprador. En la finca hay otra construcción, que se puede acondicionar como vivienda.	
Avenida de Galicia 26, Vilalba Dúplex 3 Dorm 3 Baños 183m ²	125.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende dúplex de 3 habitaciones, 3 baños, sala muy amplia, cocina y plaza de garaje. Es un piso muy céntrico y está situado encima de un supermercado. Dispone de ascensor y una terraza de unos 25 metros. Calefacción de gas ciudad.	
Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m ²	95.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.	
Codesido 16, Vilalba Casa rural 5 Dorm 2 Baños 254m ²	90.000€
En la parroquia de Codesido, municipio de Vilalba (Lugo), a 7 km del centro de Vilalba, se vende casa de 254 metros, 2.400 metros de finca y tres construcciones agrícolas de 46, 24, 103 metros.	
Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba Casa /Chalet independiente 6 Dorm 3 Baños 449m ²	340.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia, a un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas desprenderte de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades. Precio negociable.	
Mato Vizoso 6, Vilalba Edificio residencial 183m ²	100.000€
En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.	
Billetes, Abadín Casa rural 3 Dorm 1 Baños 200m ²	55.000€
La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.	
Campo de Puento 11, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ²	63.000€
Se vende piso céntrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.	

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

Malestar polo servizo no centro de saúde e de Abanca

Malestar no Concello de Xermade pola situación na que se atopan os usuarios do centro médico, que fixeron públicas as súas queixas sobre a atención aos pacientes dende que hai un mes e medio o anterior facultativo, que estivo preto dun ano en Xermade, foi trasladado. Dende ese momento, o Sergas ten enviado novos médicos cada certo tempo para cubrir a atención primaria "e cada día vén un distinto", aseguran. Esta situación provoca tamén que ao haber só un médico cando se produce unha urxencia, queda o centro sen atención médica.

Os veciños xa presentaron as súas queixas no centro de Saúde e tamén ante o propio Concello, ao que piden a súa intervención para que se destine a un médico de forma continuada para que poda seguir as historias e os tratamentos.

Pero, ademais disto, outra das queixas veciñais ten que ver coa atención bancaria na propia vila, xa que, seguindo a liña que mantén noutras localidades, Abanca anunciou a redución do servizo de atención aos veciños deixando só dous días para atender ao público. Os veciños reclaman ao Concello e ás asociacións tamén a súa intervención para que volvan ao horario anterior.

Adxudicada a obra de mellora da estrada de Xermade a Cabreiros

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou por preto de 380.000 euros as obras de mellora do firme da estrada LU-170, entre Xermade e Cabreiros.

Os traballos, adxudicados á empresa Construcciones Isidro Otero S.L., comezarán na segunda quincena de xullo e terán un prazo de execución de tres meses.

Esta actuación, de reforzo da seguridade viaria na estrada que une Parga con Cabreiros ao seu paso polo municipio de Xermade, acometerase no treito de 5,5 quilómetros.

Os traballos consisten na mellora do firme, mediante o estendido dunha nova capa de rodadura de altas prestacións, limpeza das marxes, a reposición e o pintado das marcas viarias e o reforzo da sinalización vertical.

O Pleno aproba a compra das reitorais de Xermade e Roupar



O Pleno da Corporación aprobou na última reunión a adhesión ao convenio entre a FEMP e a AEAT para a subministración de información tributaria ás entidades locais, que substitúe ao convenio asinado no 2003.

Por outra banda, aprobouse inicialmente unha modificación de crédito para a adquisición das reitorais de Xermade e Roupar, por importe de 110.000 euros, tras chegar a un acordo o Concello e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol. A reitoral de

Xermade (actualmente en réxime de cesión de uso) foi rehabilitada parcialmente polo Concello, mentras que a reitoral de Roupar precisa tamén de obras de acondicionamento, unha vez que se determine o uso que se lle vai dar ao inmovible. Na parte de fiscalización e control, entre outros asuntos, informouse da remisión á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais da execución trimestral do 1º trimestre, e do Período Medio de Pago (12,39 días).



O parque infantil de Xermade

Rematan as obras do parque infantil

O Concello de Xermade, a través da empresa Instalaciones Bahía Park, está a rematar as obras de reforma do parque infantil de Xermade, situado ao lado do pavillón.

Os traballos tiñan un orzamento

de 10.030,90 euros que foron sufrados con cargo ao Plan Único da Deputación do ano 2020.

O novo parque conta con novo solo e valado ademais de novas pezas para xogar que cumpren coa normativa actual.

Volverá en setembro o Encontro de Torneiros



Presentación do XXI Encontro Internacional de Torneiros

A localidade de Xermade converterase de novo este ano no centro da tornería europea grazas á celebración presencial do XXI Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, que terá lugar entre os días 17 e 19 de setembro. Como xa é habitual, Xunta e Deputación colaboran neste evento de divulgación do oficio tradicional, que está organizado polo Concello de Xermade.

Despois dunha edición exclusivamente en liña no 2020, nesta edición vólvese ao formato presencial no que se inclúen demostracións de profesionais de recoñecido prestixio internacional coma o francés Romuald Clemenceau, o oscense Fran Ferrer e os galegos Adrián

Pena, do obradoiro Xar Arte en Madera (Vigo), e Manuel Lolo Castro, Premio Traxectoria nos Premios Artesanía de Galicia 2018.

Durante tres días, Xermade volverase converter no centro do torneado artesanal da madeira, onde cada ano acoden profesionais non só de toda Galicia senón tamén do resto de España e de Europa, e recúpense un espazo de intercambio e aprendizaxe para profesionais e afeccionados.

A colaboración coa organización deste tipo de actividades de impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia para impulsar e consolidar o sector artesan.

A vila contará este verán con campamento para rapaces

O Concello de Xermade organiza un novo campamento de conciliación para rapaces de 3 a 16 anos de idade. O campamento terá lugar entre o 26 de xullo e o 13 de agosto en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas con posibilidade de ampliación ás 8.00 horas para madrugadores.

Durante o mesmo, que terá lugar na

carballeira de Momán, desenvolveranse actividades artísticas, obradoiros, pintura, música e saídas á praia e a Cerceda, ademais dunha festa.

As prazas son limitadas e a inscrición debe realizarse antes do 9 de xullo, a través do rexistro do Concello.

Darase máis información a través do teléfono 678 744 178.



SOTAVENTO. Xermade acolleu os actos de celebración do 20 aniversario do parque eólico experimental Sotavento, contribuíndo ao desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia a través da I+D+i, a sensibilización e a pedagogía. Durante o acto recoñeceuse o labor do Sotavento como un "proyecto pioneiro" de como as administracións públicas poden impulsar proxectos de vangarda a través das enerxías limpas.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



Investimento para mellorar a estrada que vai de Castro de Rei a Campo do Oso.

A institución provincial acondiciona preto de 4 quilómetros da LU-P-1106, que soporta un elevado volume de tráfico pola actividade dunha canteira próxima e porque é moi usada como saída cara Mondoñedo.

MELLORANDO OS SERVIZOS E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA

Ampla experiencia en obra civil, desde regas asfálticas, canalizacións, urbanización de rúas, diques, aglomerado...



**CONSTRUCCIONES
ISIDRO OTERO, S.L.**



CANTERAS ISIDRO OTERO

Dispón de 3 explotacións de árido calizo: Valiño, Grande Mesada e Louseiras.

CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO

Poñemos á súa disposición un variado cadro de persoal capacitado para satisfacer todas as súas necesidades, ademais dun gran abanico de maquinaria de todo tipo e planta de aglomerado en quente.

a pastoriza

Rematan traballos de limpeza en zonas públicas e depósitos

O Concello da Pastoriza rematou estes días diferentes traballos de limpeza e mantemento das zonas públicas que implicaron ás zonas de depósitos de auga do termo municipal.

Así, traballouse na limpeza e posta a punto das fontes e depósito de auga de Bretoña, no de Fitoiro, camiño e depósito de auga de Úbeda, na estación de bombeo de Vián, fontes e depósito de Loboso e Marful, depósito das Curuxeiras na Rigueira, fontes e depósito da Pastoriza e depósito de Toucido en Úbeda.

Así, realizáronse tarefas de limpeza e desbroces do campo de fútbol de Vián, na contorna da piscina municipal, o instituto Fonmiñá, as rotondas do Carrizar e Reigosa. Por outra banda, tamén se fixo o



Labores de desbroce realizados polo obradoiro de emprego en Bretoña

arranxo da praza, campo da festa e limpeza de arquetas en Bretoña, continuando tamén co amaño de beirarrúas na Pastoriza.

Nestas accións de traballos reali-

zados durante este mes, o obradoiro de emprego encargouse principalmente dos labores de desbroce nas zonas verdes de Bretoña.

EN BREVE

ITV MÓBIL. A unidade móbil da ITV entre os días 15 e 26 de xullo na Pastoriza para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os venres, que será só de mañá. A unidade móbil estará situada do 15 ao 19 no campo da festa de San Martín de Corvelle e os resto de días detrás da gasolinera da Pastoriza. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.syciv.com.

AXUDAS. Por outra banda, a Xunta de Goberno Local aprobou o pago das axudas para o impulso da actividade económica e das axudas para a compra de libros e material escolar. Nestes días se está a proceder co inicio do pagamento nas contas dos beneficiarios destas axudas, tal e como informaron os representantes municipais.

Enel reparará o cruceiro do Cristo do Fiouco

A Xunta de Goberno do Concello da Pastoriza aprobou o proxecto de restauración do Cristo do Fiouco, situado no alto da parroquia de San Bartolomeu de Cadavedo.

Trátase dun proxecto no que o alcalde, Primitivo Iglesias, e a empresa Enel Green Power, responsábil do proxecto, foron da man para conservar o patrimonio cultural.

Esta peza histórica data de finais do século XIX e a súa construción foi impulsada por dous veciños e hoxe en día son moitos os fieis que depositan flores ou velas.

A intervención, orzada en máis de 7.000 euros, inclúe unha limpeza da estrutura e o cruceiro, retirando vexetación ou restos vellos de ofrendas. Repararase a cuberta e selaranse as gretas da edificación, que se pintará.



Cortan a estrada de Castro a Campo do Oso



As obras na estrada

O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias, visitou as obras que a Deputación de Lugo está a relizar para a mellora da estrada provincial LU-P-1106 na Pastoriza cun investimento de preto de 170.000€, no treito que conecta Castro de Rei con Campo do Oso pasando por Reigosa. A vía estará cortada ao longo de dous meses para poder realizar estas obras. A institución

provincial instalará previamente sinalización informativa e habilitará desvíos, co obxectivo de que o corte afecte o mínimo posible aos usuarios e usuarias desta vía.

As obras afectarán a uns 4 quilómetros da estrada, entre os puntos quilométricos 16,9 e 20,4. Consistirán na reapertura de cunetas, na pavimentación de aglomerado en quente e na sinalización horizontal.

A piscina municipal acolle un campus de verán

A piscina da Pastoriza acollerá a partir da próxima semana a primeira edición dun Campus de Verán que consistirá en 8 semanas de actividades deportivas con data de finalización o 5 de setembro.

Haberá sesión todos os días de luns a venres, agás festivos, entre as 10.30 e as 13.30 horas. E poderán participar nenos de entre 5 e 16 anos.

O prezo da actividade será de 35 euros por semana e neno con descontos para os que collan máis dunha semana e irmáns.

As inscricións poden facerse na re-



cepción da piscina ou no teléfono 982 332 013. As prazas serán limitadas.

O PP reclama solucións para a estrada de Reigosa a Gontán

“Cada día que pasa, a maioría das estradas que dependen da Deputación están máis deterioradas e resultan máis incómodas e perigosas para os seus usuarios. O grupo provincial popular vén facendo un seguimento moi detallado do estado das estradas e dando visibilidade ao malestar dos veciños máis directamente afectados”, así o indica o portavoz popular, Javier Castiñeira, que di que seguen “recibindo queixas dos veciños da provincia polo pésimo estado das estradas provinciais”. En-

gade: “Comprobamos a veracidade das queixas expostas nas redes sociais polo mal estado de estradas no concello de A Pastoriza, entre outras causas, polo grave deterioro da LU-P 0103, de Reigosa a Gontán; os veciños queixanse polo deterioro desta vía que, comunica os concellos de A Pastoriza e Abadín, pasando por núcleos importantes”.

Os populares considera que “a solución pasa por renovar o firme, con urxencia, porque esta estrada leva moitos anos sen arranxar”.

Polígono Industrial, P. 47 B - 27800 Vilaalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

Organizarán dende o día 19 un campamento

O Concello de Abadín celebrará un campamento de verán gratuíto para nenos de 3 a 12 anos entre o día 19 de xullo e o 13 de agosto.

Os interesados en participar poderán anotarse ata o venres 16 de xullo nas oficinas do Concello en horario de 10.00 a 14.00 horas. Tamén ofrecerán información no teléfono 605 349 137 (Edita).

O campamento contará con diferentes actividades ao aire libre como unha ruta en bici, kayak, inchables na Roxica, tiro con arco, obradoiro de reciclaxe e xogos musicais e tradicionais ademais de facer un día á semana en in-

glés.

Debido á situación provocada polo covid-19 relizaranse as actividades nas que se manteña a seguridade dos nenos e dependendo das condicións meteorolóxicas poderanse cambiar as actividades. Este ano abrirán as opcións e haberá viaxe á praia, que será preto de Tapia, e kayak na zona de Abres.

As prazas establecidas para esta actividade de verán serán dun máximo de 50 e para garantir a seguridade dos pequenos, un socorrista estará con eles en todas as actividades de auga. O Concello está preparando a súa contratación.



CENTRO DE DÍA. O centro de día de Abadín despediu o mes de xuño recibindo na explanada exterior aos músicos da UNED Sénior de Xermade-Guitiriz. Foi esta a primeira actividade comunitaria tras a pandemia e ata lles acompañou o tempo. Participaron Fran, Fina, Martín, Orlando (sin sal), Ac. Orlando, Toxeiro, Celia, Manolo, Ac Manolo, María, Seve, Amador, Cupeiro, Orive e Cruz.

pol

A piscina de Pol estará aberta ata o 31 de agosto



Piscina pública de Pol

Coa chegada do verán, abriu a piscina municipal de Pol, que permanecerá así ata o 31 de agosto.

O horario será de luns a venres entre as 15.00 e as 21.00 horas e

os sábados e domingos en horario continuado de 12.00 a 21.00 horas. O único día que non abrirá será o 24 de agosto, por ser festivo local.

Veciños solicitan unha residencia de maiores

Un grupo de veciños de Abadín veñen de iniciar o proceso para solicitar que no municipio se constrúa unha residencia para a terceira idade. Os promotores da medida, residentes en diversas parroquias do municipio, comezaron por expoñer o seu obxectivo nun comunicado que está a repartirse por todo o termo municipal co obxectivo de recoller firmas nas follas que están a colocar en diferentes negocios.

Unha vez completado este proceso, entregarán as mesmas a unha administración, o Concello ou a Deputación, para facer chegar a súa reivindicación.

O punto de partida da súa campaña é a falta dun xeriátrico no municipio, o que obriga a veciños a acudir a outras localidades cando se ven obrigados a usar un servizo dese tipo. Para os impulsores desta iniciativa, así se crea un prexuízo aos maiores, así como aos seus familiares e achegados, xa que o contacto vaise reducindo.



Na proposta non se recolle ningunha localización concreta. Os promotores recoñecen que poderían ser válidos algúns lugares -por exemplo, Fraiás, onde hai terreo útil-, aínda que sosteñen que a elección debe corresponder a técnicos.

O que si subliñan é que a construción supoñería un estímulo socioeconómico para o municipio. Abadín ten, desde hai anos, un centro de día cuxo funcionamento encomian os promotores desta proposta.

Os veciños aseguran que non están nin a favor nin en contra de ningún partido e que só buscan que se faga esta infraestrutura.

Adamo levará a banda ancha a 145 núcleos rurais do Concello

O Concello de Abadín vén de firmar un convenio con Adamo para que a empresa leve a banda ancha a 145 núcleos do rural, xa que a capitalidade municipal xa conta con este servizo.

Desta maneira, o operador poñerá ao dispor dos residentes nesas decenas de miles de vivendas a fibra óptica máis rápida que existe hoxe en día no mercado (1.000 Mbps).

Segundo este acordo, as obras darían comezo a mediados do mes de setembro e a empresa contaría coa instalación eléctrica para chegar ata todos os fogares,

tal e como teñen pactado con Viesgo e Begasa.

Sumadas ás 50.000 actuais, Adamo alcanzará deste xeito un total que pasa das 76.500 vivendas conectadas á súa rede provincial nos próximos dous anos.

Este crecemento apóiase, por unha banda, nas subvencións do Programa de Banda Ancha de Nova Xeración (PEBA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que está cofinanciado pola Unión Europea (UE). Adamo xa ofrece servizo en 700 municipios de todo o país.

O PSOE reclama ao Concello axudas por nacemento

Os socialistas de Abadín demandan axudas ao Concello para que incentive prestacións económicas destinadas ás familias por nacementos, adopcións ou acollemento. Así o anunciou o voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz, quen rexistrou unha moción no Concello sobre este asunto.

Díaz explica que "rexistramos esta proposta, asumindo as dificultades que ten o noso concello para fixar poboación, e tentando presentar iniciativas que contribúan a reverter esta situación que tanto nos afecta. Por iso demandamos ao Concello que habilite axudas económicas para evitar o despoboamento na vila".

Demandan un pleno para falar de emprego

O voceiro Socialista de Abadín, Pablo Díaz rexistrou a petición da celebración dun pleno extraordinario, "polo incumprimento do alcalde" xa que non se celebrou a reunión ordinaria de maio, para coñecer as iniciativas do PP en relación á creación de emprego na vila.

A Deputación de Lugo, a través do Plan Único, concede ao Concello de Abadín 354.681 euros de inversión económica que serán repartidas en diversas actuacións. "Atopámonos nun momento moi sensible, no que a nosa veciñanza reclama emprego e un futuro digno. Por iso queremos saber cales son as previsións do Goberno do PP de Abadín para a creación de emprego na vila", insistiu.

Ademais o voceiro interpela ao Goberno "sobre a multa interposta ao Concello de Abadín polo Director Xeral de Saúde Pública por un importe de 3.005 euros, no polideportivo municipal. Como é posible que as veciñas e veciños de Abadín teñamos que pagar unha multa por esta contía tan elevada. E que medidas tomou o Concello?", espetou.



Acordo para rehabilitar o colexio de Baamonde e facer un auditorio

Despois dun ano de protestas, manifestacións e concentracións, os pais do colexio de Baamonde non conseguiron evitar o peche do centro, cuido alumnado deberá incorporarse aos centros da contorna, preferiblemente no de Begonte, o Virxe do Corpiño.

Unha vez que xa non quedou moito máis que aportar, o alcalde de Begonte, José Ulla, confirmou o compromiso de Vicepresidencia e Turismo e da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para acometer a rehabilitación do colexio de Baamonde e a construción dun auditorio ao carón do centro educativo.

As negociacións levadas a cabo polo rexedor fixeron posible conquistar os apoios destes dous departamentos do Goberno galego que se suman ao xa manifestado publicamente polo de Cultura e Educación, que dirixe Román Rodríguez e ó investimento na mellora das instalacións do colexio Virxe do Corpiño de máis de 500.000 euros, xa en fase de licitación.

Este compromiso manifestado na reunión mantida a tres bandas polo máximo mandatario municipal, o vicepresidente Alfonso Rueda e a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, traducirase nun convenio que determinará o financiamento e o desenvolvemento do proxecto. A sinatura producirase nos vindeiros días.

José Ulla agradece a colaboración do vicepresidente e dos dous conselleiros pois, sinala, “permitirá que contemos con novas instalacións educativas e, por tanto, aumentar a oferta formativa que ofrecemos na actualidade”. Concretamente, o antigo centro albergará unha escola de música e nas súas inmediacións construírse un auditorio que completará de xeito paralelo a formación que se imparta na escola. Ó mesmo tempo



Colexio de Baamonde

dito auditorio enclavado na localidade de Baamonde, lugar de paso e final de etapa do Camiño Norte de Santiago, permitirá establecer una programación periódica de actividades culturais da que poderán desfrutar vecinos e peregrinos.

TRANSPORTE ESCOLAR. Despois das numerosas protestas, a Xunta anunciou tamén que porá en marcha no vindeiro curso 2021/2022 novas liñas de autobús integrado para garantir o servizo de transporte público aos escolares de Pígara (Guitiriz) que cursan os seus estudos en distintos centros educativos da contorna begontina. Ás liñas que xa estaban operando para trasladar ao alumnado aos seus centros de referencia sumáronse novos servizos cando comece o próximo curso.

Así, mantense a ruta do IES Río Miño (Rábade) e amplíase a do CEIP de Baamonde (Begonte), que integrará os estudantes no CEIP Virxe do Corpiño, do mesmo municipio, polo que despois de facer parada en Baamonde, o bus estenderá o seu traxecto ata o colexio da capitalidade.

Ademais, desde setembro funcionarán novas liñas integradas para facilitar os traslados de alumnado matriculado en centros educativos do concello de Guitiriz: CEIP Santo Estevo de Parga, CEIP Lagostelle e IES

Poeta Díaz Castro.

A Xunta indicou que os rapaces e rapazas que cursen BAC tamén poderán facer uso das novas liñas integradas de xeito gratuito, sen que iso implique facer modificacións nas rutas ou crear novas paradas.

Poden acceder ao autobús de balde empregando a Tarxeta Xente Nova, que a Xunta vén de estender a toda Galicia e que permite viaxar de xeito gratuito aos menores de 21 anos.

Segundo informa o Concello de Guitiriz, “así dase solución por fin á situación na que se atopaban tres familias desta parroquia que reivindicaban desde o ano 2019 o seu dereito a ter un transporte gratuito para que os seus fillos e fillas se desprazasen ao IES Poeta Díaz Castro para cursar a ESO”.

“O Concello sempre apoiou as súas demandas”, dixo e engadiu que próximamente, publicará unha liña de axudas que lles permitirá sufragar o 50% dos gastos ocasionados por non contar co servizo de transporte escolar no último curso.

“Esta é unha nova moi agardada en todos os sentidos xa que, ata onte, ao redor de 15 familias de Pígara que xa fixeran a reserva de praza dos seus fillos e fillas no CEIP Santo Estevo de Parga ou no CEIP Plurilingüe de Lagostelle non tiñan confirmado o transporte escolar ao centro que escolleran”, explican.

Volve o torneo de Fútbol Burbulla a Baamonde



Unha imaxe de arquivo dun partido de fútbol burbulla

O Cercud da praia fluvial de Baamonde recupera o Torneo 3x3 Fútbol Burbulla, que terá lugar o 31 de xullo. Trátase dunha actividade que conxuga o deporte coa oferta lúdica e consiste en xogar metido dentro dunha burbulla xigante, que lles ocupa aos xogadores todo o tronco. Pódense dar golpes e revolcóns sen ningún tipo de perigo e lesións.

Cada equipo estará formado por tres xogadores admitíndose equipos masculinos, femininos

e mixtos coa única limitación de ter máis de 16 anos.

Os 3 primeiros clasificados levarán trofeos e vales agasallo dunha tenda deportiva e o resto medallas. Ademais haberá unha comida de confraternización entre os equipos.

As inscricións están abertas ata o xoves 29 de xullo e ten un custo de 10 euros por persoa e 30 por equipo. Toda a información pódese atopar na web futbol-burbulla.com, onde tamén se poden facer as inscricións.

O Virxe do Corpiño entra na Rede de Centros Plurilingües e recibe unha axuda para a biblioteca



Rapaces do colexio, anunciando a distinción de centro plurilingüe

O CEIP Virxe do Corpiño incorporárase o novo curso á Rede de Centros Plurilingües de Galicia e ao programa Pluriinfantil.

O principal cambio que suporá para o centro é que con esta medida impartirase unha materia non lingüística en inglés, progresivamente desde cuarto de Educación Infantil ata sexto de Educación Primaria.

Ademais, o centro contará cun auxiliar de conversa, nativo dalgún país de fala inglesa, para complementar e enriquecer o traballo da mestra de inglés co alumnado. Así mesmo,

o alumnado recibirá ao remate de cada etapa unha certificación de que realizou os seus estudos nun centro plurilingüe.

Como complemento, o centro levará a cabo actividades extraescolares e complementarias plurilingües, co obxecto de potenciar a aprendizaxe das linguas.

Ademais, o centro vén de incorporarse ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares da Consellería de Educación no que o centro recibirá unha dotación económica de 4.000 euros exclusiva para a biblioteca escolar.

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com



25 de xullo de 2021, **DÍA DE GALICIA**
un día para celebrar todo o que somos o resto dos días.

Unha festa para enmarcar

Campamento de verán para rapaces

O Concello de Riotorto organiza de novo este ano un campamento de verán para o verán. Esta actividade inclúe obradoiros, excursións, xincanas, búsqueda do tesouro e máis sorpresas. Será entre os días 2 e 7 de agosto en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 3 a 14 anos. As prazas estarán limitadas a 30 persoas e as inscricións poden facerse no Concello antes do xoves 30 de xullo. O campamento estará adaptado á normativa covid-19 e terá un prezo de 30 euros para os empadroados e de 50 para os que non o están. O prezo por neno empadroado no Concello e de 30 euros e dos que non o estean será de 50 euros.

ITV móbil en xullo

A unidade móbil da ITV estará entre os días 27 e 28 de xullo en Riotorto para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 o 27 e de 15.15 a 18.00 horas o 28.

A unidade móbil estará situada na Grova, estrada Riotorto a Marco de Alvare. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

O concelleiro socialista acusa ao alcalde de persecución por cortarlle a auga no domicilio

O voceiro Socialista de Riotorto, José García, anunciou que continuará coa denuncia diante do Contencioso Administrativo, tras a decisión do alcalde de Riotorto de cortarlle a auga no seu domicilio particular situado na parroquia de Espasande de Abaixo, e que nestes intres xa está restablecida, tras cortala o pasado xoves día 24. Alegaban dende o Concello que o concelleiro non pagaba as cotas.

O 26 de xuño, ás 17:00 horas un fontanero que realiza traballos como autónomo, personouse no domicilio do voceiro socialista para comunicarlle ía dar auga na vivenda, e que tamén ía instalar un contador fora da súa vivenda.

José García cualifica todo este espectáculo do PP de Riotorto “como bochornoso”, ademais de converterse “nunha auténtica persecución política, que non pode ter cabida nunha democracia. Eu estou ao corrente dos pagos n tocante ao servizo de augas. Polo tanto considero que cortar o abastecemento de auga no meu domicilio particular durante 3 días, foi unha medida



O concelleiro fronte á súa casa

caciquil, déspota e incoherente”, insistiu.

“As veciñas e veciños merecen un alcalde comprometido, serio e rigoroso, e non unha persoa que usa o despacho da Alcaldía e o seu cargo político para amedrentar a oposición política do seu Concello. Non quero que ningún veciño deste Concello pase pola situación que pasei eu estes 4 días, sen poder ter acceso a auga na miña vivenda, polo tanto pelexarei para poñer luz e taquígrafos a esta lamentable situación”, resumiu.

Volve o San Cristóbal o día 10

O Concello de Riotorto recupera o sábado 10 de xullo a celebración do San Cristóbal, que foi suspendido o ano pasado por mor da pandemia.

Malia que haberá celebración, esta será moi somera para manter as recomendacións sanitarias.

Así, haberá misa ás 12.30 horas seguida da tradicional bendición de vehículos, que terá lugar na praza das Ródrigas. Finalizarán a xornada festiva cunha sesión vermú, que estará a cargo do grupo D’Cano, que xa tiña prevista a súa actuación na edición anterior.



Paraguas da comisión de festas

O Concello reparte as axudas ás asociacións sen ánimo de lucro

O Concello de Riotorto fixo públicas as axudas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que oscilan entre os 400 e os 1.100 euros. As dúas que máis reciben son a Asociación de Gaiteiros, con 1.100 euros e a de veciños de Santa Comba de Órrea, que ten 1.000 euros de axuda. Tamén reciben 800 euros a Asociación Cultural Arrincadeira e a Anpa.

Con cen euros menos quedan As amas de casa Santa Isabel da Ilusión, o coro parroquial, os veciños de San Xosé de Vilaseca e o club de bolos. O club Enduro recibe 750 euros.

Tamén haberá 600 euros para os veciños de Vilar de Santiago e os de Augaxosa. Pechan a listaxe, os de Chacín, Vale, Lourido Virgen de la Piedad e os de Santa Marta de Meilán.

O Pleno aproba unha nova edición das axudas da luz e a estudantes

O goberno local de Muras sacou adiante co voto unánime da corporación municipal, unha nova edición das bases de axudas ao pago da factura da luz e as de estudantes. O Concello destinará a este capítulo un total de 99.000 euros.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros. Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Manterase tamén o

tope da axuda en fogares con rentas inferiores ata 15.000 euros, que xa subiu o ano pasado.

Estas novas axudas volverán convocarse no mes de febreiro, como vén sendo habitual no Concello, para cubrir os gastos do ano 2021. O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, manifestou que “estas subvencións é o quinto ano que se aproban e está claro que están para quedarse e supoñen nestes momentos que vivimos unha axuda importante xa que por exemplo para un negocio pode supoñer a axuda o custe de dous meses de electricidade”.

ESTUDANTES. Por outra parte, tamén se aprobaron as bases das axudas destinadas aos estudantes e neste sentido, mantivéronse as contías do ano pasado.

A piscina abrirá cando mellore o tempo por primeira vez trala súa remodelación



Unha imaxe da piscina de Muras, que abrirá trala súa remodelación

O Concello de Muras acordou a apertura este ano da súa piscina de verán, que foi remodelada a pasada tempada e que finalmente non abriu debido á situación de alerta nos concellos limítrofes pola incidencia da covid.

O Concello está a esperar que me-

llore o tempo para dar o servizo de uso a esta piscina que conta cun novo vaso infantil e co de adultos remodelado incorporando novas bombas de aspiración e depuración. Completouse o proxecto de obra co peche do recinto. Todo cun orzamento de 110.000 euros.

O ex alcalde Isaam Alnagm sentarase no banco dos acusados

O ex alcalde de Muras Issam Alnagm Azzam terá que regresar ao xulgado o venres 9 de xullo, acusado dun delito continuado de prevaricación. O ex rexedor enfróntase a doce anos de inhabilitación por ditar supostamente resolucións coa súa esposa como persoa interesada tendo un réxime xurídico de gananciais.

Concretamente, o escrito fai referencia á concesión dunha licenza de obra para a legalización dunha nave no lugar de Cal do Baño, unha nave de nova construción amparada por unha licenza para alpendre outorgada no ano 2003, situada nunha parcela considerada solo rústico de protección de espazos naturais dentro do LIC Rede Natura.

Tamén está acusado de anular recibos da taxa de residuos sólidos urbanos de dúas vivendas de Gobeitas. Ademais figura a investigación sobre outras resolucións para a limpeza dun camiño e de diversas certificacións de clasificación urbanística en parcelas da esposa de Alnagm.

A Deputación inviste na mellora e recuperación da Campa do Plantío

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Meira, Antonio de Dios Álvarez, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio a través do que a institución provincial destina 288.000€ para o acondicionamento da Campa do Plantío, uns terreos que servirán para dotar a este concello dun espazo polivalente para a celebración de todo tipo de actos, axudando a liberar o casco urbano do municipio.

“Esta é unha actuación moi importante para Meira, que non ten un espazo habilitado para celebrar os grandes eventos como a Feira de Exposicións ou a Festa da Xuventude, por exemplo”, sinalou o presidente. Así mesmo, crearanse neste lugar 250 prazas de aparcamento, que actualmente son moi necesarias para dar resposta ás necesidades que hai na localidade.



O alcalde e o presidente da Deputación

Será unha zona cerrada que tamén servirá para instalar a Unidade Móbil da ITV, que na actualidade utiliza a rúa Fray Vidal, cortando a circulación, ou a praza do Concello e a do Convento Cisterciense, coa incomodidade que supón para os veciños e as veciñas do municipio”, sinalou o Presidente, quen enmar-

cou este investimento provincial no compromiso da Deputación coa cooperación cos concellos da provincia para que poidan dotar de máis e mellores servizos públicos á veciñanza. Así mesmo, distinguírase unha zona deportiva e para autocaravanas.

O acondicionamento da Campa do Plantío, que contará cunha achega total da Deputación de Lugo de 288.000€ dividida en tres anualidades, contempla formigonar unha explanada dunhas dimensións de 48x85 metros na parte máis elevada do terreo, prolongando así a rúa dos Colexios, dende o cruce coa rúa Fray Vidal, xusto en fronte do Centro de Atención a Maiores da Deputación. O proxecto inclúe dotar a estes terreos de zonas de acceso peonil, iluminación, plantación de árbores e un peche de madeira para integrar a obra na contorna.

A Coral busca voces novas para o grupo

A Coral Polifónica de Meira, Aíriños do Miño, abre un período de captación de cantantes para formar parte do colectivo musical. Así, invita a todos os que o desexen a achegarse ás súas instalacións para coñecerlos e unirse á coral.

Os que queiran poderán acudir aos ensaios, que terán lugar os sábados ás 18.30 horas nos Cabanóns de Meira.

“De verdade que se che gusta cantar a Coral Polifónica de Meira e o teu sitio ideal”, indican.

Abre a piscina ata final de verán e mudan horarios municipais

O Concello de Meira abriu as portas da piscina municipal, que estará operativa durante os meses de verán. Os usuarios poderán gozar desta instalación, que cumprirá coas medidas fronte á covid-19, en horario de 12.00 a 20.00 horas.

Os interesados en adquirir bonos para varios baños terán que achegarse ata as dependencias, mentres que na piscina poñeranse á venda as entradas para un día.

Por outra banda, o Concello tamén mudou os horarios. Así, agora a atención ao público no Concelo será de luns a vernes de 9.00 a 13.00 horas. O centro sociocultural e biblioteca será nas mesmas xornadas pero de 9.00 a 14.00 horas.

Tamén muda o horario da oficina de turismo que será de martes a sábado de 10.00 a 13.30 horas e de 16.30 a 19.00 horas. Os dominos só atenderá pola mañá.

Fin de semana de carrilanas

Meira e Ribeira de Piquín converte-ranse esta fin de semana no centro dos deportes de inercia coa celebración de senllas baixadas de carrilanas, sábado e domingo respectivamente, organizadas pola Asociación de Carrilanas Os Meiregos coas que se recupera esta afección que este ano, por exemplo, non contará coa tradicional cita de Abadín.

Para Meira esta será a segunda edición, xa que a primeira tivo lugar no 2019, xusto antes do inicio da pandemia e polo que o ano pasado non puido celebrarse. Non é o mesmo coa de Ribeira de Piquín, que se estrea nesta ocasión.

As dúas probas convértense así en practicamente as primeiras da tem-

pada tras máis dun ano de parón —houbo un par delas en Cataluña en xuño— e a expectación é máxima. Xa hai rexistrados e Meira 45 pilotos e en Ribeira de Piquín, 52. Este número non puido ser maior xa que se puxo un límite, por loxística, horarios e protocolo covid, En ambas as xornadas, polas mañás serán as verificacións e o briefing. Tras a comida, e a partir das 15.00 horas, dará comezo a competición, cunha baixada de recoñecemento e outras dúas oficiais.

O percorrido de Meira, de preto de tres quilómetros, arrincará xunto aos eólicos para pasar polo Pedregal de Irimia e finalizar na aula da natureza, cunha pendente do 12%. No caso de



Ribeira de Piquín, a baixada será pola LU-751, desde o miradoiro ata Chao de Pousadoiro, cun 10% de desnivel.

ACEA recupera o día 18 a Festa dos Coches

A Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos (Acea) de Meira, en colaboración co Concello, recupera para o próximo 18 de xullo a Festa dos Coches polo San Cristovo.

Esta festa non só foi suspendida pola pandemia, xa levaba varios anos, concretamente dende 1969, sen celebrarse pero decidiron retomala nesta ocasión para dálle un impulso á hostalaría e o comercio local, a iniciativa da parroquia de Santa María de Meira e como unha forma de facer un festexo evitando o contacto entre persoas.

O programa da Festa arrincará ás 12.00 horas cun pasarrúas e ás 13.30 está previsto que se inicie a bendición de vehícu-



los. Durante todo a mañá haberá máis pasarrúas e música que rematarán ás 15.30 horas, cando se fará un sorteo de 300 euros e a entrega de premios. Entre os premios figuran tres vales de 150, 100 e 50 euros para gastar nos negocios que son socios da Acea.

Elixidos os gañadores do premio de debuxo e poesía Avelino Díaz

O colectivo cultural Avelino Díaz fixo público o resultado da cuarta edición do Certame de Debuxo e Poesía.

Entre os máis pequenos, de 3 a 8 anos, a disciplina foi o debuxo e o vecendor foi Hugo Campos Nogueira, con *Guerra na granxa*, seguido de Alba Murado Folgueira, por *A festa de Meira*, e Antía Peña García, con *A nena da estrada*. Houbo accésits para Daniela Prieto, Xabier González e Mara Campos.

En poesía, na categoría de 9 a 12 anos, el traballo *Tan rápido?* de Ana Hernández Martínez foi a gañadora á que acompañaron *Lem-*

brando a nosa terra, de Mateo Gesto Gil, e *O outono chegou*, de Carlos Raposo Riestra; e accésit para Sergio Alonso.

Na categoría C, de 13 a 17 anos, a gañadora foi Uxía Fernández Mazaira, de Lugo, coa peza *Muller*, seguida de Anele Franqueira Lamas, con *Sentamos enfrente da fogueira*, e Sara Sánchez Blanco, con *Chuvia*.

Entre os maiores de 17 anos, o primeiro premio foi para o traballo *Custodia da fenda*, de Beatriz López Dorado. Tamén gañaron Ermitas Rodríguez Gómez, con *Os abrazos pendentes*, e Xosé Lastra Muruais, de Ortigueira, con *Tremores*.



CONTADOR. O Concello de Meira puxo ao dispor do público un novo contedor para reciclaxe de roupa e calzado (para a súa destrución, non reutilización). A roupa e o calzado deben introducirse en bolsas pechadas. Está situado á beira da igrexa parroquial de Meira, na beirarrúa de Julio Cachafeiro, xunto aos outros contedores.


TERRA CHÁ

A covid repunta na mocidade coa retirada de máscaras ao aire libre

A tendencia á baixa no número de contaxios da covid rompeuse dende hai dúas semanas debido á rebaixa de restricións que pasou pola retirada do uso de máscaras en zonas ao aire libre. Agora, hai un repunte importante do que parece a quinta vaga extendéndose de forma rápida entre a mocidade, que non está vacunada. Está condicionado tamén polo enorme gromo que comezou en Mallorca e que se estendeu por toda España nas viaxes de fin de curso.

Ademais da retirada de máscaras, tamén se reduciron horarios de peche e ampliaron aforos. Sen dúbida o principal cambio produciuse coa apertura do ocio nocturno, a partir do pasado día 1.

Nas terrazas o aforo pasa a ser do 100% sempre que as mesas cumpren a distancia de seguridade. No interior manterase o tope no 50%. Ademais, permítese pedir e servir



nas barras de bares e cafeterías pero non se poderá consumir.

Tamén se permite agora a reunión de seis persoas en interiores e ata quince nas terrazas e reabren as zonas de lecer dos centros comerciais, ademais de aumentar aforos lugares de culto, academias, centros de formación, museos, acuarios e zoolóxicos.

Agora, na Terra Chá non hai concellos en alerta aínda que hai casos na gran maioría deles pero cunha incidencia moi baixa e sen gromos.

A situación no resto da provincia é similar agás en Sarria, onde existe un gromo moi activo que está en continuo crecemento. Tamén en Lugo os casos novos soben.

As obras da vía entre Riotorto e Bretoña están preto do final

O alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias Sierra, e o alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, visitaron a primeiros deste mes as obras da estrada que une as dúas localidades no treito entre Espasande de Arriba e Bretoña, pasando por Ladaña e Luxilde. Estas obras foron negociadas por ambos concellos e financiadas na súa totalidade pola Xunta de Galicia. Trátase da vía de comunicación máis importante entre estas dúas localidades próximas.

Os traballos, que consistiron no asfaltado e adecuación da vía, están preto da súa finalización.



Os alcaldes de Riotorto e A Pastoriza, supervisando as obras

Guitiriz adxudica a xestión da unidade de atención temperá e Vilalba a ubicará na praza

O Concello de Guitiriz vén de adxudicar por 33.180,95 euros o contrato para a xestión do Servizo de Atención Temperá para a atención integral a nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade que se realiza de xeito conxunto cos concellos de Vilalba e Xermade. A atención temperá enténdese como o conxunto de intervencións, dirixidas á poboación infantil, á familia e á contorna dos menores que teñen por obxecto dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan as crianzas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñan risco de padecerlos. A atención, que comezará ao longo do mes de xullo, levarase a cabo nos espazos habilitados para tal fin e os usuarios ou usuarias terán que ser derivados polo servizo de pediatría do Sergas. No caso de Guitiriz este servizo prestarase na planta baixa da Aula CeMIT e contará co seguinte persoal: un terapeuta ocupacional (10 horas semanais), un logopeda (11 horas semanais) e un fisioterapeuta (4 horas semanais).

O Concello asumiu neste exercicio a xestión e a agrupación dos



Unha unidade de atención temperá

servizos entre os tres concellos, que teñen concedidas un total de 1.596 horas ata o fin do presente contrato, marcado para o 31 de outubro do presente ano 2021.

VILALBA. Pola súa banda, o Concello de Vilalba informou que esta unidade estará situada na planta baixa da antiga Praza de Abastos e contará cun equipo interdisciplinar formado por 3 profesionais en logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia. Os nenos e nenas deberán ser derivados polo seu pediatra para facer uso do servizo. As persoas interesadas poderán pedir os seus servizos de luns a venres, en horario de mañá e de tarde.

Comeza o repintado da vía de Rábade a Vilalba

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a acometer o repintado íntegro da sinalización horizontal na estrada LU-541 co fin de reforzar a seguridade na circulación por esta vía, que conecta os concellos de Rábade e Vilalba.

Os traballos comezaron o pasado mércores e está previsto que queden completados esta semana. A Xunta inviste 44.300 euros para actuar nos 17,2 quilómetros da estrada, con cargo ao contrato de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona norte da provincia. A sinalización horizontal foi renovada por completo, tanto as liñas de separación de carrís como os símbolos pintados, tales como os de ceda o paso ou as frechas de retorno.

A LU-541 é unha estrada con moito tránsito, pois dá servizo aos veciños de Vilalba, Begonte e Rábade, ademais de ser probablemente a vía

máis empregada polos veciños de Vilalba nos seus desprazamentos ata a capital da provincia, xa que en Rábade conecta coa A-6.

DESBROCE. Continúan os traballos de roza nas marxes das estradas autonómicas lucenses, que contan cun orzamento de 649.300 euros para actuar en case 1.500 quilómetros de estradas. Os traballos xa se iniciaron en maio e estímase que durarán ata mediados deste mes de xullo.

O obxectivo desta medida é incrementar a seguridade nas estradas, ao mellorar a visibilidade e diminuír a presenza de materia potencialmente esvaradía. Esta actuación tamén optimiza a capacidade de evacuación dos sistemas de drenaxe das vías (cunetas, tubos...), evitando estancamentos por vexetación; e favorece a percepción da posible irrupción de animais na calzada.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

La Casilla

Especialidad en almejas y chuletón

Rúa da Amizade 19 GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

www.lacasilla.es

Florencio Delgado Gurriarán, protagonista das Letras Galegas

A Real Academia Galega dedicarlle o Día das Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903 – Fair Oaks, California, 1987). O Pleno da institución acordou na sesión celebrada esta mañá renderlle homenaxe o ano que vén ao autor ourensán, cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora. A RAG non só celebrará o excelente poeta que foi, cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras. A través da súa figura tamén homenaxeará, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea. Florencio Delgado Gurriarán, avogado de formación, foi poeta, articu-



Florencio Delgado Gurriarán

lista, pioneiro da tradución poética interlingüística, editor literario e home ponte entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior, capaz de tecer asemade vínculos coa intelectualidade doutras orixes. Foi tamén un extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953), a revis-

ta Vieiros –da que foi director xunto con Carlos Velo e Luís Soto–, a audición radiofónica “Hora de Galicia”, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e de varias publicacións de carácter político e cultural. Por iso o seu Día das Letras Galegas será tamén unha homenaxe serodia a todo o exilio mexicano.

Comeza un ciclo de teatro en 36 concellos

Dez compañías actuarán dentro do circuíto de teatro profesional Aparte, organizado pola Vicepresidencia da Deputación en colaboración con concellos e asociacións. Trécola, Titiriterra, Mircromina Teatro, Lílã Teatro, Ubú Teatro, Señor López Producións, Ítaca Teatro, Pinconús Teatro baixo da area e A compañía solitaria do Dr. Monifate xirarán polas comarcas da provincia con montaxes para distintos públicos. A programación ponse en marcha coa mesma fórmula que o ano pasado para facilitar que concellos e asociacións teñan marxe para cambios ou aprazamentos de datas, en función da situación sanitaria. Na presentación do circuíto, acompañada por integrantes de Ubú Teatro, Pínconús e Ítaca Teatro, a vicepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, sinalou que coa

organización deste ciclo se “mantén o apoio á rede de compañías de teatro e facilita que todas as persoas poidan disfrutar das artes escénicas e da actividade cultural en todo o territorio”. O calendario inclúe representacións nos concellos chairegos de Riotorto, Meira, A Pastoriza, Pol, Friol, Rábade, Guitiriz, Vilalba e Xermade. Maite Ferreiro agradececeu “a colaboración de concellos e asociacións para levar a cabo esta programación teatral”. Así, o 9 de xullo representárase Sr. López en Meira ás 20.00 horas e o 28 de agosto en Mosteiro, ás 18.30 horas; o 17 de agosto, *O Vixiante dos Soños*, de Ubú estará en Rábade ás 19.00 horas e o 10 de setembro en Guitiriz, a las 19.30 horas. O 26 de agosto *Poeta en Nova York*, de T. B. Area, estará en Vilalba ás 20.30 horas.

Organizan roteiros de artesanía pola provincia

O Centro de Artesanía e Deseño bota a andar o programa Lugo é Artesanía, con visitas a unha vintena de obradoiros das distintas comarcas durante os meses de xullo, agosto e setembro. As persoas interesadas en participar deben inscribirse previamente a través do enderezo electrónico info.centrad@deputacionlugo.org ou no teléfono 982 210 066. Na terceira xornada viaxeira, o 21 de agosto, visitarán terras chairegas para coñecer o traballo artesán de Idoia Cuesta, en Outeiro de Rei, e Xaneco. Xantarán de pícnic en Penas de Rodas e, pola tarde, visitarán o torneiro Vicente Ledo na aldea artesá da Fraga en Xermade. Na sétima e última xornada, o 25 de setembro, coñecerase o traballo dos ferreiros de Riotorto, a extraordinaria paisaxe que os acolle e a arquitectura



etnográfica do seu oficio. Para estas xornadas hai un aforo máximo de 15 persoas. Por outra banda, no Turismo Artesanal Activo Experimenta Artesanía, o 22 de agosto poderase desfrutar do Torneado na Aldea artesá da Fraga, no Lugar de Cazás, Xermade. Será para un máximo de 3 persoas. Xa o 19 de setembro será a quenda no obradoiro Idoia Cuesta.

Proxección da película ‘Cuñados’ en Outeiro de Rei, A Pastoriza e Muras

A Vicepresidencia da Deputación provincial de Lugo promove para este verán proxeccións na rúa da película *Cuñados* en doce concellos. Lourenzá, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Pantón, Lánchara, Taboada, Cervantes, Carballedo, Palas de Rei, Castroverde, A Pastoriza e Muras acollerán as sesións de cine ao aire libre, organizadas coa colaboración de distintas asociacións. O responsable de Cine na rúa, Xoan Mariño, destacou que “o fil-

me poida verse en sesións de cine na rúa, en vilas e localidades pequenas, ao tempo que segue nos circuíto comerciais é algo inédito xa que, explicou, este tipo de iniciativas non adoitan levarse a cabo ata un ano despois da estrea das películas”. Pola súa banda, Alfonso Pérez Montaña, agradeceu “o apoio da Vicepresidencia á difusión do cine en galego” e convidou á veciñanza “a botar unhas risas co filme”. Dirixido por Toño Pérez e cun

elenco formado por actores e actrices como Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez, Eva Fernández ou Iolanda Muíños, entre outras, o filme, rodado en plena pandemia en localizacións de Ourense, estase a converter nunha das estreas do ano. Mantense en salas comerciais de Lugo, Coruña e Compostela despois de doce semanas na carteleira. Proxectárase en Outeiro de Rei o día 15 de xullo, na Pastoriza o 24 e en Muras o día 27 de agosto.

FELICES FIESTAS

TEXAS

MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y BARRILEMTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamientos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 · VILALBA (LUGO) · Telf: 982 511 200

AGRO

Case 4.000 galegos recibiron as axudas da PAC do ano 2020

Un total de 3.977 gandeiros e agricultores galegos recibiron da Xunta case 15 millóns de euros correspondentes ás axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da campaña de 2020 da Política Agrícola Común (PAC). En concreto, polas achegas de agroambiente e clima repartíronse 12,9 millóns e polas de agricultura ecolóxica algo máis de dous millóns de euros. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica hoxe a resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), dependente da Consellería do Medio Rural, que permite consultar estes beneficiarios, así como o importe das axudas concedidas. Nunha orde publicada en febreiro do ano pasado, a Consellería regulou a aplicación dos pagamentos directos



á agricultura e á gandaría, así como as axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control, no marco da PAC. Cómpre sinalar que estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Cabe recordar que as axudas da PAC

son de gran interese para o sector primario, xa que contribúen a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana. Deste xeito, perseguen compensar aos agricultores e gandeiros pola súa prestación de servizos esenciais, co obxectivo de que poidan competir con outros países ao tempo que atenden ás esixencias específicas dos consumidores e consumidoras europeas.

Por último, cómpre lembrar que todos os que queiran consultar os beneficiarios das axudas agroambientais e de agricultura ecolóxica da PAC 2020, así como os importes concedidos, poden descargar a aplicación móbil Sga@pp e revisar as resolucións completas das solicitudes indicadas.

ELISARDO BARCALA



A mellora xenética do porco celta recibe unha achega



Exemplares de porco celta, nunha explotación de Friol

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) achegará un total de 123.438 euros para financiar un programa de avaliación do porco celta que ten como principal obxectivo favorecer a selección e mellora xenética que permita garantir a continuidade desta raza autóctona galega. Trátase de deseñar un procedemento de avaliación xenética de individuos desta raza que poida permitir o establecemento dun programa de aumento da súa poboación e definir liñas xenéticas reprodutivas, multiplicativas e de produción.

Así o avanzou o director da Agacal, José Luis Cabarcos, nunha visita a unha explotación de porco celta en extensivo no concello de Friol. Para a realización destes fins, estableceuse un acordo de colaboración entre o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, adscrito á Agacal, a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (Asoporcel) e o Centro Tecnolóxico da Carne (tamén dependente de Medio Rural). Este

convenio permitirá impulsar o devandito programa de valoración de animais reprodutores, que garantan a continuidade da raza, con liñas xenéticas ben diferenciadas en función de obxectivos de selección. A idea é establecer os mellores cruzamentos dispoñibles, co fin de obter información útil para as gandarías colaboradoras e para os propios xestores do libro xenealóxico da raza. Ao tempo, contéplase o fomento dun sistema de aproveitamento silvopastoril con base nesta raza, que se considera do máximo interese para o aproveitamento de terreos infrautilizados e para a preservación e control da biomasa mediante a actividade propia destes animais. Así, valórase a súa potenciación mediante estudos e investigacións que melloren o seu posicionamento. Actualmente están rexistrados en Galicia un total de 4.141 exemplares de porco celta, dos que 746 son nais e 181 sementais, nun total de 138 gandarías colaboradoras.

Dermatite alérxica por picadura de pulga

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar dun problema moi común causado por un parásito moi común. Imos falar da Dermatite Alérxica por Picadura de Pulga.

A dermatite alérxica á picadura das pulgas (DAPP) é unha reacción alérxica debida aos antígenos contidos no cuspe das pulgas. É a afección cutánea máis frecuente en cans e gatos en lugares cálidos e máis ou menos húmidos (costa de Galicia). En zonas cun clima máis duro (como a Terra Chá) adoita ser un proceso estacional, (por desgraza o cambio climático e a subida das temperaturas invernales, está a facer que desapareza esa estacionalidade). Con todo, unha vez establecido o estado alérxico basta unha picadura semanal para o seu mantemento, polo que adoita converterse nun proceso crónico. A infestación por pulgas non conleva necesariamente a unha DAPP, polo que non hai que confundir os dous procesos. A DAPP é rara atopala antes dos 6 meses de idade e adoita presentarse entre o ano e os 3 anos, aínda que algúns autores consideran o período de aparición dos 3 a 5 anos. Os Pastores Alemáns e Bouvier de Flandes parecen estar pre-



dispostos a esta clase de alerxia. A pulga responsable desta dermatite é, na maioría das ocasións, a pulga do gato: *Ctenocephalides Felis*. Os alérgenos implicados neste cadro atópanse principalmente na saliva da pulga, e son inoculados no paciente cando esta aliméntase. Os animais afectados poden ser tanto caninos como felinos, que habitualmente non foron expostos á picadura da pulga con regularidade.

En cans aparece unha dermatite con picor, con formación de costras e escamas na área dos cadrís e patas de atrás. No abdome adoitan existir lesión tipo pápulas (abultamentos típico das picaduras). O rascado causado pola comezón en casos severos pode orixinar calvas en axilas, inguas, pescozo e orellas. A seborrea (exceso de graxa) e pioderma (infección bacteriana da pel) secundaria son habituais. En gatos aparecen pápulas cos-

trosas na parte dorsal do corpo, estendéndose cara a pescozo e abdome, con alopecia secundaria e pelos rotos. Tamén se pode manifestar como alopecia simétrica ou como complexo granuloma eosinofílico (un granuloma é unha masa máis ou menos esférica de células inmunes que se forma cando o sistema inmunolóxico tenta illar substancias estrañas que foi incapaz de eliminar). Agora grazas os os avances da ciencia temos moitos xeitos de combatir as pulgas. As pastillas con base nos insecticidas da familia das isazolininas xa que as pipetas que se empregaron masivamente ata fai uns poucos anos, parece que en algún caso xa non son tan efectivas. O ideal é que en animais alérxicos e en épocas do ano de maior risco, o ideal é empregar máis de un método insecticida (pastilla, colares e pipetas) xunto con repelentes naturais.

DEPUTACIÓN

A Deputación urxe á Xunta a recuperar a sanidade galega

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a posta en marcha dun plan para recuperar a sanidade Galega. Logo de que a pandemia agravase as deficiencias do sistema sanitario autonómico, que se viñan denunciando no 2019, a institución provincial esixe que se traballe para volver á situación anterior á pandemia como un primeiro paso mínimo, segundo unha moción presentada polo PSdeG no Pleno que foi aprobada co apoio do BNG.

“A Xunta tenta aproveitar a necesidade de loitar contra a pandemia para agochar as deficiencias do sistema sanitario que se viñan denunciando no 2019. E que carece de ideas para volver á situación anterior á pandemia, que sería un primeiro paso mínimo”, denunciou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto. “Seguen enriba da mesa os problemas de Atención Primaria; a perda de especialidades e peches de consultorios no rural; a tempo-

ralidade do persoal, sobre todo dos ATS; o colapso das Urgencias ou a incapacidade para atraer profesionais de especialidades como pediatría”, asegurou Porto”.

García Porto denunciou que as listas de espera en Atención Primaria chegaron ata os 15 días por motivo da pandemia; que a espera media para operarse na área sanitaria de Lugo é de máis de 79 días, a que máis demora acumula de Galicia xunto con Ferrol; ou que para as probas diagnósticas relacionadas coa otorrinolaringoloxía hai que esperar unha media de case un ano -315 días- cando no 2019 estaba en 90. A voceira tamén apuntou que na etapa de Feijóo na Xunta perdéronse preto de 1.100 postos de persoal sanitario só en Atención Primaria, e que xunto coas xubilacións previstas no 2024 – outros 1.500 profesionais- “é preciso facer un esforzo de contratación”. Sinalou Porto os problemas de atención pediátrica que sofren os con-

cellos da provincia, como Abadín, Alfoz, Baralla, Becerreá, Castro de Rei, Castroverde, Corgo, Chantada, Foz, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Ribadeo ou O Valadouro; ou que as reducións de persoal son a norma en moitos municipios do rural.

Por outra banda, a Deputación de Lugo tamén lle reclama á Xunta que cumpra coa súa obriga de conservar o patrimonio cultural de Lugo.

A voceira do grupo socialista lamentou que o investimento da Consellería de Cultura e Educación previsto para o 2021 en Lugo é de 700.000€ para restaurar a igrexa de San Pedro e outros 500.000€ para o claustro da Catedral. En total, 1,2M€ que representan o 0,01% dos 11.563M€ “dos orzamentos récord da Xunta”. García Porto denunciou que no 2018 só se destinaron 10,2M€ ao gasto en Protección e Xestión do Patrimonio Cultural e Artístico na nosa comunidade autónoma, “unha cifra que nos sitúa no furgón de cola”.

Ampliado ata o 15 de xullo o prazo para os Bonos Impulso

A Deputación de Lugo ampliou o prazo, ata o 15 de xullo, para que a veciñanza da provincia poida solicitar os Bonos Impulso. A institución provincial está a repartir 17.000 descontos nominativos de 30€, para compras dun mínimo de 60€, que poden gastarse en calquera comercio, negocio de hostalería e servizos dende a súa recepción e ata o 31 de agosto deste ano.

Preto de 6.500 veciños e veciñas da provincia xa solicitaron -a través da páxina web da Deputación de Lugo, da sede electrónica ou mediante o procedemento habitual, presentando a documentación nas oficinas de Rexistro- os seus descontos para gastar nos establecementos adheridos do seu concello, unha medida que naceu co propósito de xerar actividade económica nos 67 municipios da provincia.

A Deputación fai un reparto equitativo dos bonos seguindo criterios obxectivos, como a poboación, o

número de persoas en situación de desemprego e o número de empresas dadas de alta no IAE. En base a iso, a Deputación establece un mínimo de 20 bonos para os concellos máis pequenos e un máximo de 5.000 para os máis grandes. Cada beneficiario deberá usar o seu Bono nos establecementos adheridos ao concello no que reside, agás que non haxa ningún inscrito.

Os bonos poderanse gastar en todo tipo de actividade comercial, hostaleira e de servizos, agás á compra de bebidas alcohólicas, tabaco e lotarías. Asignaranse por orde de presentación de solicitudes, respectando o número mínimo e máximo establecido de bonos por concello, e fixando nesta primeira fase de asignación un máximo dun bono por persoa. Os beneficiarios recibirán na súa casa, a través de correo postal, o seu Bono Impulso, que poderán utilizar como método de pago nun único establecemento.



Presentación do programa Coñece a túa provincia

Abre o prazo do programa Coñece a túa provincia

Xa está en marcha do programa Coñece a túa provincia coa apertura do prazo para que asociacións e entidades sen ánimo de lucro poidan anotarse e reservar praza nestas viaxes gratuítas que organiza a institución en pequenos grupos e dunha xornada de duración por todo o territorio lucense seguindo diversas rutas. O período de solicitude das 1.242 prazas dispoñibles nesta primeira tempada estará aberto a partir de hoxe xoves e ata o vindeiro 30 de xullo.

Para inscribirse, as asociacións deberán presentar a correspondente solicitude a través da Sede Electrónica da Deputación ou ben no Rexistro Xeral da institución. Toda a información para realizar a solicitude, así

como as características e as condicións para participar nesta iniciativa pode consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de hoxe, 30 de xuño, e na páxina web da Deputación de Lugo, a través da Área de Turismo.

As viaxes desenvolveranse entre a segunda quincena de setembro e o mes de novembro, en días laborables. En todo caso, o Servizo de Turismo da Deputación determinará os días concretos nos que finalmente se realizarán as excursións.

As asociacións poden elixir entre un total de 37 itinerarios polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico de toda a provincia de Lugo.



Presentación das actividades fluviais

A Deputación lanza unha nova edición das Actividades Fluviais

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, presentou o programa de Actividades Fluviais que a institución provincial porá en marcha este verán en 10 concellos. As Actividades Fluviais son totalmente gratuítas e están dirixidas a un público familiar, podendo anotarse maiores de 6 anos de idade no propio lugar da actividade. Haberá actividades acuáticas, como kajak, paddle surf, inchables, e outros xogos nas contornas fluviais.

O presidente explicou que o programa desenvolverase durante o mes de xullo nos municipios de Ribeira de Piquín, Trabada, Alfoz, Vilalba, Begonte, Navia de Suarna, Láncara, Ribas de Sil, Monterroso e Guitiriz.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación de Lugo ofrecemos unha alternativa de ocio ao aire libre moi atractiva para o verán, que contribúe a dinamizar a vida social e a vida económica dos concellos”, detallou o mandatario provincial. O programa, engadiu, tamén será importante para contribuir á recuperación do sector turístico, hostaleiro e do comercio local fronte ao impacto das restricións provocadas pola pandemia, porque todos sabemos que onde hai actividades de lecer, hai consumo, sobre todo no sector servizos. A xente ten ganas de saír, de recuperar a súa vida normal, e dende a prudencia, temos que dar pasos nesa recuperación”.

Volven convocar os premios á hostalaría e o turismo

A Xunta de Goberno aprobou as bases e a convocatoria da segunda edición dos premios Lugo Cambia ao turismo lucense e...E para comer, Lugo á gastronomía lucense, tal e como anunciou a voceira provincial socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto.

“Estes premios son unha medida máis que impulsamos dende a Deputación para apoiar, poñer en valor e visibilizar o traballo e a calidade dos sectores turístico e hostaleiro da nosa provincia, algo especialmente importante nestes momentos porque estes establecementos foron os que sufriron especialmente o impacto das restricións sanitarias pola pandemia”, subliñou a Deputada.

García Porto destacou que “a diferenza do ano pasado e, por petición do propio Consello Provincial de Turismo, nesta edición poden presentarse as candidaturas a título individual ou por unha terceira persoa co consentimento expreso do candidato ou candidata”. A candidatura pode ser presentada por persoas físicas ou xurídicas, institucións e entidades públicas ou privadas, asociacións e colectivos sen ánimo de lucro que teñan repercusión positiva no turismo e na gastronomía.

DEPORTES

EN BREVE

CARREIRA BEGONTE. Begonte anunciou que este ano volverá ter carreira popular, a que sería a quinta edición, trala suspensión o ano pasado pola alerta sanitaria. Nesta ocasión esta cita deportiva terá lugar o 11 de setembro no club fluvial de Begonte. Aínda non se abriu a inscrición nin tampouco se saben todos os detalles, a organización ten convocada xa a data e informará dos diferentes pormenores ao longo do verán.

DVSPORT. Unha vez finalizado o período de renovacións, abriuse a quenda de inscrición para os xogadores que queiran realizar a súa alta como novo membro da familia Lago DVSPORT. Estas novas altas iranse efectuando ata completar os equipos co máximo de prazas ofertadas para cada categoría de fútbol sala feminino e masculino, ademais da escola de porteiros e a academia de tecnificación. O club oferta prazas en todas as categorías, dende bibeión ata xuvenil, é dicir, entre os nados no 2018 e os de 2003. Os interesados en inscribirse deberán poñerse en contacto co club no teléfono 679 371 472 ou no correo lagodvsport@gmail.com.

O pontés Dani Castro representará a España nos Xogos Olímpicos

Finalmente será o seteiro pontés Dani Castro o que participará no Xogos Olímpicos de Tokio na competición individual de tiro con arco. Segundo as normas marcadas para la Federación para decidir esta praza, Daniel Castro é o que mellor rendemento obtivo nas Copas do Mundo polo tanto xa está confirmada co deportista. Esta nova vén dar algo de cor ao mazazo que recibiron hai uns días cando xunto a Miguel Alvaríño e o burgalés Pablo Acha non puideron facerse en na Copa do Mundo de París coa praza como equipo. Miguel Alvaríño caeu eliminado na primeira rolda e xa quedou fóra da carreira. Daniel Castro foi eliminado nos veinticuatroavos de final e Pablo Acha, tras render a un bo nivel na clasificatorias, comezou a competir nos dezaseisavos de final e perdeu o seu primeiro enfrontamento.



Dani Castro, seteiro pontés

No criterio da Federación Española de Tiro con Arco a norma sinala que “no caso de non obter unha praza por equipos en arco recurvo, a praza que ostenta a RFETA ocupará o deportista que conseguise a mellor media, considerando os postos finais nas Copas do Mundo. Sumaranse estes e dividirase entre o número de competicións”.

O Fendetestas prepara o campus de rugby e un encontro internacional



Rapazada das Pontes practicando na zona do lago

O Fendetestas das Pontes terá descanso durante todo o mes para comezar en agosto dúas grandes actividades. Mentres tanto os afeccionados reúnen no lago para practicar este deporte de forma distendida.

Xa en agosto, o lago das Pontes acollerá entre os días 6 e 8 de agosto as series españolas Beach Rugby 5, que reunirán na vila ao máis representativo deste deporte a nivel internacional, con equipos femininos e masculinos de diferentes países. Trátase da primeira edición deste encontro, organizado polo Fendetestas.

A inscrición xa está aberta e terá un custe de 200 euros para equipos nacionais e 300 para estranxeiros compostos nos dous casos de 12 xogadores máis 2 membros do staff. Admitiranse acompañantes a 10 euros por persoa.

A sesión dará comezo o venres cunha festa de benvinda para iniciar a competición propiamente dita o sábado a partir das 9.30 horas e ata as 21.00. A programación completaráse con exhibición de mixed ability rugby, xogos in-

fantís, photocoll e zona Village Partners.

A concentración contará con zona de acampada, bar e restaurante, streaming en directo, música ambiente e Tercer Tempo con concertos.

CAMPUS. Por outra banda, organiza este ano a IV edición do Campus de Rugby, que terá lugar do 23 ao 27 de agosto, cita que non se celebrou o ano pasado por mor da pandemia.

Este Campus de rugby está dirixido aos máis novos de entre 6 e 16 anos, e levarase a cabo no campo artificial O Poboado.

Aínda que os destalles da cita non se fixeron públicos espérase que o contido do campus sexa para aprender as regras desta especialidade, as súas tácticas e as xogadas básicas con integrantes do equipo pontés, que teña iniciación a outros deportes, visitas culturais, e despedirse cun Tercer tempo. As sesións irán das 10:00 ás 14:00 horas. O prazo de inscrición aínda non se abriu pero xa se anunciou que haberá prazas limitadas.

Movemento Vilalba logra 2 ouros e 8 pratas no Mundial de Danza

A escola Movemento de Vilalba pechou o ano cuns excelentes resultados no Mundial de Danza, no que se presentaron 19 coreografías. Un total de 2 ouros, 8 pratas e 4 bronzes, ademais de obter o recoñecemento especial da organización por ser Escola Inclusiva en Danza.

Así, os ouros foron para as coreografías Madre Teirra e Baila como el Dinosaurio. As pratas corresponderon a Baby Shark, Penlas, Muiñeira, Antroido, Monkey Dance, The Lion King, Dinosaurus Ballet e O voo da pomba.

Ademais, Me duele la cara de ser tan guato, We wil rock you, All Day e Good Job quedaron clasificadas na terceira posición. Tamén houbo dous cuartos postos para Lacasitos e La Llorona. Remember Me, Unnestoppable e Don Quijote foron 15, 24 e 26, respectivamente. “A comezos de curso pasaba polos nosos miolos a idea de abandonar a Competición por un ano. A falta de ensaios e o desánimo instaurado pola Pandemia xerou moitas dúbidas sobre o tra-



Un dos grupos de bailarinas galardoadas

ballo que se debería levar a cabo durante este curso. Tras moito tempo batallando pensamos que a ilusión é o máis importante, os resultados nunca foron o fin. Así pois, decidimos reenganchar a Competición coa tranquilidade de que faríamos o que puidéramos sen mirar as puntuacións obtidas. Agora que o Clasificatorio para Mundial pasou, non podemos estar máis orgullosas e orgullosos. Nunca soñamos con vivir

nada igual, nin nun ano “normal”. Non é un soño, a Escola de Movemento nunca obtivo semellantes resultados. Unha vez máis, superámonos a nós mesmas”, din desde a organización.

O 100% das bailarinas e bailaríns da escola xa forman parte do Team Spain 2021 xunto con outros membros de Escolas de Danza de toda España. Vilalba terá unha forte representación na Danza Mundial.



JOSÉ CUBA. O vilalbés e decimosétimo Campión de España de Loita, José Cuba, foi recibido no Concello de Vilalba pola alcaldesa, Elba Veleiro, acompañada de concelleiros e técnicos para felicitar o enorme traballo deste deportista e de todo o seu equipo.

3 ouros e 2 pratas para o Club Violeta no Galego de Ximnasia


As deportistas do Club Violeta acadaron uns gran resultados no Campionato Galego de Ximnasia Rítmica celebrado en Ourense, tanto en individual como en conxuntos.

Así, Tania Gayoso e Paula Rodríguez lograron o título de campioas galegas nas súas respectivas categorías, máster e infantil. Ademais, Ana Montenegro acadou o bronce na alevín. En conxuntos, o de categoría máster do club logrou o título de Campión Galego mentres que o cadete e o alevín fixéronse coa prata.



O conxunto de categoría máster e Tania Gayoso á fronte

Comezan nas Pontes os cursos de verán de vela, piragüismo e tenis



As Pontes contará cunha importante actividade deportiva durante o verán polo que se organizan, ademais de campamentos, diferentes actividades deportivas.

VELA. Segue aberto o prazo de inscrición nos cursos de vela de verán do Club de Vela Fluvial As Pontes, que dende o 28 de xuño se imparten no lago.

Como vén sendo habitual os cursos de vela estarán abertos a nenos a partir de 7 anos e adultos, que poderán aprender a navegar ou mellorar a súa técnica nas diferentes embarcacións que pon a disposición o club. Os cursos volverán desenvolverse no Lago de As Pontes, en quenda a escoller ben de mañá de 10:00 a 14:00 horas; ou ben de tarde de 16:00 a 20:00. Haberá cursos todas as semanas de verán, a primeira sa comezou e a última será do 6 ao 10 de setembro, o que suporá unha duración de 20 horas, repartidas semanalmente de luns a venres.

O importe dos cursos será de 70 euros, é dicir, 54 euros de matrícula e 16 euros de licenza federativa que



inclúe o seguro do alumno. Para aqueles que prolonguen unha semana máis o prezo será de 30 euros. Para máis información e inscricións haberá que escribir un email a club-develafluvialaspontes@gmail.com, ou ben chamar ao 639 608 128, ou pasarse pola caseta do Club de Vela Fluvial As Pontes no Lago das Pontes.

PIRAGÜISMO. O Club Xuvenil de Piragüismo das Pontes organiza un curso de verán no Lago, dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 8 e os 13 anos. O único requisito para inscribirse é saber nadar.

Co fin de manter as medidas sanitarias fronte a covid-19 os grupos serán de máximo 15 prazas. Seguirase a normativa vixente en canto a medidas sanitarias como uso de máscara, distancia de seguridade, etc...) O curso desenvolverase en dúas quendas, de luns a venres. A primeira xa tivo lugar e a segunda será do 12 ao 23 de xullo. Os horarios serán de 12 a 13h e de 13 a 14h. A data límite de inscrición para a segunda será o 10 de xullo. Os que



desexen máis información poden solicitarla no teléfono 675 95 22 87 e no mail xuvenil@gmail.com.

Recoméndase o uso de camiseta e mallas ou bañador de lycra, escafpíns ou chancas para os pés e levar calzado e roupa deportiva para cando non estén na auga, ademais de toalla, biseira e protección solar.

TENIS. Tamén o Club de tenis As Pontes organiza este verán clases de iniciación e perfeccionamento desta práctica deportiva que se celebrarán os meses de xullo e agosto dous días á semana.

Haberá clases en horarios de mañá e tarde e se utilizarán as pistas de tenis da Canle IV en grupos de un máximo de 4 persoas con idades que superen os 8 anos.

Impartiranse dous grupos de clase, por unha banda, facendo 8 horas ao mes e polo outra 15 horas con prezos que oscilan entre os 25 e os 35 euros con desconto do 50% para os socios.

Os interesados en informarse poden facelo no teléfono 627 563 059 ou no correo ctaspontes@gmail.com.

O Castro infantil logra o ascenso á Liga Galega



Os rapaces do CD Castro, festexando o ascenso

O equipo infantil do Castro logrou esta fin de semana o pasaporte á Liga Galega tras superar ao Milagrosa A no último partido da fase de ascenso. Fixo falta chegar á quenda de penaltis para desfacer a igualdade que se mantivo durante todo o encontro.

O duelo, celebrado no Estadio Roca de Vilalba, comezou un gol temperneiro do Castro a través de Xabier. Os vermellos tiñan o dominio do balón ante un Milagrosa que xogaba na procura dos contraataques. Nos minutos finais da primeira metade chegou o empate tras unha xogada de córner na que o árbitro pita penalti.

Despois do intermedio o Castro mantivo a posesión do balón e seguiu intentando chegar a área contraria combinando, pero foi o Milagrosa o que se aproveitou dun mal entendemento dos chairegos para poñer o segundo na súa conta a portería baleira.

No minuto 73, un man a man dun xogador do Castro remata nun penalti que converte Ismael. O empate mantívose ata o final e o ascenso tivo que decidirse nunha quenda de penaltis na que un paradón de Álex foi clave para que o Castro se fixera coa vitoria e a praza na Galega.

Volve a competición de billarda xa como deporte federado



Unha imaxe da competición da última edición

A billarda vén de ser reconecida como deporte, este xogo tradicional deu un paso máis e agora xa exerce como modalidade deportiva federada. Xunto coa chave é parte da recentemente constituída Federación de deportes autóctonos e xógase aplicando o protocolo de seguridade Fisicovid. Máscaras obrigatorias, distancia de seguridade, non compartir material nin comida e hixiene hidroalcolica. Das tres conferencias que xogan ligas regulares, dúas delas retomaron a competición donde, por mor

da pandemia, tiñana aparcada. A conferencia NorLeste de momento sigue agardando dar comezo. O domingo 13 de xuño, tivo lugar a sétima xornada da Liga Atlántica de Billarda, Conferencia NorOeste a carón do Xardín Botánico. Dende A Mariña desplazáronse representantes dos equipos de Troitas Bravas de A Pontenova e de Billardeiros Musicais de Ribadeo para disfrutar xunto cos compañeiros da NorOeste e de Rías Baixas dun espectacular encontro billardeiro.

“Poñeremos en marcha un equipo Genuine, un filial sénior e un feminino”

Juan José Vázquez Carreira vén de ocupar a presidencia do RC Vilalbés

Carreiras dá aos seus 64 anos un paso máis con este cargo na súa historia de amor co Rácing, que comezou cando era un rapaz vestido de verdivermello, equipo ao que estivo vinculado durante todos estes anos.

Como comezou a túa relación co Vilalbés?

Pois como empezan todos os amores, como xogador, primeiro xuvenil e logo no equipo sénior como centro campista, durante 13 anos. Nunca quixen cambiar e nunca xoguei noutro equipo que non fose ese. Despois, cando o deixei estiven outros 12 anos en dúas directivas con dous presidentes distintos.

Como decidiches dar este paso para ocupar a presidencia do club?

Pois foi un pouco un proceso natural. Levaba xa catro anos colaborando con Ruíz como delegado para os rapaces da base así que non supoñía moita novidade. Ademais finalmente continuará o mesmo equipo directivo, agás Ruíz, polo que o proceso é algo máis fácil.

Entón, haberá continuidade no traballo da directiva?

Por suposto, é importante que segan os mesmos para botar unha man ao principio. Dende que eu fun directivo, alá por finais dos

80 e principios dos 90, estamos a falar dun Vilalbés diferente. Cambiou moito porque agora ten unha estrutura moito máis grande con todos os equipos do fútbol base e antes só tiñamos xuvenil e sénior. De feito, a directiva coa que entrei eu foi a que puxo en marcha o fútbol base, que non existía. Ademais, Ruíz tamén comprometeuse a colaborar xa que hai moitas cousas coas que teño que poñerme ao corrente.

Con qué proxectos empezaredes?

Hai moitas cousas, moitos proxectos, a liña está clara, será continuísta pero o gran problema coma sempre son os cartos. Aínda que o primeiro equipo é autosuficiente economicamente, o Rácing non ten capacidade económica para soportar as categorías de base. Vai depender moito os equipos que haxa das subvencións que nos concedan a Deputación e o Concello. Pero o que si temos confirmado xa para poñer en marcha é un equipo Genuine, que xa Ruíz tiña todo preparado pero que o covid parou a súa estrea. Formárase con xogadores con discapacidade intelectual, aproveitando que temos aquí o Centro Ocupacional. Eso xa está decidido e en canto as condicións nolo permitan irá para diante. Para nós é un orgullo, xa que en Galicia só hai tres equipos Genuine porque lles obriga a Liga, o Deportivo, o Lugo e o

Celta, pero de afeccionados non hai ningún, seremos os primeiros. Non sabemos si nos admitirán na Liga, pero si faremos amistosos ou excursións, ou outras actividades.

E outros proxectos?

Esta temporada vai ser piloto, porque non temos moitas referencias destas dúas tempadas pasadas. Pero si os cartos nos dan, a idea é facer un equipo filial para dar saída aos rapaces que rematan a etapa xuvenil, e non poden acceder ao primeiro equipo. A verdade é que non é fácil para eles, de feito, nestes últimos oitos anos, só un xogador chegou a esta meta, que é Veres porque é un salto moi grande. Pero todo son dificultades porque para facer isto atopamos o problema das instalacións. O estadio da Madalena non reúne as medidas e non se pode competir nel e o Roca está nunhas condicións deplorables, o que nos leva de volta ao mesmo sitio, os cartos. Tamén trataremos de facer un equipo feminino, é un vacío que temos en Vilalba, gustaríanos levalo a cabo pero temos os mesmos condicionantes, as instalacións, os cartos... pero veremos o que podemos facer.

Como é a relación do Rácing cos veciños de Vilalba?

Pois necesitamos que o pobo se implique un pouco máis, a sociedade vilalbesa está un poco



Juan José Vázquez Carreiras

deixada de lado, queremos tratar de facer varios actos e ver si así se mostran un pouco receptivos e se prestan a colaborar.

É difícil para o Rácing manter toda a súa estrutura nunha localidade do tamaño de Vilalba?

É difícil. Non deixa de ser un logro para unha localidade de 15.000 habitantes como Vilalba ter un equipo xuvenil en Liga Nacional. De feito, en Liga Nacional en Terceira só hai tres equipos en Galicia pero é difícil reunir unha serie de xogadores bos porque cando tes algún xogador con posibilidades xa cho levan. E despois o salto de xuvenil a Terceira é moi grande. Incluso equipos como o Deportivo pasan moi poucos xogadores ao filial de Terceira.

A gran sorte que temos é que o Rácing a nivel galego está moi ben catalogado. Todas as directivas que foron pasando foron bastante serias no trato co xogador. A día de hoxe hai equipos de Terceira División que deben 3 e 4 meses de salario. Nós, pola contra, temos todo pagado e eso é algo que nos axuda para ter algún xogador que doutra maneira no poderíamos ter. Somos dos que menos paga-

mos de toda a categoría pero a seriedade e o bo ambiente axuda. De feito temos xogadores de fóra que levan a 5, 6 e ata 9 anos con nós. Esta é realmente a gran baza que temos para traer xogadores.

E qué necesita o Rácing?

O que necesitamos é que a xente comprenda que co fútbol base fai unha función social. Deportivamente non saca beneficio e economicamente perde cartos. Polo tanto, se é unha función social o máis normal é que as institucións teñan que botar unha man. O Rácing fai un esforzo tremendo aportando cartos para a base e despois temos moita xente que non cobra nada e que axuda a soste os 15 equipos que temos. Nós non podemos facer milagres, temos que ter o apoio das administracións porque o que non podemos é poñer ao equipo nunha situación que sexa de risco para o seu futuro. Necesitamos o Roca pero necesitamos que as institucións nos botean unha man aí porque como o campo é privado non temos dereito a subvencións. Ese campo só é para o base e cómenos moitísimos recursos.

O CD As Pontes descende a Preferente e Chollas deixa o club

O CD As Pontes non puido co reto deste ano, que queda fóra da Terceira División o ano pasado ao non poder superar a fase de permanencia da categoría.

Deste xeito o equipo coruñés volve a Preferente, categoría que deixara no 2019 e que conservou a pasada tempada ao eliminar os descensos. O conxunto das Pontes non puido superar un ano complicado no que cambiou de adestrador a media tempada para intentar paliar os malos resultados que se estaban a dar. Durante este ano o CD As Pontes non atopou a senda da vitoria e caeu derrotado na metade dos partidos que xogou sumando 7 empates e catro vitorias que só lle valeron para ser décimo na competición regular. Dentro do grupo pola permanencia, o conxunto rematou en penúltimo lugar e moi lonxe da salvación. Con esta mala nova tamén se con-



Juan José Vázquez Carreiras

firmou a baixa no club de Manuel Losada, Chollas, como adestrador da primeira plantilla.

“Marcha un formidable técnico que, pese a facerse cargo do equipo nunha situación complicada e contando con menos tempo de reacción do que puidera ter desexado, amosou unha gran profesionalidade que non podemos deixar de agradecerlle”, din no club.

O Vilalbés renova a Simón Lamas e aos xogadores principais

O Rácing Club Vilalbés rematou nunha cómoda cuarta posición a fase regular da competición en Terceira División e accedeu a disputar os play off polo ascenso a 2ª B. Por só un punto non entrou no grupo que loito directamente polo título e tamén un punto foi o que o separou da ansiada loita final polo cambio de categoría. Pecha así unha gran tempada, ao término da cal comunicou a renovación por unha tempada máis do adestrador do máximo equipo, Simón Lamas, que compite na Terceira División.

Con esta renovación, Lamas, cumprirá a cuarta tempada defendendo as cores verdivermellas, polo que pasa a ser o adestrados de máis lonxevidade no club, malia ser un dos máis mozos. “Agardamos que a tempada 21/22 nos permita volver a todos á



Simón Lamas, adestrador do Vilalbés

ansiada normalidade e que poidamos desfrutar sen incidencias”, din dende a directiva.

Así mesmo, tamén renovaron Rumbo, o porteiro; os tres capitáns, López, Make e Vérez e subiu ao primeiro equipo Rares. Tamén renovaron Buyo, os irmáns Varela, Ángel e

Cuadrado. Ficharon polo momento a tres xogadores, o defensa Jorge Tomé que vén do Arzúa, e dous dianteiros, Vela, que o ano pasado estivo en Bergantiños, e Otero, que vén do Paiosaco. Danse de baixa Muíña, que deixa a competición de alto nivel; Javier Pita, Santi Gegrunde e Javi Sandá.

O Castro FSF logra dous títulos de campións galegos de base



Xogadoras e adestradores dos conxuntos femininos, posando coas tres copas

As xogadoras da base do Castro FSF firmaron unha fin de semana para o recordo coa consecución de dous campionatos galegos e un subcampeonato. Os conxuntos femininos de fútbol sala de Castro fixeron un gran traballo durante todo o ano para rematar poñendo a tres dos catro equipos da base na final do partido que pelexaba polo campionato galego. Só o conxunto infantil quedou polo camiño. Esta fin de semana xogouse en Noia a gran final logrando o título de campioas para as xuvenís e as cadetes. As primeiras alzábanse coa copa tras marcar 4 goles a 1

ante o Poio Pescamar e para rematar a xornada as cadetes impoñíanse ao Amarelle por 3 a 7 facéndose tamén co primeiro posto. As alevíns tiveron que conformarse co subcampeonato posto tras perder por 3-1 ante o Amarelle. “Queremos dar as grazas a todas as xogadoras, pais e corpo técnico, grazas por nesta temporada tan atípica seguir ao noso lado, con un compromiso de 10 e máis ganas que nunca, sen vos ningún de estos títulos sería posible, sodes parte fundamental de ese club”, dixeron dende o club.

PORTAS ABERTAS. O FSF Castro celebrarán en próximas datas unha xornada de portas abertas á que invita a participar a todos os rapaces e rapazas da contorna. O obxectivo é dar a coñecer o club e desfrutar dunha tarde con actividades. Sobre a programación aínda non avanzaron moito pero sábese que haberá actividades deportivas, unha merenda e non se descarta unha visita vinculada á práctica deportiva. Os interesados en asistir poden facelo no teléfono 647 803 507.

Aprazada a VI Ruta Btteiros Cova da Serpe

O club Btteiros Cova da Serpe de Guitiriz anunciou a cancelación de novo da VI Ruta BTT que se ía celebrar como é tradicional no mes de setembro. O obxectivo desta proba é realizar un percorrido polos camiños e montes do Concello, apta para todos os niveis, sen afán competitivo e coa finalidade de chegar ata os puntos míticos da contorna como a Cova da Serpe ou o pantano de San Xoán. A organización decidiu suspen-

der esta proba porque “aínda que afortunadamente a situación mellorou e os eventos deportivos son seguros, sempre temos o afán de facer da Ruta Btteiros Cova da Serpe un día de festa do BT, e, de celebralo este ano, quedaríanos un evento algo descafeinado”. “Por todo isto, esperamos reencontrarnos no 2022, que veñades a disfrutar dos cortafuegos e sendeiros de Guitiriz e saborear os avituallamentos”, conclúen.



MARÍA CARBALLIDO. No Campeonato de España sub 23 disputado en Nerja, María Carballido tivo unha gran actuación, xa que se lograba meter na final dos 800 metros lisos, onde ocuparía a oitava posición cun rexistro de 2,18 segundos tras clasificarse cun segundo posto con 2,14.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



COLABORACIÓN

Loubadas excepcións

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Estamos contemplando nos últimos meses, ante a nova normativa sobre o eucalipto, como se incrementa a plantación desta especie por parte dos propietarios ante os posibles atrancos que podan existir nun futuro inmediato. Como consecuencia, procédese á corta de carballos e castiñeiros, é dicir, frondosas autóctonas, para seren substituídas por árbores de crecemento rápido, na procura dun beneficio a curto prazo. Non vaia ser que dentro dun ano xa non se podan plantar, así

que cómpre non agardar máis. É unha decisión lexítima, por suposto, pero cinguida única e exclusivamente a unha doada rendabilidade económica.

Era o que faltaba para seguir trastocando o medio ambiente galego. Por riba de mel, filloas. Así, paseño, observamos como as fragas desaparecen do noso campo, as agras e pasteiros foron convertíndose en piñeirais e eucaliptais, esnaquizando o bosque propio sen que ninguén o repare. Nin siquera se libran lugares emblemáticos, que deberían ser de excepcional protección, como son os entornos de Penas de Rodas, en Gaioso-Outeiro de Rei- ou o Pedregal de Irimia, un dos berces do río principal, o Pai Miño. E que opinar dese proxecto no que

se pretende encher de eucaliptos unhas sete centas hectáreas no termo municipal das Pontes, a carón do lago artificial creado na antiga mina. Lamentable.

Un é testemuña na contorna máis próxima desas ansias totalmente desbocadas e como resulta a ollos da inmensa maioría unha auténtica rara avis quen opta por outras alternativas.

Non é cuestión de buscar culpables. Os intereses dunha potente industria maderreira por unha parte e os dos donos das fincas polo outra, engadido á escasa conciencia ecolóxica, fan que sexa moi difícil variar a tendencia actual. E non falemos doutras variables, como a perda de poboación, o avellentamento e demáis, que tamén inci-

den nesta realidade.

Pero fronte a esta negatividade, algunhas iniciativas que se levan a cabo merecen un recoñecido aplauso. E un exemplo das mesmas témolo no bosque urbano promovido polo concello de Lugo nas proximidades do polígono empresarial As Gándaras. Son máis de vinte hectáreas nas que se plantaron quince mil árbores, entre as que destacan carballos, castiñeiros, cerdeiras e freixos. Iniciativa esta desenvolvida ó abeiro do proxecto Life Lugo+Biodinámico, na cal participan distintas administracións públicas, ademáis da Universidade. A creación dunha área desas características no entorno dunha cidade, que contribuirá a mellorar o aire que se respira e combater a

polución, suporá dispor dun lugar no que a veciñanza poda disfrutar, sentíndose orgullosa de ter un espazo que lle pertence. E tamén, na mente dos promotores albíscase un futuro, non tan próximo como no asunto dos eucaliptos, onde se poderá aproveitar a madeira das aínda moi noviñas árbores.

Son excepcións, pero polo mesmo cómpre que sexan loubadas e apoiadas, agardando que noutros lugares de Galicia tamén se leven a cabo. Temos outros modelos no País, como o bosque que se plantou nas costas da Cidade da Cultura en Santiago, ou as contornas dos campus universitarios galegos, onde priman as frondosas. Son insuficientes, pero, vendo o panorama ...

O recuncho do Marcelino

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

En xuño de 1977 o Chavito e os seus irmáns decidiron ampliar a actividade comercial da Casa dos Marios coa inauguración dun gran almacén na rúa Xardíns, situado no mesmo emprazamento onde anteriormente estivera o vello ultramarinos do meu avó Mario Xosé. Tratábase de concentrar no mesmo lugar toda a mercadería espallada por garaxes alugados en Vilalba, que manterían posteriormente, mais co único uso de gardar os camións e furgonetas que utilizaban acotío para percorrer os diferentes roteiros de distribución polas provincias de Lugo e da Coruña. O responsable de organización era o meu tío Cándido, considerado por todos o máximo estratega da familia e que nos deixaría prematuramente un ano despois.

Os tres irmáns -Mario, Cándido e Ramón- apostaron por impulsar o negocio, inspirados polo crecemento que estaban a ter Manolo e Roberto Tojeiro, os seus competidores das Pontes, cos que mantiñan unha cordial amizade e coincidían no mesmo planeamento vital, o de situar á familia e ao traballo como principais prioridades. Con esta idea, o Chavito ingresou no Colexio Oficial de Axentes Comerciais de

Lugo o 30 de xullo de 1970, un día despois de chegar eu a este mundo. O feito de formar parte da entidade permitiulle acceder aos numerosos cursos de formación que alí se impartían e tamén asistir aos eventos promovidos pola Cámara de Comercio provincial, que lle axudaron a coñecer a moitas persoas influentes do momento, e que no futuro serían clientes ou provedores da nosa empresa familiar.

O crecemento pasaba inevitablemente polo reforzo do persoal e, con esta finalidade, na primavera de 1977 lanzaron varias ofertas de traballo, especialmente orientadas a crear un equipo administrativo sólido e de confianza, ademais de contratar a máis operarios e condutores. Nas oficinas que se abriron na entreplanta do almacén comezaron a traballar Emilio Guizán, Esther Álvarez e Pedro Martínez (Pardeiro), e na parte de abaixo montouse o despacho de xerencia -que compartían Cándido e o meu pai- e tamén a zona de atención ao público, que máis adiante sería coñecida por todos como "o recuncho do Marcelino".

Nado en Vilalba o 8 de outubro de 1959, Marcelino Criado Currás formaba parte dunha familia numerosa moi coñecida e respectada na capital chairega. Orfo de pai, o Generoso da droguería, comezou na Casa dos Marios ao cumprir a maioría de idade, cando decidiu que non quería estudar máis. Foi daquela



cando a súa nai lle dixo que o outro camiño era "aprender un oficio" e animouno a que se presentase a varias das ofertas laborais que por aquela época xurdían de cando en vez en Vilalba, un pobo que se atopaba en aparentes ventos de expansión. Un día de finais de setembro entrevistouse co meu pai e, ao seguinte, comezou o seu quefacer no almacén como aprendiz.

Era un rapaz ledo, de amplo sorriso. Alardeaba coa brincadeira de que o bautizaran como Marcelino en homenaxe ao futbolista galego do Real Zaragoza, que formara parte da temible dianteira coñecida como "os cinco magníficos", e que pasara do Numancia de Ares ao Galicia de Mugardos, e de aí saltara ao Racing Club de Ferrol, en Segunda División, con tan só dezoito anos. Posteriormente, chegaría a xogar dez tempadas no conxunto maño, entre 1958 e 1969.

O noso Marcelino era un ser social por natureza, tiña un especial don de xentes. Facíase querer coas súas

chanzas e co seu carácter retranqueiro. Foi tal o grao de confianza depositado nel por parte do Chavito, que, co transcorrer do tempo, case pasou a ser un membro máis da familia. Na miña primeira adolescencia eu tiña o costume de achegarme cada atardecer polo almacén, pois gustaba de ver a actividade que alí se desenvolvía, coa descarga de camións, o lanzamento de ofertas e a preparación de pedidos para confeccionar os roteiros semanais de distribución. Lembro un día no que me agasallou cun pequeno coche de Guisval (unha colección que se fixera moi popular na época co rítmico slogan musical "miniaturas en metal"), que gardaba como lembranza do seu pai. Aquel xesto conmoveume e conservei sempre o xoguete coma se fose un tesouro. Marce ensinoume a tallar a madeira con navalla e a facer pulseiras de coiro. A través del coñecín o reggae de Marley e a poesía de Dylan. E compartiamos a nosa querenza polos reloxos dixi-

tais Casio. Cada mañá presentábase no traballo montado nunha bicicleta "de carreiras" de cor laranxa, que me deixaba para pasear mentres el ficaba na oficina, e unha vez por semana íamos xuntos tomar un refrixerio, normalmente no bar Insua ou no Torrelavega. Fumador empedernido, alternaba Ducados con Winston.

Tras unha breve paréntese para facer o servizo militar, Marcelino volveu á Casa dos Marios e permaneceu connosco até 1989, cando eu xa estaba a estudar xornalismo en Madrid. Nesas datas comunicoulle ao meu pai o seu desexo de marchar coa súa parella a vivir en Barcelona, onde aínda residía unha importante colonia de chairegos, para emprender unha vida xuntos e forxar un futuro mellor en Catalunya. De todos os xeitos, sempre mantivemos o contacto e, cada vez que volvía a Vilalba, pasaba pola tenda para saudar ao Chavito e tomar unha cervexa xuntos. Deixounos de súpeto un día de San Ramón, cando regresaba para celebrar as festas en familia. Ironías do destino, nas emisoras de Barcelona soaba a letra de Loquillo: "Mi amigo murió en un accidente de circulación, como un triunfador...". Contaba trinta e tres anos. O meu pai quería coma un fillo, nunca o esqueceu; eu tampouco, pois foi o irmán maior que nunca tiven. E cada 31 de agosto adoitaba pedir un brinde por Marce, "alí onde esteas".

O suplicio de viaxar en ALSA

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

A empresa ALSA (Automóviles de Luarca S.A.), que agora monopoliza os autobuses regulares de viaxeiros de todo Estado Español, solicita na súa páxina web que nos unamos a eles e ao seu proxecto "#HastaDondeTúQuieras", porque seica emprenderon unha viaxe que os levará a re-deseñar o futuro do transporte. Para logralo seica contan con grandes profesionais e que andan na busca dos mellores talentos.

Non serei eu quen dubide das súas intencións, non de procurar mellorar as condicións dos viaxeiros, senón polo seu afán de conseguir un negocio mais rendíbel, aínda que penso que boa falta lles fai buscar outros "grandes talentos", xa que os que ten agora para deseñar as rutas e enlazar os horarios con outras, penso que son un pouco limitados, a non ser que o fagan a propósito para cabrear ao persoal.

Digo isto, porque como usuario habitual dos seus servizos desde fai moitos anos, podo afirmar que coñezo perfectamente os seus intereses, contrarios as mais das veces aos dos viaxeiros e viaxeiras que depositamos neles a nosa confianza e o tempo que desperdiciamos nas súas rocambolescas e interminables viaxes.

No outono de 1969 emigrei a Euskal Herria, e daquela había varios autobuses que facían ese recorrido dun xeito irregular. Entre eles estaban "Autobuses Villar", que foi o que me levou por primeira vez por aquelas estradas estreitas e con curvas, que sorteaban as montañas mindonienses, asturianas e cántabras durante unhas doce horas que botabamos na viaxe. Tamén facía este recorrido a empresa "Zapateiro" de Xermade, que seica tardaba algo mais e as veces, cando ía por Castela, tiña que facer noite en Burgos. Pero logo, cando ALSA mercou a "Empresa Ribadeo" e outras mais pequenas, para facerse co monopolio de viaxeiros a nivel estatal, denunciounos e tiveron que deixar de facer viaxes e os seus usuarios



quedamos nas mans do novo monopolio.

Todo ía mais ou menos regular e á boa fe e botabamos unhas once horas e cuarto na viaxe, parando en case todos os pobos asturianos e cántabros, pero chegou a crise e, nesta pandemia que aínda nos condiciona, aproveitaron para reducir os servizos e aumentar as ganancias: Pecharon os servizos de venta de billetes e suprimiron liñas, mandando ao ERTE ás traballadoras e traballadores excedentes para que lles pague papá Estado cos nosos impostos, mentres a empresa satura ao máximo as prazas dos autobuses, sen importarlles o perigo de contaxio nin respectar a distancia que aconsella o Goberno para outros casos e para os que eles teñen bula. Así o que goza de boa saúde é o negocio á conta da dos pasaxeiros e pasaxeiras.

Agardo que algún deses cerebros que busca deseñe mellor os recorridos das diferentes liñas, facendo coincidir os horarios de chegada coa saída da seguinte cando temos que facer transbordo, sen ter que agardar media hora en Burgos, tres horas e media en León e unha e media mais en Ponferrada, como tivemos que facer nos tres transbordos que fixemos entre Bilbao e Guitiriz o pasado día 8 de xuño, empeñando inutilmente mais de quince horas e pico da nosa vida nunha viaxe cuxo traxecto mais curto dista entre si menos de cincocentos quilómetros, superando amplamente o tempo que lles levaba a Autobuses Villar e ao Zapateiro de Xermade a finais dos anos 60, cando aínda non había autoestradas.

Outra das opcións que nos ofrece esta empresa é ir por Oviedo, facendo noite alí, (como con Zapateiro) e coller outro autobús ao día seguinte cara á Coruña, porque

ese día, cando chega o autobús de Bilbao, xa non hai outro para poder empalmar e seguir a viaxe, co que nos levaría arredor de 24 horas chegar ao noso destino.

Sen embargo, debido ao xacobino centralismo españolista o eixo atlántico tamén pasa por Madrid e ALSA procura que os emigrantes galegos no Estado teñamos que pasar pola capital do reino para que vexamos a grandeza do "madroneo". Neste caso si que se esmeraron mais eses cerebros, pois collendo un autobús de Bilbao a Madrid e de alí outro á Coruña, chegamos moito antes que facéndoa pola costa cántabra, converténdose a ruta madrileña na mais rápida para chegar a Galiza desde Bilbao. Pero aínda así, segundo os horarios da páxina web, tardaríamos unhas doce horas, aproximadamente, pero encarecéndose o billete e aumentando os beneficios da empresa.


Así que, sen dúbida algunha, ALSA fainos retroceder no espazo e no tempo a aqueles anos nos que non había vías de alta capacidade e con aqueles vellos autobuses que sorteaban as curvas daquelas estradas con moitas fochancas, pero que aínda así eran mais rápidos e chegabamos antes ao noso destino que con estas autoestradas e estes autobuses con wifi e outros medios tecnolóxicos actuais e ningún nos restitúe o tempo de vida que nos rouba esa compañía innecesariamente pola súa mala planificación, nin nos quita o suplicio, o calvario e o cabreo que supón viaxar nestas pésimas condicións. De todos os xeitos quero agradecer o traballo, a profesionalidade e a atención das e dos empregados, que as veces teñen que excederse nas súas funcións para solucionar os problemas que a empresa lles crea a eles e ás sufridas viaxeiras e viaxeiros por falta de persoal.

a elección de...




Agustín Baamonde
Voceiro do Partido Popular e ex alcalde do Concello de Vilalba

un libro




La Iliada de Homero

unha película




El maquinista de la General

un lugar para visitar



Venecia

unha comida



Cocido na casa de aldea na festa do patrón

un disco




Concerto de París de 1987 de Camarón

un personaxe histórico



Goebbels

unha afección



Ler e facer exercicio

unha bebida



Viño tinto

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS



HORARIO



San Roque

Lunes a viernes
8.00 a 14.30
17.00 a 21.00

Sábados/domingo feira
08.00 a 14.30

982 510 062

Novo Cazón

Lunes a viernes
9.00 a 14.00
15.30 a 20.30

Sábado
09.00 a 14.00

620 417 383

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVIDOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A historia rexorde no Castro de Saa

O Castro de Saa comezou a sexta campaña das escavacións con sorpresa e abrindo novas liñas de investigación. Nesta sexta sesión os traballos consisten na limpeza, escavación e consolidación das estruturas, todo elo novamente financiado integramente polo Concello da Pastoriza.

Os obxectivos desta campaña consisten en escavar cen metros cadrados máis en dirección norte, que supón a continuación das dúas campañas anteriores, levantando en dous sectores.

Un destes é a muralla, onde se continúa traballando descubriendo o paramento interior e a parte superior para a súa consolidación.

O outro sector no que se traballa é en seguir descubriendo a estrutura da vivenda, que estaba parcialmente rematada xa de escavar en sesións anteriores e que descubriu dúas habitacións e un vestíbulo.

Agora mesmo están na terceira semana de escavación e os resultados son bastante bos, como subliña o director da escavación, Emilio Ramil, "tanto dende o punto de vista da conservación da estrutura doméstica, como da propia muralla". A sorpresa foi que practicamente ao inicio da escavación, cando retiraban o derrube da muralla, atoparon un machadiño de bronce de talón e dous aneis que a tipoloxía coincide cunha aixola, é dicir, unha ferramenta que usaban para traballar a madeira.

Os expertos dataron este achado no bronce final, entre o 1.200 e 800 antes de Cristo, antes da Idade do Ferro, polo que o sitúan anterior ao propio castro, posiblemente de 600 anos antes.



Unha imaxe dos técnicos traballando no castro, cunha vista aérea á dereita



"O que pasa con este material de bronce, noutros casos ten saído algún noutra escavación similar e logo aparece en depósitos ocasio-

Tras tres semanas de traballos, os arqueólogos atoparon un machado de bronce máis antigo que o propio castro e tamén destaparon dúas estancias circulares

nalmente ou en achados casuais, dinos que non se corresponde coa cronoloxía do castro. Este tipo de material simplemente conservouse e reutilizouse. É algo como o que facemos hoxe en día, que o mantemos como recordo dun material antigo", explica Ramil. O que si ten é pegadas de uso, e que foi

utilizado realmente para traballar a madeira.

Pero non é este o único achado ata o de agora, xa que seguen a atopar restos de todo tipo de cerámica, tanto da época castrexa como da galaico romana, así como outro material de construción como clavos de ferro, algún bronce (parte de fígula e algunha lámina) e logo muíños de mao. O ano pasado saíran 5 ou 6 muíños, xa que traballaron máis ben na zona da cociña, onde había unha lareira e varios postos de lume.

Pero día a día seguen aparecendo pequenas xoias da historia. Ademais da recuperación completa da estrutura de tres habitacións, están a desvelar a existencia de dúas construcións novas, que semellan circulares, posiblemente da primeira fase de ocupación do castro, ou sexa, de época totalmente castrexa. Unha delas, moi próxima á muralla, está rota pola posterior edificación da vivenda galaico romana.

A segunda destas vivendas é oval, tamén que se corresponde coa primeira etapa de ocupación. Aínda

que todo está en proceso de investigación, como explica Emilio Ramil, xa que teñen por diante dúas semanas para seguir ampliando os coñecementos.

Tras estes traballos as conclusións e aportacións á historia son moitas xa que se trata dun castro moi ben conservado e en cada unha das escavacións se foron cumprindo os obxectivos previstos "aínda que aparecen novidades como a

do machado, pero o resto se vai correspondendo coas estimacións previas", subliña Ramil.

Pero ademais do machado, nesta sexta escavación destaca a aparición das estruturas circulares como unha gran aportación á investigación. "É a primeira vez que saen estruturas circulares, castrexas e iso nos está falando a histórica do castro e as dúas épocas que coexisten", conclúe.



Dous dos achados nesta sexta escavación, o machado á dereita

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05